CARTA ENCÍCLICA

# FRATELLI TUTTI

DO SANTO PADRE FRANCISCO

SOBRE A FRATERNIDADE E A AMIZADE SOCIAL

1.*«Fratelli tutti»*, [1] escribía san Francisco de Asís para dirixirse a todos os irmáns e as irmás, e propoñerlles unha forma de vida con sabor a Evanxeo. Deses consellos quero salientar un no que invita a un amor que vai alén das barreiras da xeografía e do espazo. Alí declara feliz a quen ama o outro «tanto cando está lonxe del, coma cando está a carón del»[2]. Con estas poucas e sinxelas palabras expresou o esencial dunha fraternidade aberta, que permite recoñecer, valorar e amar toda persoa alén da proximidade física, alén do lugar do mundo onde naceu ou onde habita.

2. Este Santo do amor fraterno, da sinxeleza e da alegría, que me inspirou a escribir a encíclica *Laudato si'*, motívame unha vez máis para dedicar esta nova encíclica á fraternidade e á amizade social. Porque san Francisco, que se sentía irmán do sol, do mar e do vento, sabíase aínda máis unido aos que eran da súa propia carne. Sementou paz por todas partes e camiñou a carón dos pobres, dos abandonados, dos doentes, dos descartados, dos últimos.

**Sen fronteiras**

3. Hai un episodio da súa vida que nos amosa o seu corazón sen estremas, capaz de ir alén das distancias debidas á orixe, á nacionalidade, á cor ou á relixión. É a súa visita ao Sultán Malik-o-Kamil, en Exipto, que lle supuxo un grande esforzo, debido á súa pobreza, aos poucos recursos que posuía, á distancia e mais ás diferenzas de idioma, cultura e relixión. Tal viaxe, naquel momento histórico marcado polas cruzadas, demostraba aínda máis a grandeza do amor que quería vivir, desexoso de abrazar a todos. A fidelidade ao seu Señor era proporcional ao seu amor polos irmáns e as irmás. Sen ignorar as dificultades e perigos, san Francisco foi ao encontro do Sultán coa mesma actitude que esixía ao seus discípulos: que, sen negaren a súa identidade, achándose «entre sarracenos e outros infieis [...], non fagan lideiras nin disputas, senón que estean suxeitos a toda humana criatura por amor de Deus»[3]. Naquel contexto era unha petición extraordinaria. Impresiónanos como, hai oitocentos anos, Francisco recomendaba evitar toda forma de agresión ou contenda e ata vivir unha humilde e fraterna "submisión", mesmo nas relacións cos que non compartían a súa fe.

4. El non facía a guerra dialéctica impoñendo doutrinas, senón que comunicaba o amor de Deus. Comprendera que «Deus é amor, e quen permanece no amor permanece en Deus» (1 Xn 4,16). Deste xeito foi un pai fecundo que espertou o soño dunha sociedade fraterna, porque «só o home que acepta achegarse ás outras persoas no seu movemento propio, non para os reter no seu, senón para axudalas a seren máis elas mesmas, faise realmente pai»[4].Naquel mundo inzado de torres de vixía e de murallas protectoras, as cidades vivían guerras sanguentas entre familias poderosas, mentres crecían as zonas miserábeis das periferias excluídas. Alí Francisco acolleu en si a verdadeira paz, liberouse de todo desexo de dominio sobre os demais, fíxose un dos últimos e buscou vivir en harmonía con todos. A el se debe a motivación destas páxinas.

5. As cuestións relacionadas coa fraternidade e a amizade social estiveron sempre entre as miñas preocupacións. Nos últimos anos referinme a elas moitas veces e en diversos lugares. Nesta encíclica quixen recoller moitas desas intervencións situándoas nun contexto máis amplo de reflexión. Ademais, se na redacción da *Laudato si'* tiven unha fonte de inspiración no meu irmán Bartolomeu, o Patriarca ortodoxo que propuxo con moita forza o coidado da creación, neste caso sentinme especialmente estimulado polo Gran Imán Ahmad Al-Tayyeb, con quen me encontrei en Abu Dabi para recordar que Deus «creou todos os seres humanos iguais nos dereitos, nos deberes e na dignidade, e chamounos a convivir coma irmáns entre eles»[5]. Non se tratou dun mero acto diplomático, senón dunha

reflexión cumprida no diálogo e dun labor conxunto. Esta encíclica recolle e desenvolve grandes temas expostos naquel documento que asinamos xuntos. E tamén acollín aquí, coa miña propia linguaxe, numerosas cartas e documentos con reflexións que recibín de moitas persoas e grupos de todo o mundo.

6. As páxinas que seguen, non pretenden resumir a doutrina sobre o amor fraterno, senón que se centran na súa dimensión universal, na súa apertura a todos. Entrego esta encíclica social como unha humilde contribución á reflexión para que, fronte aos diversos modos actuais de eliminar ou de ignorar aos outros,
sexamos quen de reaccionar cun novo soño de fraternidade e de amizade social que non se limite ás palabras. Aínda que a escribín desde as miñas conviccións cristiás, que me animan e nutren, procurei facelo de tal xeito que a reflexión se abra ao diálogo con todas as persoas de boa vontade.

7. Xusto cando estaba redactando esta carta, irrompeu de xeito inesperado a pandemia da Covid-19, que puxo á luz as nosas falsas seguridades. Para alén das varias respostas que deron os distintos países, fíxose evidente a incapacidade de actuaren conxuntamente. Malia estaren hiperconectados, verificouse unha fragmentación que fixo máis difícil resolver os problemas que nos atinxen a todos. Se alguén pensa que só se trataba de facer funcionar mellor o que xa faciamos, ou que a única mensaxe é que debemos mellorar os sistemas e as regras xa existentes, está negando a realidade.

8. Desexo que nesta época que nos toca vivir, recoñecéndomos a dignidade de toda persoa humana, poidamos facer renacer entre todos unha aspiración mundial á fraternidade. Entre todos: «Velaí un fermoso segredo para soñar e converter a nosa vida nunha fermosa aventura. Ninguén pode afrontar a vida illadamente. [...] Necesítase unha comunidade que nos sosteña, que nos axude e na que nos axudemos mutuamente a mirar para adiante. Que importante é soñar xuntos! [...] Estando sos, hai o risco de ter miraxes, nas que ves o que non hai; os soños constrúense conxuntamente»[6]. Soñemos como unha única humanidade, como camiñantes feitos da mesma carne humana, como fillos desta mesma terra que nos acubilla a todos, cada un coa riqueza da súa fe ou das súas conviccións, cada un coa propia voz, todos irmáns!

## Capítulo primeiro

## AS SOMBRAS DUN MUNDO PECHADO

9. Sen a pretensión de realizar unha análise exhaustiva nin de tomar en consideración todos os aspectos da realidade que vivimos, propoño soamente prestar atención a algunhas tendencias do mundo actual que
obstaculizan o desenvolvemento da fraternidade universal.

### Soños que rompen en anacos

10. Durante decenios parecía que o mundo aprendera de tantas guerras e fracasos e a pouco e pouco dirixíase a diversas formas de integración. Por exemplo, desenvolveuse o soño dunha Europa unida, capaz de recoñecer raíces comúns e de se alegrar pola diversidade que a habita. Lembremos «a firme convicción dos Pais fundadores da Unión Europea, que desexaban un futuro baseado na capacidade de traballar xuntos para superar as divisións e para favorecer a paz e a comuñón entre todos os pobos do continente»[7]. Igualmente, colleu forza a aspiración a unha integración latinoamericana e comezouse a dar algúns pasos. Noutros países e rexións houbo intentos de pacificación e aproximacións que deron froitos, e mais outras que semellaban prometedoras.

11. Porén, a historia está a dar sinais dunha volta atrás. Acéndense conflitos anacrónicos que se consideraban superados, rexorden nacionalismos pechados, exasperados, resentidos e agresivos. En varios países unha idea da unidade do pobo e da nación, impregnada por diversas ideoloxías, crea novas formas de egoísmo e de perda do sentido social enmascaradas por unha suposta defensa dos intereses nacionais. E isto fainos lembrar que «cada xeración debe facer súas as loitas e as conquistas das xeracións precedentes e levalas a metas aínda máis altas. É o camiño. O ben, como tamén o amor, a xustiza e a solidariedade, non se conseguen unha vez para sempre; han de ser conquistados cada día.

Non é posíbel conformarse co que xa se conseguiu no pasado e pecharse, e gozalo coma se tal situación nos fixese ignorar que moitos irmáns nosos aínda sofren situacións de inxustiza que nos interpelan a todos»[8].

12. ”Abrirse ao mundo” é unha expresión que hoxe fixeron propia a economía e as finanzas. Refírese exclusivamente á apertura aos intereses estranxeiros ou á liberdade dos poderes económicos para investiren sen limitacións nin complicacións en todos os países. Os conflitos locais e o desinterese polo ben común son instrumentalizados pola economía global para impoñer un modelo cultural único. Esta cultura unifica o mundo, e porén divide as persoas e as nacións, porque «a sociedade cada vez máis globalizada fainos próximos, mais non nos fai irmáns»[9]. Estamos máis sos ca nunca neste mundo masificado que privilexia os intereses individuais e debilita a dimensión comunitaria da existencia. Aumentan máis ben os mercados, onde as persoas desempeñan o rol de consumidores ou de espectadores. O avance desta globalización favorece normalmente a identidade dos máis fortes, que se protexen a si mesmos, e tenta porén de esluír as identidades das rexións máis débiles e pobres, volvéndoas máis vulnerábeis e dependentes. Deste xeito a política devén cada vez máis fráxil perante os poderes económicos transnacionais que aplican o *“divide et impera”*.

*A fin da conciencia histórica*

13. Por ese mesmo motivo, favorécese tamén unha perda do sentido da historia, que provoca ulterior disgregación. Advírtese a penetración cultural dunha sorte de “deconstrucionismo”, polo que a liberdade humana pretende construír todo desde cero. Fican en pé unicamente a necesidade de consumir sen límites e a acentuación de moitas formas de individualismo sen contidos. Neste contexto situábase un consello que dei aos mozos: «Se unha persoa vos fai unha proposta e vos di que ignoredes a historia, que non tiredes proveito da experiencia dos anciáns, que desprecedes todo o que pasou e que só miredes ao futuro que ela vos ofrece, non é este se cadra un modo fácil de atraervos coa súa proposta para facervos facer soamente o que ela vos di? Esa persoa necesita que sexades baleiros, desarraigados, desconfiados de todo, para que poidades fiarvos só das súas promesas e sometervos aos seus plans. Así é como funcionan as ideoloxías de distintas cores, que destrúen “ou de-constrúen” todo o que é diverso e dese xeito poden dominar sen oposicións. A tal fin necesitan mozos que desprecen a historia, que rexeiten a riqueza espiritual e humana transmitida ao longo das xeracións, que ignoren todo o que os precedeu»[10].

14. Son as novas formas de colonización cultural. Non esquezamos que «os pobos que se alienan da propia tradición e, por teima imitativa, violencia impositiva, imperdoábel neglixencia ou apatía, aturan que se lles arrinque a alma, perden, asemade coa fisionomía espiritual, tamén a consistencia moral e, finalmente, a independencia ideolóxica, económica e política»[11]. Un modo eficaz de esluír a conciencia histórica, o pensamento crítico, o compromiso pola xustiza e os percorridos de integración é o consistente en baleirar de sentido ou alterar as grandes palabras. Que significan hoxe algunhas expresións como democracia, liberdade, xustiza, unidade? Foron manipuladas e deformadas para utilizalas como instrumentos de dominación, como títulos baleiros de contido que poden servir para xustificar calquera acción.

**Sen un proxecto para todos**

15. A mellor maneira de dominar e de avanzar sen límites é sementar a falta de esperanza e suscitar a desconfianza constante, aínda que enmascarada coa defensa dalgúns valores. Hoxe en moitos países utilízase o mecanismo político de exasperar, exacerbar e polarizar. Con varias modalidades négase a outros o dereito a existir e a pensar, e a tal fin recórrese á estratexia de ridiculizalos, de insinuar sospeitas sobre eles, de cercalos. Non se acolle a súa parte de verdade, os seus valores, e deste xeito a sociedade empobrécese e redúcese á prepotencia do máis forte. A política así xa non é unha discusión sa sobre proxectos a longo prazo para o desenvolvemento de todos e do ben común, senón só receitas efémeras de *marketing* que atopan na destrución do outro o recurso máis eficaz. Neste xogo mesquiño das descualificacións, o debate é manipulado para o manter no estado de controversia e confrontación.

16. Neste choque de intereses que nos enfronta a todos contra todos, onde vencer devén sinónimo de destruír, como é posíbel erguer a cabeza para recoñecer o próximo ou poñerse a carón de quen caeu polo camiño? Un proxecto con grandes obxectivos para o desenvolvemento de toda a humanidade soa hoxe coma un delirio. Aumentan as distancias entre nós, e a marcha dura e lenta rumbo a un mundo unido e máis xusto está a sufrir un novo e drástico retroceso.

17. Coidar do mundo que nos rodea e terma de nós, significa coidar de nós mesmos. Mais precisamos constituírnos nun "nós" que habita a casa común. Tal coidado non interesa aos poderes económicos que teñen necesidade de ingresos rápidos. Adoito, as voces que se alzan en defensa do medio ambiente, son acaladas ou ridiculizadas, revestindo de racionalidade os que son soamente intereses particulares. Nesta cultura que estamos producindo, baleira, orientada ao inmediato e falta dun proxecto común, «é previsíbel que, perante o esgotamento dalgúns recursos, vaia creándose un escenario favorábel a novas guerras, enmascaradas con nobres reivindicacións»[12].

*O descarte mundial*

18. Certas partes da humanidade semellan sacrificábeis a prol dunha selección que favorece a un sector humano digno de vivir sen límites. No fondo «as persoas xa non son sentidas como un valor primario que se ha respectar e tutelar, especialmente se son pobres ou discapacitadas, se "aínda non serven" – coma os nascituri –, ou se "xa non serven" –coma os anciáns. Fixémonos insensíbeis a calquera forma de desperdicio, comezando polo dos alimentos, que está entre os máis deplorábeis»[13].

19. A escaseza de fillos, que provoca un envellecemento da poboación, asemade co abandono das persoas anciás a unha dolorosa soidade, afirma implicitamente que todo termina canda nós, que só contan os nosos intereses individuais. Así, « non só son obxecto de descarte a comida ou os bens superfluos, senón adoito os mesmos seres humanos»[14]. Vimos o que sucedeu cos anciáns nalgúns lugares do mundo a causa do coronavirus. Non debían morrer así. Porén, en realidade, algo semellante xa ocorrera por mor de vagas de calor e noutras circunstancias: cruelmente descartados. Non nos decatamos de que illar as persoas anciás e abandonalas a cargo doutros sen un axeitado e atento acompañamento da familia, mutila e empobrece a mesma familia. Ademais, termina privando os mozos do necesario contacto coas súas raíces e cunha sabedoría que a mocidade por si soa non pode acadar.

20. Este descarte exprésase de múltiplos xeitos, como na obsesión por reducir os custos laborais, sen darse conta das graves consecuencias que isto provoca, porque o desemprego que se produce ten como efecto directo alargar os marcos da pobreza[15]. O descarte, ademais, asume formas desprezábeis que coidabamos superadas, coma o racismo, que se esconde e reaparece sempre de novo. As expresións de racismo renovan en nós a vergoña demostrando que os supostos progresos da sociedade non son tan reais nin están asegurados dunha vez para sempre.

21. Hai regras económicas que resultaron eficaces para o crecemento, mais non igualmente para o desenvolvemento humano integral[16]. Aumentou a riqueza, aínda que sen equidade, e así o que ocorre é que «nacen novas pobrezas»[17]. Cando se di que o mundo moderno reduciu a pobreza, faise medíndoa con criterios doutras épocas non comparábeis coa realidade actual. De feito, noutros tempos, por exemplo, non ter acceso á enerxía eléctrica non era considerado un signo de pobreza nin era causa de grave incomodidade. A pobreza sempre se analiza e entende no contexto das posibilidades reais dun momento histórico concreto.

*Dereitos humanos non abondo universais*

22. Moitas veces constátase que, de feito, os dereitos humanos non son iguais para todos. O respecto de tales dereitos «é condición preliminar para o mesmo desenvolvemento social e económico dun país. Cando a dignidade do home é respectada e os seus dereitos son recoñecidos e garantidos, florecen tamén a creatividade e mais o enxeño, e a personalidade humana pode despregar as súas múltiplas iniciativas a prol do ben común»[18]. Porén, «observando con atención as nosas sociedades contemporáneas, encóntranse numerosas contradicións que inducen a preguntarmos se verdadeiramente a dignidade igual de todos os seres humanos, proclamada solemnemente hai 70 anos, é recoñecida,

respectada, protexida e promovida en todas as circunstancias. Persisten hoxe no mundo numerosas formas de inxustiza, alimentadas por visións antropolóxicas redutoras e por un modelo económico fundamentado no proveito, que non dubida en explotar, en descartar e mesmo en matar o home. Mentres unha parte da humanidade vive na opulencia, outra parte ve a súa propia dignidade descoñecida, desprezada ou esmagada e os seus dereitos fundamentais ignorados ou violados»[19]. Que é o que isto di sobre a igualdade de dereitos fundamentada na mesma dignidade humana?

23. Analogamente, a organización das sociedades en todo o mundo aínda está lonxe de reflectir con claridade que as mulleres teñen exactamente a mesma dignidade e idénticos dereitos ca os homes. De palabra afírmanse algunhas cousas, mais as decisións e a realidade berran outra mensaxe. É un feito que «son dobremente pobres as mulleres que sofren situacións de exclusión, maltrato e violencia, pois áchanse adoito con menores posibilidades de defender os seus dereitos»[20].

24. Recoñezamos igualmente que, «aínda que a comunidade internacional adoptou diversos acordos para pór fin á escravitude en todas as súas formas, e iniciou varias estratexias para combater este fenómeno, aínda hoxe millóns de persoas –nenos, homes e mulleres de todas as idades– son privadas da liberdade e obrigadas a vivir en condicións semellantes ás da escravitude. […] Hoxe coma onte, na raíz da escravitude áchase unha concepción da persoa humana que admite a posibilidade de a tratar como un obxecto. […] A persoa humana, creada a imaxe e semellanza de Deus, coa forza, o engano ou a constrición física ou psicolóxica é privada da liberdade, convertida en mercancía, reducida a propiedade de alguén; é tratada como un medio e non como un fin». As redes criminais «utilizan habilmente as modernas tecnoloxías informáticas para atraeren mozos e raparigos en todas as partes do mundo»[21]. A aberración non ten límites cando se suxeita mulleres, logo forzadas a abortar. Un acto abominábel que chega mesmamente ao secuestro de persoas co fin de vender os seus órganos. Todo isto fai que a trata de persoas e outras formas actuais de escravitude veñan ser un problema mundial, que exixe ser tomado en serio pola humanidade no seu conxunto, porque «así como as organizacións criminais utilizan redes globais para acadaren os seus obxectivos, así a acción para acabar con este fenómeno require un esforzo conxunto e igualmente global por parte dos diferentes axentes que compoñen a sociedade»[22].

*Conflito e medo*

25. Guerras, atentados, persecucións por motivos raciais ou relixiosos, e tantos atropelos contra a dignidade humana son xulgados de modos diferentes segundo conveñan ou non a determinados intereses, esencialmente económicos. O que é verdade cando convén a un poderoso, deixa de selo cando non lle interesa. Tales situacións de violencia van «multiplicándose dolorosamente en moitas rexións do mundo, o suficiente para facérense pasar pola que se podería chamar unha “terceira guerra mundial en etapas”»[23].

26. Isto non estraña se advertimos a falta de horizontes capaces de nos facer converxer nun, pois en toda guerra o que resulta destruído é «o mesmo proxecto de fraternidade, inscrito na vocación da familia humana», polo que «toda situación de ameaza alimenta a desconfianza e o repregamento»[24]. Así, o noso mundo avanza nunha dicotomía sen sentido, coa pretensión de «garantir a estabilidade e a paz sobre a base dunha falsa seguridade sustentada por unha mentalidade de medo e desconfianza»[25].

27. De xeito paradoxal, hai medos ancestrais que non foron superados polo desenvolvemento tecnolóxico; en realidade, souberon esconderse e potenciarse detrás das novas tecnoloxías. Tamén hoxe, detrás da muralla da antiga cidade está o abismo, o territorio do descoñecido, o deserto. O que provén de alí non é de confianza, porque non é coñecido, non é familiar, non pertence ao noso rueiro. É o territorio do “bárbaro”, do cal cómpre defenderse a toda custa. Consecuentemente, créanse novas barreiras de autodefensa, de xeito que non existe xa o mundo e existe unicamente o “meu” mundo, ata o punto de que moitos non son xa considerados seres humanos cunha dignidade inalienábel e deveñen simplemente “eles”. Reaparece «a tentación de facer unha cultura de muros, de erguer muros, muros no corazón, muros na terra para impedir este encontro con outras culturas, con outra xente. E quen ergue

un muro, quen constrúe un muro, acabará escravo dentro dos muros que construíu, sen horizontes. Porque lle falta esta alteridade»[26].

28. A soidade, os medos e a inseguridade de tantas persoas que se senten abandonadas polo sistema, fan que se vaia creando un terreo fértil para as mafias. Estas, de feito, aséntanse presentándose como “protectoras” dos esquecidos, mesmo mediante varios tipos de axuda, mentres perseguen os seus intereses criminais. Hai unha pedagoxía tipicamente mafiosa que, cun falso espírito comunitario, crea vencellos de dependencia e subordinación dos que é moi difícil liberarse.

**Globalización e progreso sen un rumbo común**

29. O Gran Imán Ahmad Al-Tayyeb e mais eu non ignoramos os avances positivos que se deron na ciencia, na tecnoloxía, na medicina, na industria e no benestar, sobre todo nos países desenvolvidos. A pesar disto, «subliñamos que, xunto a tales progresos históricos, grandes e prezados, verifícase un deterioro da ética, que condiciona a acción internacional, e unha debilidade dos valores espirituais e do sentido de responsabilidade. Todo iso contribúe a esparexer un sentimento xeral de frustración, de soidade e de desesperación. [...] Nacen focos de tensión e acumúlanse armas e municións, nunha situación mundial dominada pola incerteza, pola decepción e polo medo ao futuro e controlada por intereses económicos cegos». Sinalabamos así mesmo «as fortes crises políticas, a inxustiza e a falta dunha distribución equitativa dos recursos naturais. [...] Verbo de tales crises que levan a morrer de fame millóns de nenos, reducidos xa a esqueletos humanos –por mor da pobreza e da fame–, reina un silencio internacional inaceptábel»[27]. Ante este panorama, aínda que moitos progresos nos atraen, non achamos un rumbo verdadeiramente humano.

30. No mundo actual debilítanse os sentimentos de pertenza a unha mesma humanidade, mentres o soño de construír xuntos a xustiza e a paz semella unha utopía doutros tempos. Vemos como domina unha indiferenza de comenencia, fría e globalizada, filla dunha profunda desilusión que se agocha detrás do engano dunha ilusión: crer que podemos ser todopoderosos e esquecer que estamos todos na mesma barca. Este desengano, que deixa atrás os grandes valores fraternos, conduce «a unha sorte de cinismo. Esta é a tentación que temos diante, se imos por este camiño da desilusión ou da decepción. [...] O illamento e a reclusión en si mesmos ou nos propios intereses non son nunca o camiño para devolver esperanza e operar unha renovación, senón que o é a proximidade, a cultura do encontro. O illamento, non; proximidade, si. Cultura da desavinza, non; cultura do encontro, si»[28].

31. Neste mundo que corre sen un rumbo común, respírase unha atmosfera onde «a distancia entre a obsesión polo propio benestar e a felicidade compartida da humanidade semella alargarse: ata facer pensar que entre o individuo e a comunidade humana estea xa en curso un cisma verdadeiro e propiamente dito. [...] Pois sentirse obrigados a vivir xuntos é unha cousa; outra cousa é apreciar a riqueza e a beleza das sementes de vida común que deben ser buscadas e cultivadas xuntos»[29]. A tecnoloxía fai progresos continuos, e porén «que fermoso sería se ao crecemento das innovacións científicas e tecnolóxicas correspondese tamén unha sempre maior equidade e inclusión social! Que fermoso sería se, mentres descubrimos novos planetas afastados, redescubrísemos as necesidades do irmán e da irmá que orbitan ao redor de min!»[30].

**As pandemias e outros flaxelos da historia**

32. Unha traxedia global coma a pandemia da Covid-19 suscitou, efectivamente, durante un pouco tempo a consciencia de sermos unha comunidade mundial que navega nunha mesma barca, onde o mal dun fai dano a todos. Recordamos que ninguén se salva só, que unicamente se nos pode salvar xuntos. Por iso dixen que «o trebón desenmascara a nosa vulnerabilidade e deixa ao descuberto esas falsas e superfluas seguridades coas que construiramos as nosas axendas, os nosos proxectos, os nosos hábitos e prioridades. [...] Co trebón, caeu a maquillaxe deses estereotipos cos que disfrazabamos os nosos “ego” sempre preocupados pola propia imaxe; e quedou descuberta esa (bendita) pertenza común á que non podemos subtraernos; a pertenza como irmáns»[31].

33. O mundo avanzaba implacabelmente cara a unha economía que, utilizando os progresos tecnolóxicos, tentaba de reducir os “custos humanos”, e algúns pretendían facernos crer que bastaba a liberdade de mercado para que todo se puidese considerar seguro. Porén, o golpe duro e inesperado desta pandemia fóra de control obrigou por forza a pensar nos seres humanos, en todos, máis que no beneficio dalgúns. Hoxe podemos recoñecer que «nos alimentabamos con soños de esplendor e grandeza e terminamos comendo distracción, clausura e soidade; empachámonos de conexións e perdemos o sabor da fraternidade. Buscamos o resultado rápido e seguro e achámonos atafegados pola impaciencia e a ansiedade. Prisioneiros da virtualidade, perdemos o sabor da realidade»[32]. A dor, a incerteza, o temor e a conciencia dos propios límites que a pandemia suscitou, fan resoar a chamada a repensar os nosos estilos de vida, as nosas relacións, a organización das nosas sociedades e sobre todo o sentido da nosa existencia.

34. Se todo está conectado, é difícil pensar que este desastre mundial non teña relación co noso modo de nos situarmos respecto da realidade, pretendéndomos ser señores absolutos da propia vida e de todo o que existe. Non quero dicir que se trata dunha sorte de castigo divino. E nin sequera bastaría afirmar que o dano causado á natureza ao final pide conta dos nosos abusos. É a realidade mesma que xeme e se rebela. Vén á mente o célebre verso do poeta Virxilio que evoca as lacrimosas vicisitudes humanas[33].

35. Esquecemos, porén, rapidamente as leccións da historia, «mestra de vida»[34]. Pasada a crise sanitaria, a peor reacción sería a de caer máis aínda nun febril consumismo e en novas formas de auto-protección egoísta. Deus queira que ao final non haxa xa “os outros”, senón só un “nós”. Que non fose o enésimo grave acontecemento histórico do que non fomos capaces de aprender. Que non nos esquezamos dos anciáns mortos por falta de respiradores, en parte como resultado de sistemas sanitarios desmantelados ano tras ano. Que unha dor tan grande non sexa inútil, que peguemos un pulo cara a un novo modo de vivir e descubramos unha vez por todas que necesitamos e somos debedores uns dos outros, para que a humanidade renaza con todos os rostros, todas as mans e todas as voces, para alén das fronteiras que creamos.

36. Se non logramos recuperar a paixón compartida por unha comunidade de pertenza e de solidariedade á que destinar tempo, esforzo e bens, a ilusión global que nos engana derrubarase ruinosamente e deixará a moitos expostos ao noxo e ao baleiro. Ademais, non se debería ignorar inxenuamente que «a obsesión por un estilo de vida consumista, sobre todo cando só poucos o poden soster, poderá provocar soamente violencia e destrución recíproca»[35]. O “sálvese quen poida” traducirase rapidamente no “todos contra todos”, e iso será peor ca unha pandemia.

**Sen dignidade humana nas fronteiras**

37. Tanto por algúns réximes políticos populistas como por posicións económicas liberais, sostense que se debe evitar a calquera custo a chegada de persoas inmigrantes. Ao mesmo tempo arguméntase que convén limitar a axuda aos países pobres, de modo que toquen fondo e decidan adoptar medidas de austeridade. Non se cae na conta de que, detrás destas afirmacións abstractas difíciles de soster, hai moitas vidas esgazadas. Moitos foxen da guerra, de persecucións, de catástrofes naturais. Outros, con pleno dereito, andan «en busca de oportunidades para eles e para as súas familias. Soñan un futuro mellor e desexan crear as condicións para que se realice»[36].

38. Por desventura, outros son «atraídos pola cultura occidental, alimentando ás veces expectativas non realistas que os expoñen a fortes decepcións. Traficantes sen escrúpulos, a miúdo vinculados aos cárteles da droga e das armas, explotan a debilidade dos inmigrantes, que ao longo da súa viaxe con demasiada frecuencia experimentan a violencia, a trata de persoas, o abuso psicolóxico e tamén físico, e mais sufrimentos indicíbeis »[37]. Os que emigran «experimentan a separación do propio contexto de orixe e adoito tamén un desarraigamento cultural e relixioso. A fractura atinxe tamén as comunidades de orixe, que perden os elementos máis vigorosos e emprendedores, e as familias, en particular cando emigra un ou entrambos pais, deixando os fillos no país de orixe»[38]. Consecuentemente, «hase reafirmar o dereito a non emigrar, é dicir, a estar en condición de remanecer na propia terra»[39].

39. Aínda por riba, «nalgúns países de chegada, os fenómenos migratorios suscitan alarma e medo, a

miúdo fomentados e explotados con fins políticos. Difúndese así unha mentalidade xenófoba, de clausura e repregamento sobre si mesmos».[40]. Os inmigrantes son considerados non abondo dignos de participar na vida social coma outro calquera, e esquécese que teñen a mesma dignidade intrínseca de calquera persoa. Polo tanto, deben ser «protagonistas do seu propio rescate»[41]. Nunca se vai dicir que non sexan humanos, e mais na práctica, coas decisións e o xeito de tratalos, manifístase que son considerados menos valiosos,
menos importantes, menos humanos. É inaceptábel que os cristiáns compartan esta mentalidade e estas actitudes, facendo prevalecer ás veces certas preferencias políticas por riba de fondas conviccións da propia fe: a inalienábel dignidade de toda persoa humana para alén da orixe, da cor ou da relixión, e a lei suprema do amor fraterno.

40. «As migracións constituirán un elemento determinante do futuro do mundo»[42]. Porén hoxe están afectadas por unha «perda daquel "sentido da responsabilidade fraterna" sobre o que se basea toda sociedade civil»[43]. Europa, por exemplo, arríscase seriamente a ir por ese vieiro. Aínda así, «axudada polo seu grande patrimonio cultural e relixioso, [ten] os instrumentos necesarios para defender a centralidade da persoa humana e para atopar o xusto equilibrio entre o dobre deber moral de tutelar os dereitos dos seus cidadáns e o de garantir a asistencia e a acollida dos inmigrantes»[44].

41. Comprendo que, perante as persoas inmigrantes, algúns manteñan dúbidas e sintan temores. Enténdoo como un aspecto do instinto natural de autodefensa. Porén, tamén é verdade que unha persoa e un pobo soamente son fecundos se saben integrar de forma creativa no seu interior a apertura aos outros. Invito a pasar alén desas reaccións primarias, porque «o problema é cando [esas dúbidas e temores] condicionan o noso modo de pensar e de actuar ata o punto de volvernos intolerantes, pechados e se cadra –sen nos decatarmos– racistas. E así o medo prívanos do desexo e da capacidade de encontrar o outro»[45].

**A ilusión da comunicación**

42. De modo paradoxal, mentres se desenvolven actitudes pechadas e intolerantes que nos illan respecto dos outros, redúcense ou desaparecen as distancias ata o punto de que perde forza o dereito á intimidade. Todo se converte nunha especie de espectáculo que pode ser espiado, vixiado, e a vida exponse a un control constante. Na comunicación dixital quérese amosar todo e cada individuo devén obxecto de olladas que furgan, ispen e divulgan, frecuentemente de maneira anónima. O respecto ao outro esborrállase e dese xeito, ao mesmo tempo que o desprazo, que o ignoro e mantéñoo lonxe, podo sen pudor ningún invadir a súa vida ata o extremo.

43. Por outra banda, os movementos dixitais de odio e destrución non constitúen –como algúns quererían facer crer– unha forma óptima de mutua axuda, senón meras asociacións contra un inimigo. Máis ben, «os medios dixitais poden expoñer ao risco de dependencia, de illamento e de progresiva perda de contacto coa realidade concreta, obstaculizando o desenvolvemento de relacións interpersoais auténticas»[46]. Necesítanse xestos físicos, expresións do rostro, silencios, linguaxe corporal, e mesmo o recendo, o tremor das mans, o rubor, a suor, porque todo iso fala e forma parte da comunicación humana. As relacións dixitais, que dispensan do labor de cultivar unha amizade, unha reciprocidade estábel e aínda un consenso que madura co tempo, teñen unha aparencia de sociabilidade. Non constrúen verdadeiramente un "nós", senón que adoito disimulan e amplifican o mesmo individualismo que se expresa na xenofobia e no desprezo dos débiles. A conexión dixital non abonda para botar pontes, non é quen de unir a humanidade.

*Agresividade sen pudor*

44. Xusto mentres defenden o seu illamento consumista e cómodo, as persoas elixen relacionarse dunha maneira constante e teimuda. Isto favorece o rebulir de formas insólitas de agresividade, de insultos, maos tratos, ofensas, azoutes verbais ata demoler a figura do outro, cun desenfreo que non podería existir no contacto corpo a corpo porque terminariamos por destruírnos todos mutuamente. A agresividade social atopa nos dispositivos móbiles e nos ordenadores un espazo de difusión sen igual.

45. Iso permitiu que as ideoloxías abandonasen todo pudor. O que ata hai poucos anos non podía dicir ninguén sen o risco de perder o respecto de todo o mundo, hoxe pode ser expresado da maneira máis crúa,

ata por algunhas autoridades políticas, e permanecer impune. Non se ha de ignorar que «operan no mundo dixital xigantescos intereses económicos, capaces de realizar formas de control tan sutís coma invasoras, creando mecanismos de manipulación das conciencias e do proceso democrático. O funcionamento de moitas plataformas termina adoito por favorecer o encontro entre persoas que pensan do mesmo xeito, obstaculizando o intercambio entre as diferenzas. Estes circuítos pechados facilitan o espallamento de informacións e noticias falsas, fomentando prexuízos e odios»[47].

46. Convén recoñecer que os fanatismos que inducen a destruír os outros, tamén teñen como protagonistas persoas relixiosas, non excluídos os cristiáns, que «poden participar en redes de violencia verbal a través de internet e dos diversos foros ou espazos de intercambio dixital. Mesmo nos medios de comunicación católicos se poden exceder os límites, toléranse a difamación e a calumnia, e semellan excluídos toda ética e todo respecto polo bo nome dos demais»[48]. Obrando así, que contribución se fai á fraternidade que nos propón o Pai común?

*Información sen sabedoría*

47. A verdadeira sabedoría presupón o encontro coa realidade. Porén hoxe todo se pode producir, disimular, modificar. Isto fai que o encontro directo cos límites da realidade se volva insoportábel. Como consecuencia, opérase un mecanismo de "selección" e créase o hábito de xebrar inmediatamente o que me prace do que non me prace, as cousas atractivas das ingratas. Coa mesma lóxica elíxense as persoas coas que se decide compartir o mundo. Así as persoas ou situacións que feriron a nosa sensibilidade ou resultáronnos repulsivas, hoxe son simplemente eliminadas nas redes virtuais, construíndo un círculo virtual que nos illa do mundo en que vivimos.

48. Iso de sentarmos a escoitar o outro, característico dun encontro humano, é un paradigma de actitude acolledora, daquel que supera o narcisismo e acolle o outro, préstalle atención, faille sitio no propio círculo. Pola contra, «o mundo de hoxe é na maioría un mundo xordo. [...] Ás veces a velocidade do mundo moderno, a trasfega impídenos escoitar ben o que di outra persoa. E, cando está na metade do seu discurso, xa a interrompemos e queremos responderlle cando aínda non acabou de falar. Non cómpre perder a capacidade de escoita». San Francisco de Asís «escoitou a voz de Deus, escoitou a voz do pobre, escoitou a voz do doente, escoitou a voz da natureza. E todo iso transfórmao nun estilo de vida. Espero que a semente de san Francisco creza en moitos corazóns»[49].

49. Fallando o silencio e a escoita e transformando todo en liñas e mensaxes rápidas e impacientes, ponse en perigo a estrutura basilar dunha sabia comunicación humana. Créase un novo estilo de vida onde se constrúe o que se quere ter diante, excluíndo todo aquilo que non se pode controlar ou coñecer superficial e instantaneamente. Tal dinámica, pola súa lóxica intrínseca, impide a reflexión serena que nos podería conducir a unha sabedoría común.

50. Podemos buscar xuntos a verdade no diálogo, na conversa tranquila ou na discusión apaixonada. É un camiño perseverante, feito tamén de silencios e de sufrimentos, capaz de recoller con paciencia a vasta experiencia das persoas e dos pobos. O cúmulo asoballante de información que nos inunda, non equivale a maior sabedoría. A sabedoría non se fabrica con buscas impacientes na internet, nin é unha suma de información cuxa veracidade non está asegurada. Dese xeito non se madura no encontro coa verdade. As conversas á fin xiran ao redor dos últimos datos, son meramente horizontais e acumulativas. **N**on se presta, en troques, unha atención prolongada e penetrante ao corazón da vida, non se recoñece o que é esencial para dar un sentido á existencia. Así, a liberdade devén unha ilusión que se nos vende e que se confunde coa liberdade de navegar perante unha pantalla. O problema é que un camiño de fraternidade, local e universal, só o poden percorrer espíritos libres e dispostos a encontros reais.

**Submisións e desprezo de si mesmo**

51. Algúns países fortes desde o punto de vista económico son presentados como modelos culturais para os países pouco desenvolvidos, no canto de facer de tal xeito que cada un creza co estilo que lle é peculiar, desenvolvendo as propias capacidades de innovar a partir dos valores da propia cultura. Esta nostalxia

superficial e triste, que induce a copiar e comprar máis ben que a crear, dá lugar a unha autoestima nacional moi baixa. Nos sectores ricos de moitos países pobres, e ás veces naqueles que conseguiron saír da pobreza, nótase a incapacidade de aceptar características e procesos propios, caendo nun menosprezo da propia identidade cultural, coma se fose a causa de todos os males.

52. Destruír a autoestima de alguén é un modo fácil de dominalo. Detrás das tendencias que apuntan a homoxeneizar o mundo, afloran intereses de poder que se benefician da baixa autoestima, ao mesmo tempo que, a través dos medios de comunicación e das redes, búscase crear unha nova cultura ao servizo dos máis podentes. Disto tiran proveito o oportunismo da especulación financeira e a espoliación, onde os pobres son sempre os que perden. Por outra banda, ignorar a cultura dun pobo fai que moitos líderes políticos non sexan quen de promover un proxecto eficaz que poida ser libremente asumido e sostido no tempo.

53. Esquécese que «non hai peor alienación ca experimentar que non se ten raíces, que non se pertence a ninguén. Unha terra será fecunda, un pobo dará froito e será quen de xerar futuro só na medida en que avive relacións de pertenza entre os seus membros, na medida en que cree vencellos de integración entre as xeracións e as distintas comunidades que o compoñen; e tamén na medida en que rompa as espirais que anubran os sentidos, afastándonos decote a uns dos outros»[50].

## Esperanza

54. Malia estas sombras mestas, que non se han de ignorar, nas páxinas seguintes desexo dar voz a moitos percorridos de esperanza. É que Deus segue a sementar na humanidade sementes de ben. A recente pandemia permitiunos recuperar e prezar tantos compañeiros e compañeiras de viaxe que, no medio do medo, reaccionaron doando a propia vida. Fomos capaces de recoñecer como as nosas vidas están entrelazadas e sostidas por persoas comúns que, sen dúbida, escribiron os acontecementos decisivos da nosa historia compartida: médicos, enfermeiros e enfermeiras, farmacéuticos, empregados dos supermercados, persoal de limpeza, coidadores, transportistas, homes e mulleres que traballan para proporcionar servizos esenciais e seguridade, voluntarios, sacerdotes, relixiosas… comprenderon que ninguén se salva só[51].

55. Invito á esperanza, «que nos fala dunha realidade que está enraizada no profundo do ser humano, independentemente das circunstancias concretas e dos condicionamentos históricos en que vive. Fálanos dunha sede, dunha aspiración, dun anhelo de plenitude, de vida realizada, dun se medir co que é grande, co que enche o corazón e eleva o espírito cara a cousas grandes, como a verdade, a bondade e a beleza, a xustiza e o amor. [...] A esperanza é audaz, sabe ollar alén da comodidade persoal, das pequenas seguridades e compensacións que restrinxen o horizonte, para abrirse a grandes ideais que fan a vida máis bela e digna»[52]. Camiñemos na esperanza.

# Capítulo segundo

# UN ESTRAÑO NO CAMIÑO

56. Todo o que mencionei no capítulo precedente é máis ca unha aséptica descrición da realidade, xa que «os gozos e as esperanzas, as tristezas e as angustias dos homes de hoxe, dos pobres sobre todo e de todos os que sofren, son tamén os gozos e esperanzas, as tristezas e angustias dos discípulos de Cristo, e nada hai xenuinamente humano que non atope eco no seu corazón»[53]. No intento de buscar unha luz no medio do que estamos vivindo, e antes de estabelecer algunhas liñas de acción, vou dedicar un capítulo a unha parábola narrada por Xesús hai dous mil anos. É que, aínda que esta carta está dirixida a todas as persoas de boa vontade, para alén das súas conviccións relixiosas, a parábola exprésase de tal xeito que calquera de nós se pode deixar interpelar por ela.

*«Un mestre da Lei ergueuse e preguntou a Xesús para o poñer a proba: "Mestre, que teño que facer para herdar a vida eterna?". E Xesús díxolle: "Que está escrito na Lei? Que les nela?". El respondeulle: "Amarás o Señor, teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con todas as túas forzas e con toda a túa mente, e o próximo como a ti mesmo". Xesús díxolle: "Respondiches ben; practícao e vivirás".*

*O mestre da Lei, querendo xustificarse, volveulle preguntar: "E quen é o meu próximo?". Xesús tomou a palabra e dixo: "Un home baixaba de Xerusalén a Xericó e caeu nas mans duns ladróns, que, despois de o espiren e o brearen a golpes, fóronse, deixándoo medio morto. Por casualidade, un sacerdote baixaba polo mesmo camiño e, en vendo, arredou ao pasar a carón. Igual fixo un levita, que chegou ao mesmo lugar e, en vendo, arredou ao pasar a carón. Porén, un samaritano que ía de viaxe, chegou onda el e, en vendo, conmoveuse profundamente e achegándose vendoulle as feridas, botándolles aceite e viño. Despois cargouno sobre a súa propia cabalgadura, levouno a unha pousada e coidouno. Á mañá seguinte deulle ao dono da pousada dúas moedas de prata e díxolle: "Cóidao e o que gastes de máis, pagareicho ao volver". Cal destes tres che parece que se fixo próximo do home que caera nas mans dos ladróns?" O mestre da Lei respondeu: "O que o tratou con misericordia". Entón Xesús díxolle: "Vai e fai ti o mesmo»* (Lc 10,25-37).

**O plano de fondo**

57. Esta parábola recolle un plano de fondo de séculos. Pouco despois da narración da creación do mundo e do ser humano, a Biblia presenta o desafío das relacións entre nós. Caín elimina o seu irmán Abel, e resoa a pregunta de Deus: «Onde está Abel, teu irmán?» (Xén 4,9). A resposta é a mesma que adoito damos nós: «Seica son eu o gardián de meu irmán?» (ibid.). Coa súa pregunta, Deus cuestiona todo tipo de determinismo ou fatalismo que pretenda xustificar a indiferenza como única resposta posíbel. Capacítanos, por contra, para crearmos unha cultura diferente, que nos oriente a superar as inimizades e a coidar uns dos outros.

58. O libro de Xob recorre ao feito de ter un mesmo Creador como base para soster algúns dereitos comúns: «O que me fixo no ventre materno, non o fixo tamén a el?, non foi o mesmo o que nos formou na matriz?» (31,15). Moitos séculos despois, santo Ireneo expresarase doutro xeito coa imaxe da melodía: «Pois logo, o que ama a verdade non debe deixarse enganar pola diferenza de cada son, nin imaxinar que o artífice e creador deste son é un e outro distinto, o artífice e creador do outro [...], senón que debe pensar que o fixo un só»[54].

59. Nas tradicións hebreas, o imperativo de amar o outro e coidar del semellaba limitarse ás relacións entre os membros dunha mesma nación. O antigo precepto «amarás o teu próximo como a ti mesmo» (Lev 19,18) entendíase ordinariamente como referido aos da propia nación. Así e todo, especialmente no xudaísmo que se desenvolveu fóra da terra de Israel, os confíns fóronse ampliando. Apareceu a invitación a non facer aos outros o que non queres que che fagan (cf. Tob 4,15). O sabio Hillel (século I a. C.) dicía verbo disto: «Velaí a Lei e os Profetas. Todo o demais é comentario»[55]. O desexo de imitar as actitudes divinas conduciu a superar aquela tendencia a limitarse aos máis próximos: «A misericordia da persoa humana refírese ao seu próximo, a misericordia do Señor, a todo ser vivente» (Sir 18,13).

60. No Novo Testamento, o precepto de Hillel achou expresión positiva: «Todo o que queirades que os homes fagan por vós, facédeo tamén vós por eles, velaí a Lei e os Profetas» (Mt 7,12). Tal chamada é universal, tende a abranguer a todos, só pola súa condición humana, porque o Altísimo, o Pai celeste «fai saír o seu sol sobre os maos e sobre os bos» (Mt 5,45). Como consecuencia exíxese: «Sede misericordiosos como o voso Pai é misericordioso» (Lc 6,36).

61. Hai unha motivación para alargar o corazón de modo que non exclúa o estranxeiro, e pode ser achada xa nos textos máis antigos da Biblia. Débese á constante lembranza do pobo hebreo de ter vivido como estranxeiro en Exipto:

*«Non molestarás o forasteiro nin o oprimirás, porque vós fostes forasteiros na terra de Exipto» (Ex 22,20).*

*«Non oprimas o forasteiro: vós sabedes o que é ser forasteiro, porque fostes forasteiros na terra de Exipto» (Ex 23,9).*

*«Cando un forasteiro viñer residir preto de vós, na vosa terra, non o oprimades. O forasteiro residente entre vós tratarédelo coma a quen naceu entre vós; amaralo como a ti mesmo, porque tamén vós fostes*

*forasteiros na terra de Exipto» (Lev 19,33-34).*

*«Cando vendimares a túa viña, non volvas a ela ao rebusco. Será para o forasteiro, o orfo e mais a viúva. Lembra que fuches escravo na terra de Exipto» (Dt 24,21-22).*

No Novo Testamento resoa con forza a chamada ao amor fraterno:

*«Pois toda a Lei acada a plenitude nun só precepto: Amarás o teu próximo como a ti mesmo» (Gál 5,14).*

*«Quen ama a seu irmán permanece na luz e nel non hai tropezo. Mais quen odia a seu irmán está nas tebras» (1 Xn 2,10-11).*

*«Nós sabemos que pasamos da morte á vida, porque amamos os irmáns. Quen non ama, permanece na morte» (1 Xn 3,14).*

*«Quen non ama a seu irmán, a quen ve, non pode amar a Deus, a quen non ve»(1 Xn 4,20).*

62. Tamén esta proposta de amor podía ser mal interpretada. Non en van, perante a tentación das primeiras comunidades cristiás de formaren grupos pechados e illados, san Paulo exhortaba os seus discípulos a teren caridade entre eles «e con todos» (1 Tes 3,12), e na comunidade de Xoán pedíase que fosen ben acollidos «os irmáns, mesmo os transeúntes » (3 Xn 5). Tal contexto axuda a comprender o valor da parábola do bo samaritano: ao amor non lle importa se o irmán ferido vén de aquí ou vén de alá. Porque é o «amor que rompe as cadeas que nos illan e nos separan, botando pontes; amor que nos permite construír unha gran familia en que todos poidamos sentirnos na casa. [...] Amor que sabe de compaixón e de dignidade»[56].

**O abandonado**

63. Xesús conta que había un home ferido, guindado no camiño, que fora atracado. Pasaron varias persoas ao seu carón, mais fóronse, non se detiveron. Eran persoas con funcións importantes na sociedade, que non tiñan no corazón o amor polo ben común. Non foron capaces de perder uns minutos para atender o ferido ou polo menos para buscar axuda. Un detívose, dooulle proximidade, curouno coas súas propias mans, pagou co propio diñeiro e ocupouse del. Sobre todo deulle unha cousa que neste mundo apresurado escatimamos tanto: deulle o seu propio tempo. Seguramente el tiña os seus plans para aproveitar aquel día segundo as súas necesidades, compromisos ou desexos. E mais foi capaz de deixar todo a un lado perante aquel ferido, e sen o coñecer considerouno digno de recibir o don do seu tempo.

64. Con quen te identificas? Esta pregunta é dura, directa e decisiva. A cal deles asemellas? Debemos recoñecer a tentación que nos circunda de desinteresarnos dos outros, especialmente dos máis débiles. Digámolo, crecemos en moitos aspectos, mais somos analfabetos en acompañar, coidar e termar dos máis fráxiles e débiles das nosas sociedades desenvolvidas. Afixémonos a desviar a mirada, a pasar a carón, a ignorar as situacións ata que estas nos tocan directamente.

65. Unha persoa é agredida na rúa, e moitos foxen coma se non visen nada. Adoito hai persoas que atropelan alguén co seu automóbil e foxen. Só pensan en non ter problemas, non importa se un ser humano morre pola súa culpa. Estes son, porén, sinais dun estilo de vida xeneralizado, que se manifesta de diversas maneiras, poida que máis sutís. Ademais, como todos estamos moi concentrados nas nosas necesidades, ver alguén que sofre moléstanos, pertúrbanos, porque non queremos perder tempo por culpa dos problemas alleos. Estes son síntomas dunha sociedade enferma, porque mira a construírse dando as costas á dor.

66. Mellor non caer nesa miseria. Miremos o modelo do bo samaritano. É un texto que nos invita a facer rexurdir a nosa vocación de cidadáns do propio país e do mundo enteiro, construtores dun novo vencello social. É unha chamada sempre nova, aínda que estea escrita como lei fundamental do noso ser: que a sociedade se encamiñe á prosecución do ben común e, a partir desta finalidade, reconstrúa sempre novamente a súa orde política e social, o seu tecido de relacións, o seu proxecto humano. Cos seus xestos,

o bo samaritano amosou que «a existencia de cada un de nós está vencellada á dos outros: a vida non é tempo que pasa, senón tempo de encontro»[57].

67. Esta parábola é unha icona iluminadora, capaz de poñer de manifesto a opción de fondo que nos cómpre adoptar para reconstruír este mundo que nos doe. Perante tanta dor, tantas feridas, a única vía de saída é ser coma o bo samaritano. Toda outra elección conduce ou ao partido dos atracadores ou ben ao dos que pasan a carón sen teren compaixón da dor do home ferido no camiño. A parábola amósanos con que iniciativas se pode refacer unha comunidade a partir de homes e mulleres que fan súa a fraxilidade dos outros, que non deixan edificar unha sociedade de exclusión, senón que se fan próximos e soerguen e rehabilitan o home caído, para que o ben sexa común. Ao mesmo tempo, a parábola ponnos en garda sobre certas actitudes de persoas que só miran a si mesmas e non se ocupan das exixencias ineludíbeis da realidade humana.

68. O relato, digámolo claramente, non imparte unha ensinanza de ideais abstractos, nin se circunscribe á funcionalidade dunha lección ético-social. Revélanos unha característica esencial do ser humano, tantas veces esquecida: fomos feitos para a plenitude que se acada só no amor. Vivir indiferentes ante a dor non é unha opción posíbel, non podemos deixar que ninguén quede "á marxe da vida". Iso debe indignarnos ata facernos baixar da nosa serenidade para nos revolvermos co sufrimento humano. Isto é dignidade.

## Unha historia que se repite

69. A narración é sinxela e lineal, e contén, porén, toda a dinámica da loita interna que acontece na elaboración da nosa identidade, en toda existencia botada ao camiño para realizar a fraternidade humana. Unha vez encamiñados, atopámonos, indefectibelmente, co home ferido. Hoxe, e cada vez máis, hai persoas feridas. A inclusión ou exclusión de quen sofre no camiño define todos os proxectos económicos, políticos, sociais e relixiosos. Encontrámonos cada día perante a escolla de sermos bos samaritanos ou viandantes indiferentes que pasan a distancia. E se estendemos a ollada á totalidade da nosa historia e ao mundo no seu conxunto, todos somos ou fomos coma estes personaxes: todos temos algo do home ferido, algo dos atracadores, algo dos que pasan a distancia e algo do bo samaritano.

70. É interesante como as diferenzas dos personaxes do relato resultan totalmente transformadas na confrontación coa dolorosa manifestación do home caído, do humillado. Xa non hai distinción entre habitante da Xudea e habitante da Samaría, non hai sacerdote nin comerciante; simplemente hai dous tipos de persoas: as que se ocupan da dor e as que pasan a distancia; as que se inclinan recoñecendo o home caído e as que desvían a ollada e apuran o paso. En efecto, caen as nosas múltiplas máscaras, as nosas etiquetas e os nosos disfraces: é a hora da verdade. Inclinarémonos para tocar e curar as feridas dos outros? Inclinarémonos para levarmos ao lombo uns aos outros? Este é o desafío actual, ao que non debemos ter medo. Nos momentos de crise a escolla faise premente: podemos dicir que, neste momento, quen non é atracador e quen non pasa a distancia, ou está ferido ou está a levar ao lombo algún ferido.

71. A historia do bo samaritano repítese: resulta cada vez máis evidente que a despreocupación social e política fai de moitos lugares do mundo camiños desolados, onde as disputas internas e internacionais e os saqueos de oportunidades deixan tantos marxinados guindados na beira do camiño. Na súa parábola, Xesús non presenta vías alternativas, como, por exemplo: que sería daquel home gravemente ferido ou daquel que o axudou, se a ira ou a sede de vinganza achasen lugar nos seus corazóns? El confía na parte mellor do espírito humano e coa parábola anímaa a se ater ao amor, recuperar o magoado e construír unha sociedade digna de tal nome.

## Os personaxes

72. A parábola comeza cos atracadores. O punto de partida que Xesús escolle é un atraco xa consumado. Non fai que nos deteñamos a lamentar o feito, non dirixe a nosa ollada cara aos atracadores. Coñecémolos. Vimos avanzar no mundo as mestas sombras do abandono, da violencia utilizada por mesquiños intereses de poder, acumulación e división. A pregunta podería ser: Deixaremos no chan a persoa ferida para corrermos cada un a guarecerse da violencia ou a perseguir os bandidos? Será o ferido a xustificación das nosas divisións irreconciliábeis, das nosas indiferenzas crueis, das nosas desavinzas internas?

73. Despois a parábola fainos fixar claramente a ollada nos que pasan a distancia. Esta perigosa indiferenza de seguir para adiante sen se deter, inocente ou non, produto do desprezo ou dunha triste distracción, fai dos personaxes do sacerdote e do levita un non menos triste reflexo desa distancia que illa da realidade. Hai moitos xeitos de pasar a distancia, complementarios entre si. Un é repregarse sobre si, desinteresarse dos demais, ser indiferentes. Outro sería mirar só para fóra. Respecto deste último xeito de pasar a distancia, nalgúns países, ou en certos sectores destes, hai un desprezo dos pobres e da súa cultura, e un vivir coa ollada virada para fóra, coma se un proxecto de país importado tentase de ocupar o seu lugar. Así se pode xustificar a indiferenza dalgúns, porque aqueles que poderían tocarlles o corazón coas súas peticións, simplemente non existen. Están fóra do seu horizonte de intereses.

74. Nos que pasan a distancia hai un detalle que non podemos ignorar; eran persoas relixiosas. Por riba, dedicábanse a dar culto a Deus: un sacerdote e un levita. Isto é merecente de especial atención: indica que o feito de crer en Deus e de adoralo non garante vivir como a Deus prace. Unha persoa de fe pode non ser fiel a todo o que a mesma fe exixe, e aínda así pode sentirse preto de Deus e considerarse máis digna ca os demais. Hai, pola contra, xeitos de vivir a fe que favorecen a apertura do corazón aos irmáns, e esa será a garantía dunha auténtica apertura a Deus. San Xoán Crisóstomo chegou a expresar con gran claridade ese desafío que se presenta aos cristiáns: «Queredes honrar de verdade o corpo de Cristo? Non o desprecedes cando estea espido. Non o honredes no templo con lenzos de seda, mentres fóra o deixades a sufrir a friaxe e a nudez»[58]. O paradoxo é que, por veces, os que din non crer, poden vivir a vontade de Deus mellor ca os crentes.

75. Os “atracadores do camiño” teñen adoito como aliados secretos os que “pasan polo camiño mirando para outro lado”. Péchase o círculo entre os que usan e enganan a sociedade para a esquilmaren, e os que cren manter a pureza coa súa función crítica, e mais, ao mesmo tempo, viven dese sistema e dos seus recursos. Hai unha triste hipocrisía alí onde a impunidade do delito, do uso das institucións por intereses persoais ou corporativos, e outros males que non conseguimos eliminar, únense a un permanente descualificalo todo, ao constante sementar sospeitas propagando a desconfianza e a perplexidade. Ao engano do “todo vai mal” corresponde un “ninguén pode arranxar as cousas”, “que podo facer eu?”. Deste xeito, aliméntase o desencanto e a falta de esperanza, e iso non fomenta un espírito de solidariedade e de xenerosidade. Afundir un pobo no desánimo é a clausura dun perfecto círculo vicioso: así opera a ditadura invisíbel dos verdadeiros intereses ocultos, que se apropiaron dos recursos e da capacidade de opinar e de pensar.

76. Miremos finalmente para o home ferido. Ás veces sentímonos coma el, gravemente feridos e guindados na beira do camiño. Sentímonos tamén abandonados polas nosas institucións desguarnecidas e escasas, ou dirixidas ao servizo dos intereses de poucos, de fóra e de dentro. En efecto, «na sociedade globalizada, existe unha maneira elegante de mirar para outro lado que se practica habitualmente: baixo o revestimento do politicamente correcto ou das modas ideolóxicas, mírase para a persoa que sofre sen tocala, esta é amosada en directo na televisión, adóptase mesmamente un discurso en aparencia tolerante e cheo de eufemismos»[59].

**Recomezar**

77. Cada día ofrécesenos unha nova oportunidade, unha nova xeira. Non debemos esperalo todo dos que nos gobernan, sería infantil. Gozamos dun espazo de corresponsabilidade capaz de iniciar e xerar novos procesos e transformacións. Debemos ser parte activa na rehabilitación e no apoio das sociedades feridas. Hoxe estamos fronte á gran ocasión de expresar o noso ser irmáns, de sermos outros bos samaritanos que tomen sobre si a dor dos fracasos, no canto de fomentar odios e resentimentos. Coma o viandante ocasional da nosa historia, só se precisa o desexo gratuíto, puro e simple de sermos pobo, de sermos constantes e incansábeis na angueira de incluír, de integrar, de soerguer o caído; mesmo se moitas veces nos encontramos inmersos e condenados a repetir a lóxica dos violentos, de cantos manteñen ambicións só para si mesmos e espallan a confusión e mais a mentira. Que continúen outros a pensar na política ou na economía para os seus xogos de poder. Alimentemos o que é bo e poñámonos ao servizo do ben.

78. É posíbel comezar desde abaixo e caso por caso, loitar polo que é máis concreto e local, deica o último

recuncho da patria e do mundo, co mesmo coidado que o viaxeiro de Samaría tivo para cada chaga do home ferido. Busquemos os outros e ocupémonos da realidade que nos cadre, sen temermos a dor ou a impotencia, porque alí está todo o bo que Deus sementou no corazón do ser humano. As dificultades que semellan enormes son a oportunidade para crecer, e non a escusa para a tristeza inerte que favorece a submisión. Porén, non o fagamos sos, individualmente. O samaritano buscou un hostaleiro que puidese coidar daquel home, como nós estamos chamados a invitar e encontrarnos nun "nós" que sexa máis forte do que a suma de pequenas individualidades; lembremos que «o todo é máis do que as partes, e tamén é máis do que a simple suma delas».[60] Renunciemos á mesquindade e ao resentimento dos particularismos maniños, das contraposicións sen fin. Deixemos de esconder a dor das perdas e ocupémonos dos nosos delitos, da nosa desidia e das nosas mentiras. A reconciliación reparadora faranos rexurdir e faranos perder o medo a nós mesmos e aos demais.

79. O samaritano do camiño marchou sen esperar recoñecementos ou agradecementos. A dedicación ao servizo era a gran satisfacción perante o seu Deus e perante a súa vida, e por isto un deber. Todos temos responsabilidade verbo dese ferido que é o pobo mesmo e todos os pobos da terra. Coidemos da fraxilidade de cada home, de cada muller, de cada neno e de cada ancián, con esa actitude solidaria e atenta, a actitude de proximidade do bo samaritano.

**O próximo sen fronteiras**

80. Xesús propuxo esta parábola para responder a unha pregunta: Quen é o meu próximo? A palabra "próximo" na sociedade da época de Xesús adoitaba indicar a quen é máis veciño, próximo. Entendíase que a axuda debía dirixirse en primeiro lugar ao que pertence ao propio grupo, á propia raza. Un samaritano, para algúns xudeus de entón, era considerado unha persoa desprezábel, impura, e polo tanto non estaba incluído entre os veciños aos que se debía dar axuda. O xudeu Xesús inverte completamente esta concepción: non nos chama a preguntar quen son os veciños de noso, senón a facérmonos nós veciños, próximos.

81. A proposta é a de facerse presente á persoa que necesita axuda, sen mirar se forma parte do propio círculo de pertenza. Neste caso, o samaritano foi quen *se fixo próximo* do xudeu ferido. Para facerse veciño e presente, atravesou todas as barreiras culturais e históricas. A conclusión de Xesús é unha petición: «Vai e fai ti o mesmo» (Lc 10,37). É dicir, interpélanos para que poñamos a un lado toda diferenza e, ante o sufrimento, fagámonos veciños para calquera. Así que xa non digo que teño "próximos" para axudar, senón que me sinto chamado a converterme eu nun próximo dos demais.

82. O problema é que, expresamente, Xesús remarca que o home ferido era un xudeu –habitante de Xudea– mentres o que se detivo e o axudou era un samaritano –habitante de Samaría–. Este detalle ten unha importancia excepcional para reflexionar sobre un amor que se abre a todos. Os samaritanos habitaban unha rexión que fora contaminada por ritos pagáns, e para os xudeus isto volvíaos impuros, detestábeis, perigosos. De feito, un antigo texto xudeu que menciona nacións dignas de desprezo, refírese a Samaría afirmando por riba que «nin sequera é un pobo» (Sir 50,25), e engade que é «o pobo estulto que reside en Siquén» (v. 26).

83. Isto explica por que unha muller samaritana, cando Xesús lle pediu de beber, respondeu enfaticamente: «Como ti, sendo xudeu, pides de beber a min que son unha muller samaritana?» (Xn 4,9). Os que buscaban acusacións que puidesen desacreditar a Xesús, a cousa máis ofensiva que atoparon foi chamarlle «endemoñado» e «samaritano» (Xn 8,48). Polo tanto, este encontro misericordioso entre un samaritano e un xudeu é unha potente provocación, que desmente toda manipulación ideolóxica, para que alarguemos o noso círculo, dando á nosa capacidade de amar unha dimensión universal, capaz de superar todos os prexuízos, todas as barreiras históricas ou culturais, todos os intereses mesquiños.

**A chamada do forasteiro**

84. Finalmente, lembro que noutra pasaxe do Evanxeo Xesús di: «Fun forasteiro e acolléstesme» (Mt 25,35). Xesús podía dicir estas palabras porque tiña un corazón aberto que facía seus os dramas dos demais. San Paulo exhortaba: «Alegrádevos cos que están alegres, chorade cos que están a chorar» (Rm

12,15). Cando o corazón asume tal actitude, é quen de se identificar co outro sen preocuparse de onde este naceu ou de onde vén. Entrando nesta dinámica, en definitiva, experimenta que os outros son «a súa mesma carne» (Is 58,7).

85. Para os cristiáns, as palabras de Xesús teñen tamén outra dimensión, transcendente. Implican recoñecer o mesmo Cristo en todo irmán abandonado ou excluído (cf. Mt 25,40.45). En realidade, a fe colma de motivacións inauditas o recoñecemento do outro, porque quen cre pode chegar a recoñecer que Deus ama a cada ser humano cun amor infinito e que "con iso lle confire unha dignidade infinita»[61]. A isto agrégase que cremos que Cristo verteu o seu sangue por todos e por cadaquén, e por iso ninguén queda fóra do seu amor universal. E, se imos á fonte última, que é a vida íntima de Deus, atopámonos cunha comunidade de tres Persoas, orixe e modelo perfecto de toda vida en común. A teoloxía continúa enriquecéndose grazas á reflexión sobre esta gran verdade.

86. Ás veces entristéceme que, mesmo dotada de tales motivacións, a Igrexa necesitase tanto tempo para condenar con forza a escravitude e diversas formas de violencia. Hoxe, co desenvolvemento da espiritualidade e da teoloxía, non temos escusas. Así e todo, existen aínda os que pensan sentirse animados ou polo menos autorizados pola súa fe a sosteren distintas formas de nacionalismo pechado e violento, actitudes xenófobas, desprezo e ata maos tratos contra os que son diferentes. A fe, co humanismo que inspira, debe manter vivo un sentido crítico perante estas tendencias e axudar a reaccionar axiña cando comezan a se insinuar. Para iso é importante que a catequese e a predicación inclúan de modo máis directo e claro o sentido social da existencia, a dimensión fraterna da espiritualidade, a convicción sobre a inalienábel dignidade de toda persoa e as motivacións para amar e acoller a todos.

## Capítulo terceiro

## PENSAR E XERAR UN MUNDO ABERTO

87. Un ser humano está feito de tal xeito que non se realiza, non se desenvolve nin pode achar a propia plenitude «senón na doazón sincera de si mesmo»[62]. E, igualmente, non chega a recoñecer a fondo a súa propia verdade senón no encontro cos outros: «Non comunico efectivamente comigo mesmo senón na medida en que comunico co outro»[63]. Isto explica por que ninguén pode experimentar o valor da vida sen rostros concretos que amar. Aquí está un segredo da verdadeira existencia humana, porque «a vida subsiste onde hai vínculo, comuñón, fraternidade; e é unha vida máis forte do que a morte cando se constrúe sobre relacións verdadeiras e vínculos de fidelidade. Pola contra, non hai vida onde se ten a pretensión de pertencer só a si mesmos e de vivir coma illas: nestas actitudes prevalece a morte»[64].

### Para alén

88. Desde o íntimo de cada corazón, o amor crea vínculos e alarga a existencia cando fai saír a persoa de si mesma cara ao outro[65]. Fomos feitos para o amor e hai en cada un de nós «unha especie de lei da "éxtase": saír de si mesmos para achar nos outros un arrequecemento de ser»[66]. Por iso, «en calquera caso o home debe decidirse algunha vez a, dun pulo, saír de si mesmo»[67].

89. Por outra banda, non podo reducir a miña vida á relación cun pequeno grupo, nin sequera á miña familia, porque me é imposíbel entenderme sen un tecido máis amplo de relacións: non só o actual, senón tamén o que me precede e foi configurándome no curso da miña vida. A miña relación cunha persoa que estimo, non pode ignorar que esa persoa non vive soamente pola súa relación comigo, nin eu vivo só pola miña referencia a ela. A nosa relación, se é sa e auténtica, ábrenos aos outros que nos fan crecer e nos enriquecen. O máis nobre sentido social hoxe queda facilmente anulado detrás de intimismos egoístas con aparencia de relacións intensas. En troques, o amor que é auténtico, que axuda a crecer, e as formas máis nobres da amizade, habitan corazóns que se deixan completar. O vínculo de parella e de amizade está orientado a abrir o corazón ao redor dun, a volvernos capaces de saír de nós mesmos ata acollermos a todos. Os grupos pechados e as parellas auto-referenciais, que se constitúen como un "nós" contraposto a todo o mundo, adoitan ser formas idealizadas de egoísmo e de mera auto-preservación.

90. Non é unha casualidade que moitas pequenas poboacións sobreviventes en zonas desérticas desenvolvesen unha xenerosa capacidade de acollida cos peregrinos de paso, dando así un sinal exemplar do sagrado deber da hospitalidade. Vivírono tamén as comunidades monásticas medievais, como se ve na Regra de san Bieito. Aínda que puidese estorbar a orde e o silencio dos mosteiros, Bieito exixía que os pobres e peregrinos fosen tratados «con toda a consideración e o coidado posíbeis»[68]. A hospitalidade é un modo concreto de non privarse deste desafío e deste don que é o encontro coa humanidade para alén do propio grupo. Aquelas persoas recoñecían que todos os valores que podían cultivar, debían estar acompañados por esta capacidade de transcenderse nunha apertura aos outros.

*O valor único do amor*

91. As persoas poden desenvolver algunhas actitudes que presentan como valores morais: fortaleza, sobriedade, laboriosidade e outras virtudes. Porén, para orientar axeitadamente os actos das distintas virtudes morais, cómpre considerar tamén en que medida eses actos realizan un dinamismo de apertura e unión cara a outras persoas. Ese dinamismo é a caridade que Deus infunde. Outramente, teremos se cadra soamente unha aparencia de virtudes, e estas serán incapaces de construír a vida en común. Por iso san Tomé de Aquino –citando a santo Agostiño– dicía que a temperanza dunha persoa avara nin sequera é virtuosa[69]. San Boaventura, con outras palabras, explicaba que as outras virtudes, sen a caridade, en rigor non cumpren os mandamentos «como Deus os entende»[70].

92. A estatura espiritual dunha vida humana está definida polo amor, que en última análise é «o criterio para a decisión definitiva sobre o valor ou o a falta de valor dunha vida humana»[71]. Así e todo, hai crentes que coidan que a súa grandeza consiste en impoñer as súas ideoloxías aos outros, ou na defensa violenta da verdade, ou en grandes demostracións de forza. Todos nós, os crentes, necesitamos recoñecer isto: no primeiro posto está o amor, o que nunca se debe pór en perigo é o amor, o maior perigo é non amar (cf. 1 Co 13,1-13).

93. Buscando precisar en que consiste a experiencia de amar, que Deus fai posíbel coa súa graza, san Tomé de Aquino explicábao como un movemento que pon a atención no outro «considerándoo como unha única cousa consigo mesmo»[72]. A atención afectiva que se presta ao outro, provoca unha orientación a buscar o seu ben gratuitamente. Todo isto parte dunha estima, dun aprecio, que en definitiva é o que está detrás da palabra "caridade": o ser amado é "caro" para min, quere dicir que o considero de gran valor»[73]. E «do amor polo que a un lle é grata unha persoa determinada, derivan as gratificacións cara a ela»[74].

94. O amor, pois logo, implica algo máis ca unha serie de accións benéficas. As accións derivan dunha unión que inclina cada vez máis cara ao outro considerándoo valioso, digno, grato e belo, para alén das aparencias físicas ou morais. O amor ao outro por quen el é, púxanos a buscarmos o mellor para a súa vida. Só cultivándomos este xeito de relacionarnos faremos posíbeis a amizade social que non exclúe a ninguén, e a fraternidade aberta a todos.

## A progresiva apertura do amor

95. O amor, finalmente, fainos tender cara á comuñón universal. Ninguén madura nin acada a súa plenitude illándose. Pola súa mesma dinámica, o amor exixe unha progresiva apertura, maior capacidade de acoller os outros, nunha aventura nunca cumprida que fai converxer todas as periferias cara a un pleno sentido de pertenza recíproca. Xesús díxonos: «Vós sodes todos irmáns» (Mt 23,8).

96. Esta necesidade de ir alén dos propios límites vale tamén para as distintas rexións e os distintos países. De feito, «o número sempre crecente de interdependencias e de comunicacións que envolven o noso planeta, fai máis palpábel a conciencia da unidade e dun destino común compartido entre as nacións da terra. Nos dinamismos da historia, mesmo na diversidade de etnias, sociedades e culturas, vemos sementada a vocación a formar unha comunidade composta de irmáns que se acollen reciprocamente, preocupándose uns dos outros»[75].

*Sociedades abertas que integran a todos*

97. Hai periferias que se achan preto de nós, no centro dunha cidade, ou na propia familia. Tamén hai un aspecto da apertura universal do amor que non é xeográfico, senón existencial. É a capacidade cotiá de alargar o meu círculo, de chegar a aqueles que espontaneamente non sinto como parte do meu mundo de intereses, aínda que estean preto de min. Por outra banda, cada irmán ou irmá que sofre, abandonado ou ignorado pola miña sociedade, é un forasteiro existencial, aínda que nacese no mesmo país. Pode ser un cidadán con todos os papeis en regra, e aínda así fan que se sinta como un estranxeiro na propia terra. O racismo é un virus que *muta* facilmente e no canto de desaparecer escóndese, mais está sempre á espreita.

98. Quero recordar eses "exiliados ocultos" que son tratados como corpos estraños na sociedade[76]. Moitas persoas con discapacidade «senten que existen sen pertenceren e sen participaren». Hai aínda moitas cousas «que lles [impide] unha cidadanía plena». O obxectivo non é só coidar deles, senón a súa «participación activa na comunidade civil e eclesial. É un camiño exixente e ata fatigoso, que contribuirá cada vez máis a formar conciencias capaces de recoñecer a cadaquén como unha persoa única e irrepetíbel». Igualmente penso nas persoas anciás «que, tamén pola súa discapacidade, son ás veces sentidas como un peso». Porén, todos poden achegar «unha contribución singular ao ben común a través da súa biografía orixinal». Permítome insistir: cómpre «ter o valor de dar voz aos que son discriminados pola súa discapacidade, porque tristemente nalgunhas nacións, aínda hoxe, custa recoñecelos como persoas de igual dignidade»[77].

*Comprensións inadecuadas dun amor universal*

99. O amor que se estende alén das fronteiras ten como base o que chamamos "amizade social" en toda cidade ou en todo país. Cando é xenuína, esta amizade social no interior dunha sociedade é condición de posibilidade dunha verdadeira apertura universal. Non se trata do falso universalismo de quen necesita viaxar arreo porque non atura nin ama o propio pobo. Quen mira o seu pobo con desprezo, estabelece na propia sociedade categorías de primeira e de segunda clase, de persoas con máis ou menos dignidade e dereitos. Deste xeito nega que haxa lugar para todos.

100. Non estou propoñendo un universalismo autoritario e abstracto, ditado ou planificado por algúns e presentado como un presunto ideal co fin de homoxeneizar, dominar e depredar. Hai un modelo de globalización que «mira conscientemente a unha uniformidade unidimensional e busca eliminar todas as diferenzas e as tradicións cunha procura superficial da unidade. [...] Se unha globalización pretende facer a todos iguais, coma se fose unha esfera, esa globalización destrúe a peculiaridade de cada persoa e de cada pobo»[78]. Ese falso soño universalista termina por privar o mundo da variedade das súas cores, da súa beleza e en definitiva da súa humanidade. Porque «o futuro non é "monocromático", senón que, se temos valor para iso, é posíbel ollalo na variedade e na diversidade das achegas que cadaquén pode dar. Canta falta ten a nosa familia humana de aprender a vivir xuntos en harmonía e paz sen termos que ser todos iguais»[79].

## Ir alén dun mundo de socios

101. Retomemos agora aquela parábola do bo samaritano, que aínda ten moito que propoñernos. Había un home ferido no camiño. Os personaxes que pasaban a carón del, non se concentraban na chamada interior a se faceren próximos, senón na súa función, na posición social que ocupaban, nunha profesión de prestixio na sociedade. Sentíanse importantes para a sociedade daquel tempo e o que os premía, era o rol que debían realizar. O home ferido e abandonado no camiño era un estorbo para ese proxecto, unha interrupción, e pola súa parte era alguén que non revestía ningunha función. Era un "ninguén", non pertencía a un grupo digno de consideración, non tiña ningún rol na construción da historia. Entrementres, o samaritano xeneroso resistíase a estas clasificacións pechadas, aínda que el mesmo quedaba fóra de todas estas categorías e era simplemente un estraño sen un posto propio na sociedade. Así, libre de todo rótulo e estrutura, foi capaz de interromper a súa viaxe, de cambiar os seus plans, de estar dispoñíbel para abrirse á sorpresa do home ferido que o necesitaba.

102. Que reacción podería suscitar hoxe esta narración, nun mundo onde aparecen arreo, e crecen, grupos sociais que se aferran a unha identidade que os arreda dos demais? Como pode conmover os que tenden a

se organizar impedindo toda presenza estraña que poida perturbar esa identidade e esa organización auto-defensiva e auto-referencial? Nese esquema queda excluída a posibilidade de facerse próximo, e só é posíbel ser próximo de quen permita consolidar as avantaxes persoais. Así a palabra “próximo” perde todo significado, e soamente cobra sentido a palabra “socio”, o que está asociado por determinados intereses[80].

*Liberdade, igualdade e fraternidade*

103. A fraternidade non é só o resultado de condicións de respecto á liberdade individual, nin sequera de certa equidade regulada. Aínda que estas son condicións de posibilidade, non bastan para que aquela derive delas como resultado necesario. A fraternidade ten algo positivo que ofrecer á liberdade e á igualdade. Que ocorre sen a fraternidade conscientemente cultivada, sen unha vontade política de fraternidade, traducida nunha educación para a fraternidade, para o diálogo, para o descubrimento da reciprocidade e o enriquecemento mutuo como valores? Sucede que a liberdade se restrinxe, resultando así máis ben unha condición de soidade, de pura autonomía para pertencer a alguén ou a algo, ou só para posuír e gozar. Isto non esgota, nin moito menos, a riqueza da liberdade, que está orientada sobre todo ao amor.

104. Nin a igualdade se obtén definindo en abstracto que “todos os seres humanos son iguais”, senón que é o resultado do cultivo consciente e pedagóxico da fraternidade. Os que soamente son capaces de ser socios, crean mundos pechados. Que sentido pode ter neste esquema esa persoa que non pertence ao círculo dos socios e chega soñando unha vida mellor para si e para a súa familia?

105. O individualismo non nos fai máis libres, máis iguais, máis irmáns. A mera suma dos intereses individuais non é capaz de xerar un mundo mellor para toda a humanidade. Nin nos pode preservar de tantos males que cada vez se volven máis globais. Senón que o individualismo radical é o virus máis difícil de vencer. Engana. Fainos crer que todo consiste en dar renda solta ás propias ambicións, coma se acumulando ambicións e seguridades individuais puidésemos construír o ben común.

**Amor universal que promove as persoas**

106. Hai un recoñecemento básico, cuxa realización é esencial para camiñar cara á amizade social e a fraternidade universal: decatarse de canto vale un ser humano, de canto vale unha persoa, sempre e en calquera circunstancia. Se cada un vale tanto, cómpre dicir con claridade e firmeza que «o único feito de que nacesen nun lugar con menores recursos ou menor desenvolvemento non xustifica que algunhas persoas vivan con menor dignidade»[81]. Este é un principio elemental da vida social, que habitualmente e de distintos xeitos é ignorado polos que senten que non convén á súa visión do mundo ou non serve aos seus fins.

107. Todo ser humano ten dereito a vivir con dignidade e a desenvolverse integralmente, e ningún país pode negar ese dereito fundamental. Teno cadaquén aínda que sexa pouco eficiente, aínda que nacese ou crecese con limitacións; pois isto non diminúe a súa inmensa dignidade como persoa humana, que non se fundamenta nas circunstancias, senón no valor do seu ser. Cando este principio elemental non é salvagardado, non hai futuro nin para a fraternidade nin para a supervivencia da humanidade.

108. Hai sociedades que acollen parcialmente este principio. Aceptan que haxa oportunidades para todos, e mais sosteñen que, posto isto, todo depende de cada un. Segundo tal perspectiva parcial, non tería sentido «investir para que os que quedan atrás, os débiles ou os menos dotados poidan abrir o seu camiño na vida»[82]. Investir a prol das persoas fráxiles pode non ser rendíbel, pode comportar menor eficiencia. Exixe un Estado presente e activo, e institucións da sociedade civil que vaian alén da liberdade dos mecanismos eficientistas de certos sistemas económicos, políticos ou ideolóxicos, porque de veras se orientan ante todo ás persoas e ao ben común.

109. Algúns nacen en familias de boa posición económica, reciben boa educación, crecen ben alimentados, ou posúen naturalmente capacidades notábeis. Estes seguramente non terán necesidade dun Estado activo e pedirán soamente liberdade. Porén, evidentemente, non vale a mesma regra para unha persoa con

discapacidade, para quen naceu nunha casa moi pobre, para quen creceu cunha educación de baixa calidade e con escasas posibilidades de curar como se debe as súas enfermidades. Se a sociedade se rexe primariamente polos criterios da liberdade de mercado e da eficiencia, non hai sitio para eles, e a fraternidade será, como moito, unha expresión romántica.

110. O feito é que «a simple proclamación da liberdade económica, cando porén as condicións reais impiden que moitos poidan acceder realmente a ela, e cando se diminúe o acceso ao traballo, convértese nun discurso contraditorio»[83]. Palabras como liberdade, democracia ou fraternidade baléiranse de sentido. Porque, en realidade, «mentres o noso sistema económico e social siga producindo unha vítima e haxa unha soa persoa descartada, non poderá haber a festa de fraternidade universal»[84]. Unha sociedade humana e fraterna é capaz de esforzarse para asegurar de modo eficiente e estábel que todos sexan acompañados no percorrido das súas vidas, non só para prover as súas necesidades primarias, senón para que poidan dar o mellor de si, aínda que o seu rendemento non sexa o mellor, aínda que vaian a modo, aínda que a súa eficiencia sexa pouco relevante.

111. A persoa humana, cos seus dereitos inalienábeis, está naturalmente aberta aos vínculos. Na súa propia raíz habita a chamada a transcenderse a si mesma no encontro cos outros. Por iso «cómpre prestar atención para non caer nalgúns equívocos que poden nacer dun mao entendemento dos dereitos humanos e dun paradoxal abuso deles. Existe hoxe, en efecto, a tendencia a unha reivindicación sempre máis ampla dos dereitos individuais –estou tentado a dicir individualistas–, que esconde unha concepción de persoa humana xebrada de todo contexto social e antropolóxico, case como unha "mónada" (*monás*), cada vez máis insensíbel. [...] Se o dereito de cada un non está harmonicamente ordenado ao ben máis grande, termina por concibirse sen limitacións e, consecuentemente, por se converter en fonte de conflitos e de violencias»[85].

## Promover o ben moral

112. Non podemos deixar de dicir que o desexo e a procura do ben dos demais e de toda a humanidade implican tamén esforzarse por unha maduración das persoas e das sociedades nos distintos valores morais que conducen a un desenvolvemento humano integral. No Novo Testamento menciónase un froito do Espírito Santo (cf. Gál 5,22) denominado co termo grego *agathosyne*. Indica a querenza do ben, a procura do ben. Máis aínda, é buscar o que máis vale, o mellor para os demais: a súa maduración, o seu crecemento nunha vida sa, o exercicio dos valores e non só o benestar material. Hai unha expresión latina semellante: *bene-volentia*, isto é, a actitude de querer o ben do outro. É un forte desexo do ben, unha inclinación cara a todo o que é bo e excelente, que nos puxa a colmar a vida dos outros de cousas belas, sublimes, edificantes.

113. Nesta liña, volvo descubrir con dor que «xa estivemos tempo abondo na degradación moral, facéndomos burla da ética, da bondade, da fe, da honestidade, e chegou o momento de recoñecer que esa alegre superficialidade nos serviu para pouco. Tal destrución de todo fundamento da vida social termina en metérmonos un contra o outro para defender os propios intereses»[86]. Volvamos promover o ben, para nós mesmos e para toda a humanidade, e así camiñaremos xuntos cara a un crecemento xenuíno e integral. Toda sociedade necesita asegurar a transmisión dos valores, porque se isto non sucede transmítense o egoísmo, a violencia, a corrupción nas súas diversas formas, a indiferenza e, en definitiva, unha vida pechada a toda transcendencia e atrincheirada nos intereses individuais.

### *O valor da solidariedade*

114. Desexo salientar a solidariedade, que «como virtude moral e actitude social, froito da conversión persoal, exixe un compromiso por parte dunha multiplicidade de suxeitos que teñen responsabilidades de carácter educativo e formativo. O meu primeiro pensamento vai para as familias, chamadas a unha misión educativa primaria e imprescindíbel. Elas constitúen o primeiro lugar no que se viven e se transmiten os valores do amor e da fraternidade, da convivencia e do compartir, da atención e do coidado do outro. Elas son tamén o ámbito privilexiado para a transmisión da fe, comezando por aqueles primeiros simples xestos de devoción que as nais ensinan aos fillos. No referente aos educadores e aos formadores que, na escola ou nos diferentes centros de asociación infantil e xuvenil, teñen a ardua tarefa de educar os nenos e mozos,

están chamados a ser conscientes de que a súa responsabilidade atinxe as dimensións morais, espirituais e sociais da persoa. Os valores da liberdade, do respecto recíproco e da solidariedade poden ser transmitidos desde a máis tenra idade.[...] Tamén os axentes da cultura e dos medios de comunicación social teñen responsabilidade no eido da educación e a formación, especialmente nas sociedades contemporáneas, nas que o acceso aos instrumentos de formación e de comunicación está cada vez máis espallado»[87].

115. Nestes momentos, nos que todo parece disolverse e perder consistencia, fainos ben apelar á solidez[88] que deriva de nos sabermos responsábeis da fraxilidade dos demais buscando un destino común. A solidariedade exprésase concretamente no servizo, que pode asumir formas moi diversas no modo de se ocupar dos demais. O servizo é «en gran parte, coidar da fraxilidade. Servir significa coidar dos que son fráxiles nas nosas familias, na nosa sociedade, no noso pobo». Nesta angueira cada un é capaz de «poñer a un lado as súas exixencias, expectativas, os seus desexos de omnipotencia, ante a mirada concreta dos máis fráxiles. [...] O servizo sempre mira a faciana do irmán, toca a súa carne, sente a súa proximidade ata chegar nalgúns casos a "sufrila" e busca a promoción do irmán. Por estas razóns o servizo non é nunca ideolóxico, desde o momento en que non serve a ideas, senón a persoas»[89].

116. Os últimos en xeral «practican esa solidariedade tan especial que existe entre os que sofren, entre os pobres, e que a nosa civilización parece que esqueceu, ou polo menos apetécelle moito esquecer. Solidariedade é unha palabra que non sempre agrada, eu diría que algunhas veces a transformamos nunha palabra fea, non se pode dicir; é, porén, unha palabra que expresa moito máis do que algúns actos de xenerosidade esporádicos. É pensar e actuar en termos de comunidade, de prioridade da vida de todos por riba da apropiación dos bens por parte dalgúns. É tamén loitar contra as causas estruturais da pobreza, a desigualdade, a falta de traballo, de terra e de vivenda, a negación dos dereitos sociais e laborais. É facer fronte aos efectos destrutores do Imperio do diñeiro. [...] A solidariedade, entendida no seu sentido máis fondo, é un modo de facer a historia, e iso é o que fan os movementos populares»[90].

117. Cando falamos de coidar a casa común que é o planeta, apelamos a ese mínimo de conciencia universal e de preocupación polo coidado recíproco que aínda pode quedar nas persoas. De feito, se alguén ten auga de abondo e, porén, consérvaa pensando na humanidade, é porque acadou un nivel moral que lle permite ir alén de si mesmo e do propio grupo de pertenza. Iso é marabillosamente humano! Esta mesma actitude é a que se require para recoñecer os dereitos de todo ser humano, aínda que nacese alén das propias fronteiras.

**Propoñer de novo a función social da propiedade**

118. O mundo existe para todos, porque todos os seres humanos nacemos nesta terra coa mesma dignidade. As diferenzas de cor, relixión, capacidades, lugar de nacemento, lugar de residencia e tantas outras non se poden antepoñer ou utilizar para xustificar os privilexios dalgúns á custa dos dereitos de todos. En consecuencia, como comunidade estamos obrigados a garantir que cada persoa viva con dignidade e teña oportunidades axeitadas para o seu desenvolvemento integral.

119. Nos primeiros séculos da fe cristiá, varios sabios desenvolveron un sentido universal na súa reflexión sobre o destino común dos bens creados[91]. Isto levaba a pensar que, se alguén non ten o necesario para vivir con dignidade, é porque outro se está apropiando diso. Resúmeo san Xoán Crisóstomo dicindo que «non dar aos pobres parte dos propios bens é roubar aos pobres, é privalos da súa propia vida; e canto posuímos non é noso, senón deles»[92]. Coma tamén estas palabras de san Gregorio Magno: «Cando distribuímos aos indixentes calquera cousa, non estamos a dar o que é noso, senón que lles restituímos o que lles pertence»[93].

120. De novo fago miñas e propoño a todos unhas palabras de san Xoán Paulo II cuxa forza se cadra non foi comprendida: «Deus deu a terra a todo o xénero humano para que sustente todos os seus membros, sen excluír nin privilexiar a ningún»[94]. Nesta liña recordo que «a tradición cristiá nunca recoñeceu como absoluto ou intocábel o dereito á propiedade privada, e salientou a función social de calquera forma de propiedade privada».[95] O principio do uso común dos bens creados para todos é o «primeiro principio de todo o ordenamento ético-social»[96], é un dereito natural, orixinario e prioritario[97]. Todos os outros

dereitos sobre os bens necesarios para a realización integral das persoas, incluído o da propiedade privada e calquera outro, «non deben por iso estorbar, senón, ao contrario, facilitar a súa realización», como afirmaba san Paulo VI[98]. O dereito á propiedade privada só pode ser considerado como un dereito natural secundario e derivado do principio do destino universal dos bens creados, e isto ten consecuencias moi concretas, que deben reflectirse sobre o funcionamento da sociedade. Porén sucede con frecuencia que os dereitos secundarios se poñen por riba dos prioritarios e orixinarios, privándoos de relevancia práctica.

*Dereitos sen fronteiras*

121. Ninguén pode, pois logo, quedar excluído, sen importar onde nacese, e moito menos por mor dos privilexios que outros posúen por naceren en lugares con maiores oportunidades. Os límites e as fronteiras dos Estados non poden impedir que isto se realice. Así como é inaceptábel que unha persoa teña menos dereitos polo feito de ser muller, é igualmente inaceptábel que o lugar de nacemento ou de residencia xa de por si determine menores oportunidades de vida digna e de desenvolvemento.

122. O desenvolvemento non debe orientarse á acumulación crecente en beneficio duns poucos, senón que ten que asegurar «os dereitos humanos, persoais e sociais, económicos e políticos, incluídos os dereitos das Nacións e dos pobos»[99]. O dereito dalgúns á liberdade de empresa ou de mercado non pode estar por riba dos dereitos dos pobos e da dignidade dos pobres; nin por riba do respecto do ambiente, xa que «quen posúe unha parte deles é só para administrala en beneficio de todos» [100].

123. A actividade dos empresarios, efectivamente, «é unha nobre vocación orientada a producir riqueza e a mellorar o mundo para todos»[101]. Deus promóvenos, espérase de nós que desenvolvamos as capacidades que nos deu, e encheu o universo de potencialidades. Nos seus designios cada persoa está chamada a promover o seu propio desenvolvemento[102], e isto comprende a actuación das capacidades económicas e tecnolóxicas para facer crecer os bens e aumentar a riqueza. Porén, en calquera caso, estas capacidades dos empresarios, que son un don de Deus, deberían estar orientadas claramente ao progreso das outras persoas e á superación da miseria, especialmente a través da creación de oportunidades de traballo diversificadas. Sempre, xunto ao dereito de propiedade privada, está o prioritario e precedente dereito da subordinación de toda propiedade privada ao destino universal dos bens da terra e, polo tanto, o dereito de todos ao seu uso[103].

*Dereitos dos pobos*

124. A certeza do destino común dos bens da terra require hoxe que sexa aplicada tamén aos países, aos seus territorios e aos seus recursos. Se o miramos non só desde a lexitimidade da propiedade privada e dos dereitos dos cidadáns dunha determinada nación, senón tamén desde o primeiro principio do destino común dos bens, entón podemos dicir que todo país é tamén do estranxeiro, en canto os bens dun territorio non deben ser negados a unha persoa necesitada que proveña doutro lugar. Porque, como ensinaron os Bispos dos Estados Unidos, hai dereitos fundamentais que «preceden a calquera sociedade porque derivan da dignidade conferida a cada persoa en canto creada por Deus»[104].

125. Isto presupón, de por parte, outro xeito de entender as relacións e o intercambio entre os países. Se toda persoa ten unha dignidade inalienábel, se todo ser humano é meu irmán ou miña irmá, e se en realidade o mundo é de todos, non importa se alguén naceu aquí ou se vive fóra dos límites do seu país. Tamén a miña nación é corresponsábel do seu desenvolvemento, aínda que poida cumprir esta responsabilidade de diversos xeitos: acolléndoo de xeito xeneroso cando o necesite imperiosamente, promovéndoo na súa propia terra, non aproveitándose nin baleirando de recursos naturais países enteiros favorecendo sistemas corruptos que impiden o desenvolvemento digno dos pobos. Isto, que vale para as nacións, aplícase ás distintas rexións de cada país, entre as que se producen adoito graves desigualdades. Porén, a incapacidade de recoñecer a igual dignidade humana fai ás veces que as rexións máis desenvolvidas dalgúns países aspiren a liberarse do "lastre" das rexións máis pobres para aumentaren aínda máis o seu nivel de consumo.

126. Falamos dunha nova rede nas relacións internacionais, porque non hai modo de resolver os graves problemas do mundo razoando só en termos de axuda mutua entre individuos ou pequenos grupos.

Lembremos que «a desigualdade non atinxe só os individuos, senón países enteiros, e obriga a pensar nunha ética das relacións internacionais»[105]. E a xustiza exixe recoñecer e respectar non só os dereitos individuais, senón tamén os dereitos sociais e os dereitos dos pobos[106]. O que estamos a afirmar implica que se asegure «o dereito fundamental dos pobos á subsistencia e ao progreso»[107], que ás veces resulta fortemente obstaculizado pola presión que deriva da débeda externa. O pago da débeda en moitas ocasións non só non favorece o desenvolvemento, senón que o limita e condiciona fortemente. Aínda que se manteña o principio de que toda débeda lexitimamente contraída debe ser saldada, o modo de cumprir este deber que moitos países pobres teñen cos países ricos, non debe levar a comprometer a súa subsistencia e o seu crecemento.

127. Sen dúbidas, trátase doutra lóxica. Se non se tenta de entrar nesta lóxica, as miñas palabras soarán a fantasía. E, porén, se se acepta o gran principio dos dereitos que deitan do só feito de posuír a inalienábel dignidade humana, é posíbel aceptar o desafío de soñar e pensar noutra humanidade. É posíbel desexar un planeta que asegure terra, casa e traballo a todos. Este é o verdadeiro camiño da paz, e non a estratexia parva e miope de sementar temor e desconfianza ante ameazas externas. Porque a paz real e duradeira só é posíbel «a partir dunha ética global de solidariedade e cooperación ao servizo dun futuro modelado pola interdependencia e a corresponsabilidade en toda a familia humana»[108].

## Capítulo cuarto

## UN CORAZÓN ABERTO AO MUNDO ENTEIRO

128. A afirmación de que como seres humanos somos todos irmáns e irmás, se non é só unha abstracción, senón que toma carne e se volve concreta, ponnos unha serie de desafíos que nos abalan, obrígannos a asumir novas perspectivas e a argallar novas respostas.

### O límite das fronteiras

129. Cando o próximo é unha persoa inmigrante, engádense desafíos complexos[109]. Certamente, o ideal sería evitar as migracións innecesarias e para tal fin o camiño é crear nos países de orixe a posibilidade concreta de vivir e de crecer con dignidade, de maneira que se poidan atopar alí as condicións para o propio desenvolvemento integral. Porén, mentres non haxa serios progresos nesta dirección, é deber noso respectar o dereito de todo ser humano a atopar un lugar onde poida non soamente satisfacer as súas necesidades primarias e mais as da súa familia, senón tamén realizarse plenamente como persoa. Os nosos esforzos perante as persoas migrantes que chegan, poden resumirse en catro verbos: acoller, protexer, promover e integrar. En efecto, «non se trata de baixar do alto programas asistenciais, senón de facer xuntos un camiño a través destas catro accións, para construír cidades e países que, mesmo conservando as respectivas identidades culturais e relixiosas, estean abertos ás diferenzas e saiban valoralas no nome da fraternidade humana»[110].

130. Isto implica algunhas respostas indispensábeis, sobre todo perante os que foxen de graves crises humanitarias. Por exemplo: incrementar e simplificar a concesión de visados, adoptar programas de patrocinio privado e comunitario, abrir corredores humanitarios para os refuxiados máis vulnerábeis, ofrecer un aloxamento adecuado e decoroso, garantir a seguridade persoal e o acceso aos servizos esenciais, asegurar unha axeitada asistencia consular, o dereito a ter sempre consigo os documentos persoais de identidade, un acceso imparcial á xustiza, a posibilidade de abrir contas bancarias e a garantía do necesario para a subsistencia vital, darlles liberdade de movemento e posibilidades de traballar, protexer os menores de idade e asegurarlles o acceso regular á educación, prever programas de custodia temporal ou de acollida, garantir a liberdade relixiosa, promover a súa inserción social, favorecer o reagrupamento familiar e preparar as comunidades locais para os procesos de integración[111].

131. Para os que chegaron xa hai tempo e están inseridos no tecido social, é importante aplicar o concepto de "cidadanía", que "se basea na igualdade de dereitos e deberes á sombra da cal todos gozan da xustiza. Por isto é necesario comprometerse a estabelecer nas nosas sociedades o concepto de *plena cidadanía* e renunciar ao uso discriminatorio do termo *minorías*, que trae consigo as sementes do sentirse illado e da inferioridade; iso prepara o terreo para as hostilidades e a discordia e subtrae as conquistas e os dereitos

relixiosos e civís dalgúns cidadáns discriminándoos»[112].

132. Alén das diversas accións indispensábeis, os Estados non poden desenvolver pola súa conta solucións axeitadas «xa que as consecuencias das escollas de cada un recaen inevitabelmente sobre toda a Comunidade internacional». Polo tanto «as respostas só poderán ser froito dun traballo común»[113], creando unha lexislación (*governance*) global para as migracións. De calquera xeito, cómpre «estabelecer proxectos a medio e longo prazo que vaian alén da resposta de emerxencia. Deben, por unha banda, axudar efectivamente á integración dos inmigrantes nos países de acollida e, ao mesmo tempo, favorecer o desenvolvemento dos países de proveniencia, con políticas solidarias que, porén, non sometan as axudas a estratexias e prácticas ideoloxicamente estrañas ou contrarias ás culturas dos pobos aos que se dirixen»[114].

**Os dons recíprocos**

133. A chegada de persoas diversas, que proveñen dun contexto vital e cultural diferente, convértese nun don, porque «as dos inmigrantes tamén son historias de encontro entre persoas e entre culturas: para as comunidades e as sociedades ás que chegan, son unha oportunidade de enriquecemento e de desenvolvemento humano integral de todos»[115]. Por iso «pido especialmente aos mozos non caeren nas redes dos que queren poñelos en contra doutros mozos que chegan aos seus países, describíndoos como suxeitos perigosos e coma se non tivesen a mesma inalienábel dignidade de todo ser humano»[116].

134. Por outra banda, cando se acolle de corazón a persoa diferente, permíteselle seguir sendo ela mesma, mentres se lle dá a posibilidade dun novo desenvolvemento. As distintas culturas, que produciron a súa riqueza no curso dos séculos, deben ser preservadas para que o mundo non se empobreza. E isto sen descoidar o estimulalas a deixaren emerxer de si mesmas algo novo no encontro con outras realidades. Non hai que ignorar o risco de terminar vítimas dunha esclerose cultural. Para iso «temos necesidade de comunicar, de descubrir as riquezas de cada un, de valorar o que nos une e mirar para as diferenzas como oportunidades de crecemento no respecto de todos. É necesario un diálogo paciente e confiado, de tal xeito que as persoas, as familias e as comunidades poidan transmitir os valores da propia cultura e acoller o ben proveniente das experiencias alleas»[117].

135. Retomo exemplos que mencionei hai tempo: a cultura dos latinos é «un fermento de valores e posibilidades que pode facer moito ben aos Estados Unidos. [...] Unha forte inmigración ao final marca sempre e transforma a cultura dun lugar. Na Arxentina, a forte inmigración italiana marcou a cultura da sociedade, e no estilo cultural de Bos Aires nótase moito a presenza duns douscentos mil hebreos. Os inmigrantes, se os axudamos a integrarse, son unha bendición, unha riqueza e un novo don que invita unha sociedade a crecer»[118].

136. Alargándomos a mirada, o Gran Imán Ahmad Al-Tayyeb e mais eu recordabamos que «a relación entre Occidente e Oriente é unha indiscutíbel necesidade recíproca, que non pode ser substituída nin descoidada, a fin de que entrambos poidan enriquecerse mutuamente coa civilización do outro, a través do intercambio e o diálogo das culturas. Occidente podería atopar na civilización de Oriente remedios para algunhas das súas doenzas espirituais e relixiosas causadas polo dominio do materialismo. E Oriente podería atopar na civilización de Occidente moitos elementos que poden axudalo a salvarse da debilidade, da división, do conflito e do devalo científico, técnico e cultural. É importante prestar atención ás diferenzas relixiosas, culturais e históricas que son unha compoñente esencial na formación da personalidade, da cultura e da civilización oriental; e é importante consolidar os dereitos humanos xerais e comúns, para contribuír a garantir unha vida digna para todos os homes en Oriente e en Occidente, evitando o uso da política da dobre medida»[119].

*O fecundo intercambio*

137. A axuda recíproca entre países en definitiva vai en beneficio de todos. Un país que progresa sobre a base do propio orixinal substrato cultural, é un tesouro para toda a humanidade. Necesitamos facer crecer a consciencia de que hoxe ou nos salvamos todos ou ninguén se salva. A pobreza, a degradación, os

sufrimentos dunha zona da terra son un tácito terreo de cultivo de problemas que á fin atinxirán todo o planeta. Se nos preocupa a extinción dalgunhas especies, debería desacougarnos o pensamento de que en calquera parte haxa persoas e pobos que non desenvolven o seu potencial e a súa beleza a causa da pobreza ou doutros límites estruturais. Porque iso termina empobrecéndonos a todos.

138. Se isto foi sempre certo, hoxe éo máis ca nunca debido á realidade dun mundo tan interconectado pola globalización. Necesitamos que un ordenamento mundial xurídico, político e económico «incremente e oriente a colaboración internacional cara ao desenvolvemento solidario de todos os pobos»[120]. Isto á fin devirá en proveito de todo o planeta, porque «a axuda ao desenvolvemento dos países pobres» implica «creación de riqueza para todos»[121]. Desde o punto de vista do desenvolvemento integral, isto presupón que se conceda «tamén ás nacións máis pobres unha voz eficaz nas decisións comúns »[122] e que nos esforcemos en «incentivar o acceso ao mercado internacional dos países marcados pola pobreza e o subdesenvolvemento»[123].

*Gratuidade que acolle*

139. Así e todo, non querería reducir esta formulación a ningunha forma de utilitarismo. Existe a gratuidade. É a capacidade de facer algunhas cousas polo mero feito de que en si son boas, sen esperar tirar delas ningún resultado, sen esperar inmediatamente nada a cambio. Isto permite acoller o estranxeiro, por máis que de momento non achegue un beneficio tanxíbel. Aínda así, hai países que pretenden acoller soamente os científicos e os investidores.

140. Quen non vive a gratuidade fraterna, fai da propia existencia un comercio afanoso, sempre a medir o que dá e mais o que recibe a cambio. Deus, en troques, dá de balde, ata o punto de que axuda mesmo aos que non son fieis, e «fai saír o seu sol sobre os maos e sobre os bos» (Mt 5,45). Por iso Xesús recomenda: «Cando deas esmola, non saiba a túa man esquerda o que fai a dereita, para que a túa esmola remaneza en segredo» (Mt 6,3-4). Recibimos de balde a vida, non pagamos por ela. Daquela, todos podemos dar sen esperar nada, facer o ben sen pretender outro tanto da persoa á que axudamos. É o que Xesús dicía aos seus discípulos: «De balde o recibistes, dádeo de balde» (Mt 10,8).

141. A verdadeira calidade dos distintos países do mundo mídese por esta capacidade de pensar non só como país, senón tamén como familia humana, e isto demóstrase especialmente nos períodos críticos. Os nacionalismos pechados manifestan en definitiva esta incapacidade de gratuidade, a errónea persuasión de poderen desenvolverse á marxe da ruína allea e de que pechándose aos outros estarán máis protexidos. O inmigrante é visto como un usurpador que non ofrece nada. Así, chégase a pensar inxenuamente que os pobres son perigosos ou inútiles e que os poderosos son xenerosos benfeitores. Só unha cultura social e política que inclúa a acollida gratuíta poderá ter futuro.

## Local e universal

142. Débese lembrar que «entre a globalización e a localización se produce unha tensión. Cómpre prestar atención á dimensión global para non caer nunha mesquindade cotiá. Ao mesmo tempo, non convén perder de vista o local, que nos fai camiñar cos pés no chan. As dúas cousas unidas impiden caer nalgún destes dous extremos: un, que os cidadáns vivan nun universalismo abstracto e globalizante [...]; o outro, que se convertan nun museo folclórico de “eremitas” localistas, condenados a repetir sempre as mesmas cousas, incapaces de se deixar interpelar polo diferente e de valorar a beleza que Deus espalla fóra dos seus límites»[124]. Hai que mirar ao global, que nos rescata da mesquindade caseira. Cando a casa xa non é fogar, senón recinto, cela, o global rescátanos porque é como a causa final que nos atrae cara á plenitude. Ao mesmo tempo, cómpre asumir con cordialidade a dimensión local, porque posúe algo que o global non ten: ser lévedo, enriquecer, pór en acción dispositivos de subsidiariedade. Polo tanto, a fraternidade universal e a amizade social no interior de cada sociedade son dous polos inseparábeis e co-esenciais. Separalos conduce a unha deformación e a unha polarización daniña.

*O sabor local*

143. A solución non é unha apertura que renuncia ao propio tesouro. Do mesmo xeito que non hai diálogo

co outro sen identidade persoal, non hai apertura entre os pobos se non é a partir do amor á terra, ao pobo, aos propios trazos culturais. Non me encontro co outro se non posúo un substrato onde estou firme e arraigado, porque sobre esa base podo acoller o don do outro e ofrecerlle algo auténtico. Éme posíbel acoller a quen é diferente e recoñecer a súa achega orixinal, só se estou adherido ao meu pobo e á súa cultura. Cadaquén ama e coida con especial responsabilidade a propia terra e preocúpase polo propio país, do mesmo xeito que cadaquén debe amar e coidar a súa casa para que non se derrube, porque non llo van facer os veciños. Tamén o ben do mundo require que cadaquén protexa e ame a propia terra. Viceversa, as consecuencias do desastre dun país repercutirán sobre todo o planeta. Isto fundaméntase no sentido positivo do dereito de propiedade: eu custodio e cultivo algo que posúo, de xeito que poida ser unha contribución ao ben de todos.

144. Ademais, este é un presuposto dos intercambios sans e enriquecedores. A experiencia de vivir nun lugar determinado e nunha cultura determinada é a base que capacita para percibir aspectos da realidade que os que non teñen esa experiencia, non son quen de percibir tan facilmente. O universal non debe ser o imperio homoxéneo, uniforme e estandarizado dunha única forma cultural imperante, que á fin perderá as cores do poliedro e resultará noxenta. É a tentación que emerxe do antigo relato da torre de Babel: a construción dunha torre que chegase ata o ceo non expresaba a unidade entre distintos pobos capaces de comunicar segundo a súa diversidade. Ao contrario, foi un intento errado, nado do orgullo e da ambición humana, de crear unha unidade distinta da querida por Deus no seu proxecto providencial para as nacións (cf. Xén 11,1-9).

145. Hai unha falsa apertura ao universal, que deriva da superficialidade baleira de quen non é capaz de penetrar ata o fondo na propia patria, ou de quen leva consigo un resentimento non resolto cara ao seu pobo. En todo caso, «cómpre sempre alargar a mirada para recoñecer un ben maior que traerá beneficios a todos nós. Porén, hai que o facer sen evadirse, sen desarraigamentos. É necesario afondar as raíces na terra fértil e na historia do propio lugar, que é un don de Deus. Traballase no pequeno, co que está próximo, aínda que cunha prospectiva máis ampla. [...] Non é nin a esfera global que anula, nin a parcialidade illada que esteriliza»[125], é o poliedro, onde, mentres cadaquén é respectado no seu valor, «o todo é máis do que as partes, e tamén é máis do que a simple suma delas»[126].

*O horizonte universal*

146. Hai narcisismos localistas que non expresan un amor san ao propio pobo e á propia cultura. Esconden un espírito pechado que, por certa inseguridade e certo temor ante o outro, prefire crear murallas defensivas para preservarse un mesmo. Mais non é posíbel ser local de maneira sa sen unha sincera e cordial apertura ao universal, sen se deixar interpelar polo que sucede noutras partes, sen se deixar enriquecer por outras culturas e sen solidarizarse cos dramas dos outros pobos. Ese localismo encérrase teimosamente entre unhas poucas ideas, costumes e seguridades, incapaz de admiración perante as múltiplas posibilidades e belezas que ofrece o mundo enteiro, e carente dunha solidariedade auténtica e xenerosa. Así, a vida local xa non é verdadeiramente receptiva, xa non se deixa completar polo outro; polo tanto, limítase nas súas posibilidades de desenvolvemento, vólvese estática e ponse enferma. Porque en realidade toda cultura sa é, por natureza, aberta e acolledora, de modo que «unha cultura sen valores universais non é unha verdadeira cultura»[127].

147. Recoñezamos que unha persoa, canta menor amplitude ten na mente e no corazón, tanto menos poderá interpretar a realidade próxima, na que está inmersa. Sen a relación e o contraste con quen é diferente, é difícil ter un coñecemento claro e completo de si mesmos e da propia terra, pois as outras culturas non son inimigos dos que é preciso defenderse, senón que son reflexos diferentes da riqueza inesgotábel da vida humana. Mirándose a si mesmos desde o punto de vista do outro, daquel que é diferente, cadaquén pode recoñecer mellor as peculiaridades da propia persoa e da propia cultura: as riquezas, as posibilidades e os límites. A experiencia que se realiza nun lugar, debe ser desenvolvida "en contraste" e "en sintonía" coas experiencias doutros que viven en contextos culturais diferentes[128].

148. En realidade, unha sa apertura nunca entra en conflito coa identidade. En efecto, enriquecéndose con elementos de diversa proveniencia, unha cultura viva non realiza unha copia ou unha mera repetición, senón que integra as novidades segundo modalidades propias. Isto provoca o nacemento dunha nova

síntese que á fin beneficia a todos, xa que a cultura onde tales achegas se orixinan, resulta despois á súa vez alimentada. Por iso teño exhortado os pobos orixinarios a custodiaren as súas raíces e as súas culturas ancestrais, aínda que quixen precisar que non era «a miña intención propor un indixenismo completamente pechado, ahistórico, estático, que se subtraia a toda forma de mestizaxe», pois «a propia identidade cultural afóndase e enriquécese no diálogo con realidades diferentes e o modo auténtico de conservala non é un illamento empobrecedor»[129]. O mundo crece e énchese de nova beleza grazas a sucesivas sínteses que se producen entre culturas abertas, fóra de toda imposición cultural.

149. Para estimular unha sa relación entre o amor á patria e a participación cordial na humanidade enteira, convén recordar que a sociedade mundial non é o resultado da suma dos distintos países, senón que é máis ben a mesma comuñón que existe entre eles, é a inclusión mutua, anterior verbo do xurdimento de cada grupo particular. Nese entrabado da comuñón universal intégrase cada grupo humano e alí atopa a súa beleza. Entón, cada persoa que nace nun contexto determinado, sabe que pertence a unha familia máis grande sen a que non é posíbel ter unha plena comprensión de si.

150. Este enfoque, en definitiva, exixe aceptar con gozo que ningún pobo, cultura ou persoa pode obtelo todo por si soa. Os outros son constitutivamente necesarios para a construción dunha vida plena. A conciencia do límite ou da parcialidade, lonxe de ser unha ameaza, devén a clave desde a que soñar e elaborar un proxecto común. Porque «o home é o ser-límite que non ten límite»[130].

*Desde a propia rexión*

151. Grazas ao intercambio rexional, desde o cal os países máis débiles se abren ao mundo enteiro, é posíbel que a universalidade non disolva as particularidades. Unha axeitada e auténtica apertura ao mundo presupón a capacidade de abrirse ao veciño, nunha familia de nacións. A integración cultural, económica e política cos pobos circunstantes debería ser acompañada por un proceso educativo que promova o valor do amor polo veciño, primeiro exercicio indispensábel para acadar unha sa integración universal.

152. Nalgúns rueiros populares aínda se vive o espírito da “veciñanza”, onde cadaquén sente espontaneamente o deber de acompañar e axudar ao veciño. Nestes lugares que conservan tales valores comunitarios, vívense as relacións de proximidade con trazos de gratuidade, solidariedade e reciprocidade, a partir do sentido dun “nós” de rueiro[131]. Sería cobizábel que isto se puidese vivir tamén entre países veciños, coa capacidade de construíren unha veciñanza cordial entre os seus pobos. Mais as visións individualistas tradúcense nas relacións entre países. O risco de vivir protexéndonos uns dos outros, vendo os outros como competidores ou inimigos perigosos, transfírese á relación cos pobos da rexión. Poida que fósemos educados neste medo e nesta desconfianza.

153. Hai países poderosos e grandes empresas que tiran proveito deste illamento e prefiren tratar con cada país separadamente. Pola contra, para os países pequenos ou pobres ábrese a posibilidade de chegar a acordos rexionais cos veciños, que lles permitan tratar en bloque e evitar converterse en segmentos marxinais e dependentes das grandes potencias. Hoxe ningún Estado nacional illado é quen de asegurar o ben común da propia poboación.

## Capítulo quinto

## A MELLOR POLÍTICA

154. Para facer posíbel o desenvolvemento dunha comunidade mundial, capaz de realizar a fraternidade a partir de pobos e nacións que vivan a amizade social, é necesaria a mellor política, posta ao servizo do verdadeiro ben común. Por desgraza, porén, a política hoxe adoita asumir formas que atrancan o camiño cara a un mundo diverso.

### Populismos e liberalismos

155. O desprezo polos débiles pode esconderse en formas populistas, que os usan demagoxicamente para os seus fins, ou en formas liberais ao servizo dos intereses económicos dos poderosos. En ambos casos

constátase a dificultade de pensar un mundo aberto onde haxa sitio para todos, que inclúa en si os máis débiles e respecte as diversas culturas.

*Popular ou populista*

156. Nos últimos anos a expresión “populismo” ou “populista” invadiu os medios de comunicación e a linguaxe en xeral. Así perde o valor que podería posuír e convértese nunha das polaridades da sociedade dividida. Isto chegou ao punto de pretender clasificar todas as persoas, os grupos, as sociedades e os gobernos a partir dunha división binaria: “populista” ou “non populista”. Agora xa non é posíbel que alguén se exprese sobre calquera tema sen que tenten de o clasificar nun destes dous polos, quer para desacreditalo inxustamente quer para enxalzalo de maneira exaxerada.

157. A pretensión de poñer o populismo como clave de lectura da realidade social, contén outro punto débil: o feito de que ignora a lexitimidade da noción de pobo. O intento de facer desaparecer da linguaxe tal categoría podería levar a eliminar a mesma palabra “democracia” (“goberno do pobo”). Porén, para afirmar que a sociedade é máis ca a mera suma dos individuos, necesítase o termo “pobo”. A realidade é que hai fenómenos sociais que articulan as maiorías, hai mega-tendencias e aspiracións comunitarias; ademais, pódese pensar en obxectivos comúns, alén das diferenzas, para realizar conxuntamente un proxecto compartido; en fin, é moi difícil proxectar algo grande a longo prazo se non se logra convertelo nun soño colectivo. Todo isto acha expresión no substantivo “pobo” e no adxectivo “popular”. Se non se incluísen –xunto cunha sólida crítica da demagoxia–, renunciaríase a un aspecto fundamental da realidade social.

158. Existe, en efecto, un malentendido: «Pobo non é unha categoría lóxica, nin unha categoría mística, se a entendemos no sentido de que todo o que fai o pobo é bo, ou no sentido de que o pobo é unha categoría anxelical. Pois non! É unha categoría mítica [...] Cando explicas o que é un pobo, utilizas categorías lóxicas porque tes que explicalo: precísanse, certamente. Mais non explicas así o sentido de pertenza a un pobo. A palabra pobo ten algo máis, que non se pode explicar de xeito lóxico. Ser parte do pobo é formar parte dunha identidade común feita de vencellos sociais e culturais. E esta non é unha cousa automática, ao contrario: é un proceso lento, difícil… cara a un proxecto común»[132].

159. Hai líderes populares capaces de interpretar o sentir dun pobo, a súa dinámica cultural e as grandes tendencias dunha sociedade. O servizo que prestan, agregando e guiando, pode ser a base para un proxecto duradeiro de transformación e crecemento, que implica tamén a capacidade de ceder o posto a outros na busca do ben común. Porén dexenera en insán populismo cando se muda na habilidade de alguén para atraer apoio co fin de instrumentalizar politicamente a cultura do pobo, baixo calquera signo ideolóxico, ao servizo do propio proxecto persoal e da propia permanencia no poder. Outras veces mira a acumular popularidade fomentando as inclinacións máis baixas e egoístas dalgúns sectores da poboación. Isto agrávase cando se converte, con formas groseiras ou sutís, nun asoballamento das institucións e da legalidade.

160. Os grupos populistas pechados deforman a palabra “pobo”, pois aquilo do que falan, non é un verdadeiro pobo. En efecto, a categoría de “pobo” é aberta. Un pobo vivo, dinámico e con futuro é o que remanece constantemente aberto a novas sínteses asumindo en si o que é diverso. Non o fai negándose a si mesmo, senón máis ben coa disposición a ser posto en movemento e en cuestión, a ser alargado, enriquecido por outros, e dese xeito pode evolucionar.

161. Outra expresión dexenerada dunha autoridade popular é a busca do interese inmediato. Respóndese a exixencias populares co fin de garantir votos ou apoio, mais sen avanzar nunha angueira ardua e constante que ofreza ás persoas os recursos para o seu desenvolvemento, para poderen soster a vida cos seus esforzos e mais coa súa creatividade. Neste sentido afirmei con claridade que está «lonxe de min propoñer un populismo irresponsábel»[133]. Por unha banda, a superación da desigualdade require o desenvolvemento da economía, facendo render as posibilidades de cada rexión e asegurando así unha equidade sustentábel[134]. Por outra banda, «os plans asistenciais, que fan fronte a algunhas urxencias, deberían considerarse só como respostas provisorias»[135].

162. O grande tema é o traballo. O que é verdadeiramente popular –porque promove o ben do pobo– é asegurar a todos a posibilidade de facer xermolar as sementes que Deus puxo en cadaquén, as súas capacidades, a súa iniciativa, as súas forzas. Esa é a mellor axuda para un pobre, o mellor camiño con rumbo a unha existencia digna. Por iso insisto no feito de que «axudar aos pobres con diñeiro debe ser sempre un remedio provisorio para facer fronte ás emerxencias. O verdadeiro obxectivo debería ser sempre permitirlles unha vida digna a través do traballo»[136]. Por moito que cambien os sistemas de produción, a política non pode renunciar ao obxectivo de conseguir que a organización dunha sociedade asegure a cada persoa un modo de contribuír coas propias capacidades e o propio esforzo. Porque «non existe peor pobreza ca a que priva do traballo e da dignidade do traballo»[137]. Nunha sociedade realmente avanzada, o traballo é unha dimensión irrenunciábel da vida social, pois non só é un modo de gañar o pan, senón tamén un medio para o crecemento persoal, para estabelecer relacións sas, para expresarse a si mesmos, para compartir dons, para se sentir corresponsábeis no melloramento do mundo e, en definitiva, para vivir como pobo.

*Valores e límites das visións liberais*

163. A categoría de pobo, á que é intrínseca unha valoración positiva dos vencellos comunitarios e culturais, é adoito rexeitada polas visións liberais individualistas, nas que a sociedade é considerada unha mera suma de intereses que coexisten. Falan de respecto ás liberdades, aínda que sen a raigaña dunha narrativa común. En certos contextos, é frecuente a acusación de populistas contra todos os que defenden os dereitos dos máis débiles da sociedade. Para estas visións, a categoría de pobo é unha mitificación dalgo que en realidade non existe. Con todo, aquí créase unha polarización innecesaria, porque nin a de pobo nin a de próximo son categorías puramente míticas ou románticas, coma para excluíren ou desprezaren a organización social, a ciencia e as institucións da sociedade civil[138].

164. A caridade reúne entrambas dimensións –a mítica e mais a institucional– desde o momento en que implica un camiño eficaz de transformación da historia que exixe incorporalo todo: as institucións, o dereito, a técnica, a experiencia, as achegas profesionais, a análise científica, os procedementos administrativos etc. Porque «non hai de feito vida privada se non está protexida por unha orde pública; un quente fogar doméstico non ten intimidade se non está so a tutela da legalidade, dun estado de tranquilidade fundamentado na lei e na forza e coa condición dun mínimo de benestar asegurado pola división do traballo, polos intercambios comerciais, pola xustiza social e pola cidadanía política»[139].

165. A verdadeira caridade é quen de incluír todo isto na súa entrega e, se debe expresarse no encontro de persoa a persoa, tamén é capaz de chegar a un irmán ou a unha irmá distanciados e mesmo descoñecidos, a través dos diversos recursos que as institucións dunha sociedade organizada, libre e creativa son capaces de xerar. No caso concreto, ata o bo samaritano necesitou que houbese unha pousada que lle permitise resolver o que el só naquel momento non estaba en condicións de asegurar. O amor ao próximo é realista e non desaproveita nada que sexa necesario para unha transformación da historia orientada a prol dos derradeiros. De por parte, ás veces danse ideoloxías de esquerda ou doutrinas sociais unidas a hábitos individualistas e procedementos ineficaces que só chegan a uns poucos. Entrementres, a multitude dos abandonados queda a mercé da eventual boa vontade dalgúns. Isto demostra que é preciso facer crecer non só unha mística da fraternidade, senón asemade unha organización mundial máis eficiente, para axudar a resolver os problemas punxentes dos abandonados que sofren e morren nos países pobres. Isto á súa vez implica que non hai unha soa vía de saída posíbel, unha única metodoloxía aceptábel, unha receita económica que poida ser aplicada por igual para todos, e presupón que ata a ciencia máis rigorosa poida propoñer percorridos diferentes.

166. Todo isto podería ter ben pouca consistencia se perdemos a capacidade de recoñecer a necesidade dun cambio nos corazóns humanos, nos hábitos e nos estilos de vida. É o que ocorre cando a propaganda política, os medios de comunicación e os construtores de opinión pública insisten en fomentar unha cultura individualista e inxenua perante os intereses económicos sen regras e a organización das sociedades ao servizo dos que xa teñen sobexo poder. Por iso, a miña crítica ao paradigma tecnocrático non significa que só buscando controlar os seus excesos poderemos estar seguros, porque o maior perigo non está nas cousas, nas realidades materiais, nas organizacións, senón no modo como as persoas as utilizan. A cuestión é a fraxilidade humana, a tendencia humana constante ao egoísmo, que forma parte daquilo que a

tradición cristiá chama “concupiscencia”: a inclinación do ser humano a se pechar na inmanencia do propio eu, do propio grupo, dos propios intereses mesquiños. Esa concupiscencia non é un defecto da nosa época. Existe desde que o home é home e simplemente transfórmase, adquire diversas modalidades no curso dos séculos, utilizando os instrumentos que o momento histórico pon á súa disposición. Porén é posíbel dominala coa axuda de Deus.

167. A angueira educativa, o desenvolvemento de hábitos solidarios, a capacidade de pensar a vida humana máis integralmente, a fondura espiritual son realidades necesarias para dar calidade ás relacións humanas, de tal xeito que a mesma sociedade reaccione fronte ás propias desigualdades, ás desviacións, aos abusos dos poderes económicos, tecnolóxicos, políticos e mediáticos. Hai visións liberais que ignoran este factor da fraxilidade humana e imaxinan un mundo que responde a unha determinada orde capaz de por si soa asegurar o futuro e a solución de todos os problemas.

168. O mercado por si só non o resolve todo, aínda que ás veces nos queiran facer crer este dogma de fe neoliberal. Trátase dun pensamento pobre, repetitivo, que propón sempre as mesmas receitas fronte a calquera desafío que se presente. O neoliberalismo reprodúcese a si mesmo tal cal, recorrendo á máxica teoría do “desbordamento” ou do “goteo” –sen nomeala– como único vieiro para resolver os problemas sociais. Non se decatan de que o presunto desbordamento non resolve a desigualdade, que é fonte de novas formas de violencia que ameazan o tecido social. Por unha banda, é indispensábel unha política económica activa, orientada a «promover unha economía que favoreza a diversidade produtiva e a creatividade empresarial»[140], para que sexa posíbel aumentar os postos de traballo en vez de reducilos. A especulación financeira coa ganancia fácil como obxectivo fundamental continúa a facer estragos. Por outra banda, «sen formas internas de solidariedade e de confianza recíproca, o mercado non pode desempeñar plenamente a propia función económica. E hoxe é esta confianza a que fallou»[141]. A fin da historia non foi tal, e as receitas dogmáticas da teoría económica imperante mostraron non ser infalíbeis. A fraxilidade dos sistemas mundiais fronte á pandemia evidenciou que non todo se resolve coa liberdade de mercado e que, ademais de rehabilitar unha sa política non sometida ao ditado das finanzas, «debemos volver a poñer a dignidade humana no centro, e enriba dese piar hanse de construír as estruturas sociais alternativas que precisamos»[142].

169. En certas visións economicistas pechadas e monocromáticas, semella que non hai sito, por exemplo, para os movementos populares que axuntan a desocupados, traballadores precarios e informais e tantos outros que non entran facilmente nas canles xa estabelecidas. En realidade, estes dan vida a diversas formas de economía popular e de produción comunitaria. Cómpre pensar na participación social, política e económica con modalidades tales «que inclúan os movementos populares e animen as estruturas de goberno locais, nacionais e internacionais con ese torrente de enerxía moral que xorde da participación dos excluídos na construción do destino común»; ao mesmo tempo, é ben conseguir que «estes movementos, estas experiencias de solidariedade que crecen desde abaixo, desde o soto do planeta, conflúan, estean máis coordinados, encóntrense»[143]. Isto, porén, sen traizoar o seu estilo característico, porque eles «son sementadores de cambio, promotores dun proceso no que converxen millóns de pequenas e grandes accións encadeadas de xeito creativo, coma nunha poesía»[144]. Neste sentido son “poetas sociais”, que ao seu xeito traballan, propoñen, promoven e liberan. Con eles será posíbel un desenvolvemento humano integral, que require superar «esa idea das políticas sociais concibidas como unha política *cara* aos pobres, mais nunca *cos* pobres, nunca *dos* pobres e moito menos inserida nun proxecto que reunifique os pobos»[145]. Aínda que molesten, aínda que algúns “pensadores” non saiban como clasificalos, cómpre ter a coraxe de recoñecer que sen eles «a democracia atrófiase, devén un nominalismo, unha formalidade, perde representatividade, vaise descarnando porque deixa fóra o pobo na súa loita cotiá pola dignidade, na construción do seu destino»[146].

## O poder internacional

170. Permítome repetir que «a crise financeira do 2007-2008 era a ocasión para desenvolver unha nova economía máis atenta aos principios éticos, e para unha nova regulación da actividade financeira especulativa e da riqueza virtual. Porén non houbo unha reacción que levase a repensar os criterios obsoletos que seguen a gobernar o mundo»[147]. Máis aínda, parece que as estratexias efectivas desenvoltas sucesivamente no mundo fosen orientadas a maior individualismo, menor integración, maior

liberdade para os verdadeiros poderosos, que sempre achan a maneira de saíren indemnes.

171. Querería insistir no feito de que «dar a cada un o seu, segundo a definición clásica de xustiza, significa que ningún individuo ou grupo humano se pode considerar omnipotente, autorizado a pisar a dignidade e os dereitos das outras persoas individuais ou dos grupos sociais. A distribución de feito do poder –político, económico, militar, tecnolóxico etc.– entre unha pluralidade de suxeitos e a creación dun sistema xurídico de regulación das reivindicacións e dos intereses realizan a limitación do poder. Hoxe o panorama mundial preséntanos, así e todo, moitos falsos dereitos e –simultaneamente– amplos sectores sen protección, vítimas máis ben dun exercicio ruín do poder»[148].

172. O século XXI «asiste a unha perda de poder dos Estados nacionais, sobre todo porque a dimensión económico-financeira, de características transnacionais, tende a predominar sobre a política. Neste contexto, faise indispensábel o desenvolvemento de institucións internacionais máis fortes e eficazmente organizadas, con autoridades designadas de maneira imparcial mediante acordo entre os gobernos nacionais e dotadas do poder de sancionar»[149]. Cando se fala da posibilidade dalgunha forma de autoridade mundial regulada polo dereito,[150] non necesariamente debe pensarse nunha autoridade persoal. Porén, debería prever polo menos a creación de organizacións mundiais máis eficaces, dotadas de autoridade para asegurar o ben común mundial, a erradicación da fame e a miseria, e a defensa certa dos dereitos humanos fundamentais.

173. Nesta perspectiva, recordo que é necesaria unha reforma «tanto da Organización das Nacións Unidas como da arquitectura económica e financeira internacional, a fin de poder dar unha concreción real ao concepto de familia de nacións»[151]. Sen dúbida isto presupón límites xurídicos precisos, para evitar que se trate dunha autoridade elixida só por algúns países e, asemade, impedir imposicións culturais ou a redución das liberdades esenciais das nacións máis débiles por causa de diferenzas ideolóxicas. En efecto, «a internacional é unha comunidade xurídica fundamentada sobre a soberanía de cada Estado membro, sen vínculos de subordinación que lle neguen ou lle limiten a independencia»[152]. Porén «o labor das Nacións Unidas, a partir dos postulados do Preámbulo e dos primeiros artigos da súa Carta Constitucional, pode ser visto como o desenvolvemento e a promoción da soberanía do dereito, sabendo que a xustiza é requisito indispensábel para realizar o ideal da fraternidade universal. [...] É preciso asegurar o dominio incontestado do dereito e mais o recurso infatigábel á negociación, aos bos oficios e á arbitraxe, como propón a Carta das Nacións Unidas, verdadeira norma xurídica fundamental»[153]. Cómpre evitar que esta Organización sexa deslexitimada, porque os seus problemas ou deficiencias poden ser afrontados e resoltos conxuntamente.

174. Fan falta coraxe e xenerosidade para estabelecer libremente determinados obxectivos comúns e asegurar o cumprimento en todo o mundo dalgunhas normas esenciais. Para que isto sexa verdadeiramente útil, débese manter «a exixencia de cumprir os compromisos asinados *-pacta sunt servanda-*»[154], de maneira que se evite «a tentación de apelar ao dereito da forza máis do que á forza do dereito».[155] Isto require potenciar «os instrumentos normativos para a solución pacífica das controversias [...] reforzando o seu alcance e a súa obrigatoriedade»[156]. Entre tales instrumentos normativos, deben ser favorecidos os acordos multilaterais entre os Estados, porque garanten mellor ca os acordos bilaterais o coidado dun ben común realmente universal e a tutela dos Estados máis débiles.

175. Grazas a Deus, moitas agrupacións e organizacións da sociedade civil axudan a compensar as debilidades da Comunidade internacional, a súa falta de coordinación en situacións complexas, a súa carencia de atención no referente a dereitos humanos fundamentais e a situacións moi críticas dalgúns grupos. Así adquire unha expresión concreta o principio de subsidiariedade, que garante a participación e a acción das comunidades e organizacións de menor nivel, que complementan a acción do Estado. Moitas veces levan adiante esforzos loábeis pensando no ben común e algúns dos seus membros chegan a realizar xestos verdadeiramente heroicos, que amosan de canta beleza é aínda capaz a nosa humanidade.

**Unha caridade social e política**

176. Para moitos a política hoxe é unha palabra fea, e non se pode ignorar que detrás deste feito están a miúdo os erros, a corrupción, a ineficacia dalgúns políticos. A isto engádense as estratexias que tenden a

debilitala, a substituíla pola economía ou a dominala con algunha ideoloxía. E, porén, pode funcionar o mundo sen política? Pode encontrar un camiño eficaz cara á fraternidade universal e a paz social sen unha boa política?[157]

*A política que se precisa*

177. Permítome repetir que «a política non debe someterse á economía e esta non debe someterse aos ditames e ao paradigma eficientista da tecnocracia»[158]. Aínda que se deba rexeitar o uso ruín do poder, a corrupción, a falta de respecto ás leis e a ineficiencia, «non se pode xustificar unha economía sen política, que sería incapaz de propiciar outra lóxica capaz de gobernar os diversos aspectos da crise actual»[159]. Ao contrario, «precisamos unha política que pense con visión ampla, e que leve adiante un novo enfoque integral, incluíndo nun diálogo interdisciplinario os diversos aspectos da crise»[160]. Penso nunha «política sa, capaz de reformar as institucións, coordinalas e dotalas de boas prácticas, que permitan superar presións e inercias viciosas»[161]. Non se pode pedir isto á economía, nin se pode aceptar que esta asuma o poder real do Estado.

178. Ante moitas formas de política mesquiñas e encamiñadas ao interese inmediato, recordo que «a grandeza política se amosa cando, en momentos difíciles, óbrase sobre a base de grandes principios e pensando no ben común a longo prazo. Ao poder político cústalle moito meter este deber nun proxecto de nación»[162] e máis aínda nun proxecto común para a humanidade presente e futura. Pensar nos que virán non serve para fins electorais, é porén o que esixe unha xustiza auténtica, porque, como ensinaron os Bispos de Portugal, a terra «é un empréstamo que cada xeración recibe e debe transmitir á xeración seguinte»[163].

179. A sociedade mundial ten graves carencias estruturais que non se resolven con remendos ou solucións rápidas meramente ocasionais. Hai cousas que deben ser cambiadas con restabelecementos de fondo e transformacións importantes. Só unha política sa podería guialas, conxuntando os máis diversos sectores e os saberes máis variados. Dese xeito, unha economía integrada nun proxecto político, social, cultural e popular que tenda ao ben común, pode «abrir camiño a oportunidades diferentes, que non implican deter a creatividade humana e o seu soño de progreso, senón máis ben canalizar esa enerxía dun modo novo»[164].

*O amor político*

180. Recoñecer a cada ser humano como un irmán ou unha irmá e buscar unha amizade social que inclúa a todos, non son meras utopías. Exixen a decisión e mais a capacidade de atopar os percorridos eficaces que aseguren a súa real posibilidade. Calquera empeño en tal dirección devén un exercicio sumo da caridade. Porque un individuo pode axudar a unha persoa necesitada; cando ,porén, se une a outros para crear procesos sociais de fraternidade e de xustiza para todos, entra no «campo da máis vasta caridade, a caridade política»[165]. Trátase de avanzar cara a unha orde social e política cuxa alma sexa a caridade social[166]. Máis unha vez convido a revalorizar a política, que «é unha altísima vocación, é unha das formas máis preciosas da caridade, porque busca o ben común»[167].

181. Todos os compromisos que derivan da Doutrina Social da Igrexa «proveñen da caridade que, segundo o ensino de Xesús, é a síntese de toda a Lei (cf. Mt 22,36-40)»[168]. Isto supón recoñecer que «o amor, cheo de pequenos xestos de coidado mutuo, é tamén civil e político, e manifféstase en todas as accións que buscan construír un mundo mellor»[169]. Por esa razón, o amor non só se expresa en relacións íntimas e próximas, senón tamén nas «macro-relacións: relacións sociais, económicas, políticas»[170].

182. Esta caridade política presupón ter madurado un sentido social que supera toda mentalidade individualista: «A caridade social fainos amar o ben común e fainos buscar efectivamente o ben de todas as persoas, consideradas non só individualmente, senón tamén na dimensión social que as axunta»[171]. Cada un é plenamente persoa cando pertence a un pobo, e ao mesmo tempo non hai verdadeiro pobo sen respecto polo rostro de cada persoa. Pobo e persoa son termos correlativos. Porén, hoxe preténdese reducir as persoas a individuos, facilmente dominábeis por poderes que miran a intereses espurios. A boa política busca vieiros de construción de comunidade nos distintos niveis da vida social, en orde a reequilibrar e

reorientar a globalización para evitar os seus efectos disgregadores.

*Amor eficaz*

183. A partir do «amor social»[172] é posíbel avanzar cara a unha civilización do amor á que todos poidamos sentirnos chamados. A caridade, co seu dinamismo universal, pode construír un mundo novo[173], porque non é un sentimento estéril, senón o mellor xeito de achar camiños eficaces de desenvolvemento para todos. O amor social é unha «forza capaz de suscitar novas vías para afrontar os problemas do mundo de hoxe e para renovar profundamente desde o interior estruturas, organizacións sociais, ordenamentos xurídicos»[174].

184. A caridade está no corazón de toda vida social sa e aberta. Porén, hoxe «afírmase facilmente a súa irrelevancia para interpretar e orientar as responsabilidades morais»[175]. É moito máis ca un sentimentalismo subxectivo se vai en compaña do compromiso pola verdade, de maneira que non sexa fácil «presa das emocións e das opinións continxentes dos suxeitos»[176]. Xustamente a súa relación coa verdade favorece na caridade o seu universalismo e así presérvaa de ser «relegada a un ámbito restrinxido de relacións e privado»[177]. Doutro xeito, será «excluída dos proxectos e dos procesos para construír un desenvolvemento humano de alcance universal, no diálogo entre os saberes e as operatividades»[178]. Sen a verdade, a emotividade baléirase de contidos relacionais e sociais. Por iso a apertura á verdade protexe a caridade dunha falsa fe que queda «falta de alento humano e universal»[179].

185. A caridade precisa da luz da verdade que buscamos arreo e «esta luz é, a un tempo, a da razón e mais a da fe»[180], sen relativismos. Isto implica tamén o desenvolvemento das ciencias e a súa contribución insubstituíbel a descubrir os camiños concretos e máis seguros para acadar os resultados esperados. En efecto, cando está en xogo o ben dos outros, non abondan as boas intencións, senón que se trata de conseguir efectivamente o que eles e as súas nacións necesitan para se realizaren.

**A actividade do amor político**

186. Hai un amor chamado *"elícito"*, é dicir, os actos que proceden directamente da virtude da caridade, dirixidos a persoas e a pobos. Hai despois un amor *"imperado"*: aqueles actos da caridade que puxan a crear institucións máis sas, ordenamentos máis xustos, estruturas máis solidarias[181]. De onde se segue que é «un acto de caridade igualmente indispensábel a angueira que ten por fin organizar e estruturar a sociedade de tal xeito que o próximo non teña que se encontrar na miseria»[182]. É caridade estar a carón dunha persoa que sofre, e tamén é caridade todo o que se fai, mesmo sen ter un contacto directo con esa persoa, para modificar as condicións sociais que provocan o seu sufrimento. Se alguén axuda un ancián a atravesar un río −e isto é exquisita caridade−, o político constrúelle unha ponte, e isto tamén é caridade. Se alguén axuda a outro dándolle de comer, o político crea para el un posto de traballo e exerce unha forma altísima de caridade que ennobrece a súa acción política.

*Os sacrificios do amor*

187. Esta caridade, corazón do espírito da política, é sempre un amor preferente polos derradeiros, que está detrás de cada acción realizada en favor deles[183]. Só cunha ollada cuxo horizonte estea transformado pola caridade, que a leva a percibir a dignidade do outro, os pobres son recoñecidos e prezados na súa inmensa dignidade, respectados no seu estilo propio e na súa cultura, e polo tanto verdadeiramente integrados na sociedade. Tal ollada é o núcleo do verdadeiro espírito da política. A partir de aí, os camiños que se abren son diferentes dos dun pragmatismo sen alma. Por exemplo, «non se pode afrontar o escándalo da pobreza promovendo estratexias de contención que unicamente tranquilizan e transforman os pobres en seres domesticados e inofensivos. Que triste ver que, detrás de supostas obras altruístas, o outro é reducido á pasividade»[184]. O que cómpre é que haxa diversas canles de expresión e de participación social. A educación está ao servizo deste camiño, a fin de que cada ser humano poida ser artífice do seu destino. Aquí amosa o seu valor o principio de subsidiariedade, inseparábel do principio de *solidariedade*.

188. De aí mana a urxencia de encontrar unha solución para todo o que atenta contra os dereitos humanos fundamentais. Os políticos están chamados a ter «coidado da fraxilidade, da fraxilidade dos pobos e das

persoas. Ter coidado da fraxilidade di forza e tenrura, di loita e fecundidade no medio dun modelo funcionalista e privatista que conduce inexorabelmente á “cultura do descarte”. [...] Significa cargar co presente na súa situación máis marxinal e angustiosa, e ser capaz de engraxalo de dignidade»[185]. Así créase certamente unha actividade intensa, pois que «todo se debe facer para tutelar a condición e dignidade da persoa humana»[186]. O político é un realizador, é un construtor con grandes obxectivos, con mirada ampla, realista e pragmática, mesmo para alén do propio país. As maiores preocupacións dun político non deberían ser as causadas por unha caída nas enquisas, senón por non encontrar unha solución efectiva ao «fenómeno da exclusión social e económica, coas súas tristes consecuencias de trata de seres humanos, comercio de órganos e tecidos humanos, explotación sexual de nenos e nenas, traballo escravo, incluída a prostitución, tráfico de drogas e de armas, terrorismo e crime internacional organizado. É tal a magnitude destas situacións e o número de vidas inocentes involucradas, que debemos evitar todas as tentacións de caer nun nominalismo declamatorio con efecto tranquilizador sobre as conciencias. Debemos ter coidado de que as nosas institucións sexan realmente eficaces na loita contra todos estes flaxelos»[187]. Isto faise explotando con intelixencia os grandes recursos do desenvolvemento tecnolóxico.

189. Aínda estamos lonxe dunha globalización dos dereitos humanos máis esenciais. Por iso a política mundial non pode deixar de pór entre os seus obxectivos principais e irrenunciábeis o de eliminar efectivamente a fame. Porque, «cando a especulación financeira condiciona o prezo dos alimentos tratándoos como unha mercancía calquera, millóns de persoas sofren e morren de fame. De por parte, guíndanse toneladas de alimentos. Isto constitúe un verdadeiro escándalo. O fame é criminal, a alimentación é un dereito inalienábel»[188]. Moitas veces, mentres nos mergullamos en discusións semánticas ou ideolóxicas, permitimos que aínda hoxe haxa irmáns e irmás que morren de fame e de sede, sen un teito ou sen acceso aos coidados para a súa saúde. Asemade con estas necesidades elementais insatisfeitas, a trata de persoas é outra vergoña para a humanidade que a política internacional non debería seguir tolerando, para alén dos discursos e das boas intencións. É o mínimo indispensábel.

*Amor que integra e volve unir*

190. A caridade política exprésase tamén na apertura a todos. Especialmente quen ten a responsabilidade de gobernar, está chamado a renuncias que fagan posíbel o encontro, e busca a converxencia polo menos nalgúns temas. Sabe escoitar o punto de vista do outro permitindo que todos teñan un espazo de seu. Con renuncias e paciencia un gobernante pode favorecer a creación dese fermoso poliedro onde todos encontran un posto. Neste ámbito non funcionan as negociacións de tipo económico. É algo máis, é un intercambio de ofrecementos a prol do ben común. Semella unha utopía inxenua, e mais non podemos renunciar a este altísimo obxectivo.

191. Mentres vemos que todo tipo de intolerancias fundamentalistas dana as relacións entre persoas, grupos e pobos, comprometámonos a vivir e ensinar o valor do respecto, o amor capaz de acoller toda diferenza, a prioridade da dignidade de todo ser humano por riba de calquera idea súa, sentimento, práctica e mesmo
dos seus pecados. Mentres na sociedade actual proliferan os fanatismos, as lóxicas pechadas e a fragmentación social e cultural, un bo político dá o primeiro paso para que resoen as distintas voces. É certo que as diferenzas xeran conflitos, mais a uniformidade xera asfixia e fai que nos fagocitemos culturalmente. Non nos resignemos a vivir pechados nun fragmento de realidade.

192. Neste contexto, quero recordar que, xunto co Gran Imán Ahmad Al-Tayyeb, pediramos «aos artífices da política internacional e da economía mundial, comprometerse seriamente para difundir a cultura da tolerancia, da convivencia e da paz; intervir, canto antes se poida, para parar a efusión de sangue inocente»[189]. E cando unha determinada política sementa o odio e o medo contra outras nacións en nome do ben do propio país, cómpre preocuparse, reaccionar a tempo e corrixir inmediatamente o rumbo.

**Máis fecundidade ca resultados**

193. Namentres leva adiante esta actividade incesante, todo político é tamén sempre un ser humano. Está chamado a vivir o amor nas súas relacións interpersoais cotiás. É unha persoa, e necesita decatarse de que

«o mundo moderno, coa súa mesma perfección técnica, tende a racionalizar cada vez máis a satisfacción dos desexos humanos, clasificados e subdivididos entre diversos servizos. Cada vez menos se chama a un home polo seu nome propio, cada vez menos será tratado como persoa este ser único no mundo, que ten o seu corazón, os seus sufrimentos, os seus problemas, as súas alegrías e a súa familia. Coñeceranse soamente as súas doenzas para curalas, a súa falta de diñeiro para fornecerllo, a súa necesidade de casa para darlle un aloxamento, o seu desexo de entretemento e de distraccións para organizalos». Porén «amar o máis insignificante dos seres humanos coma un irmán, coma se no mundo non existise ninguén máis ca el, non é perder o tempo»[190].

194. Tamén na política hai cabida para amar con tenrura. «Que é a tenrura? É o amor que se fai próximo e concreto. É un movemento que parte do corazón e chega aos ollos, aos oídos, ás mans. [...] A tenrura é o camiño que percorreron os homes e as mulleres máis valentes e fortes»[191]. No medio da actividade política, «os máis pequenos, os máis débiles, os máis pobres deben amolecernos: teñen "dereito" a collernos a alma e o corazón. Si, son irmáns nosos e como tales debemos amalos e tratalos»[192].

195. Isto axúdanos a recoñecer que non sempre se trata de obter grandes resultados, que ás veces non son posíbeis. Na actividade política cómpre lembrar que «alén de toda aparencia, cadaquén é inmensamente sagrado e merece o noso agarimo e a nosa dedicación. Por iso, se logro axudar unha soa persoa a vivir mellor, isto xa é abondo para xustificar o don da miña vida. É belo ser pobo fiel de Deus. E acadamos plenitude cando rompemos as paredes e o noso o corazón énchese de rostros e de nomes!»[193]. Os grandes obxectivos soñados nas estratexias acádanse parcialmente. Para alén disto, quen ama e deixou de entender a política como unha mera busca de poder, «ten a seguridade de que non se perde ningún dos seus labores realizados con amor, non se perde ningunha das súas preocupacións sinceras polos demais, non se perde ningún acto de amor a Deus, non se perde ningún xeneroso cansazo, non se perde ningunha dolorosa paciencia. Todo iso circula polo mundo coma unha forza de vida»[194].

196. De por parte, é grande nobreza sermos capaces de botar a andar procesos cuxos froitos serán recollidos por outros, coa esperanza posta nas forzas secretas do ben que se sementa. A boa política xunta ao amor a esperanza, a confianza nas reservas de ben que hai no corazón da xente, a pesar de todo. Por iso «a vida política auténtica, que se fundamenta no dereito e nun diálogo leal entre os suxeitos, renóvase coa convicción de que cada muller, cada home e cada xeración conteñen en si unha promesa que pode ceibar novas enerxías relacionais, intelectuais, culturais e espirituais»[195].

197. Vista deste xeito, a política é máis nobre do que aparece, máis ca o *marketing*, máis ca varias formas de *maquillaxe* mediática. Todo isto non sementa senón división, inimizade e un escepticismo desolador incapaz de acollerse a un proxecto común. Pensando no futuro, algúns días as preguntas deben ser: "A que fin?". "Cara a onde estou apuntando realmente?". Porque, despois dalgúns anos, reflexionando sobre o propio pasado, a pregunta non será: "Cantos me aprobaron, cantos me votaron, cantos tiveron unha imaxe positiva de min?". As preguntas, poida que dolorosas, serán: "Canto amor puxen no meu traballo? En que fixen avanzar o pobo? Que pegada deixei na vida da sociedade? Que vencellos reais construín? Que forzas positivas ceibei? Canta paz social sementei? Que foi o que producín no posto que se me confiou?".

## Capítulo sexto

## DIÁLOGO E AMIZADE SOCIAL

198. Aproximarse, expresarse, escoitarse, mirarse, coñecerse, tratar de comprenderse, buscar puntos de contacto, todo iso resúmese no verbo "dialogar". Para nos encontrarmos e axudarmos mutuamente, temos necesidade de dialogar. Non hai necesidade de dicir para que serve o diálogo. Abóndame pensar o que sería o mundo sen o diálogo paciente de tantas persoas xenerosas que mantiveron unidas familias e comunidades. O diálogo perseverante e valente non é noticia coma o son as desavinzas e os conflitos, e porén axuda discretamente ao mundo a vivir mellor, moito máis do que poidamos darnos conta.

### O diálogo social cara a unha nova cultura

199. Algúns tratan de fuxir da realidade refuxiándose en mundos privados, e outros afróntana con

violencia destrutiva; porén, «entre a indiferenza egoísta e a protesta violenta hai unha opción sempre posíbel: o diálogo. O diálogo entre as xeracións, o diálogo no pobo, porque todos somos pobo, a capacidade de dar e recibir, permanecendo abertos á verdade. Un país crece cando dialogan de xeito construtivo as súas diversas riquezas culturais: a cultura popular, a cultura universitaria, a cultura xuvenil, a cultura artística e mais a cultura tecnolóxica, a cultura económica e mais a cultura da familia, e a cultura dos medios de comunicación»[196].

200. Adoito confúndese o diálogo con algo moi diferente: un febril intercambio de opinións nas redes sociais, moitas veces orientado por unha información mediática non sempre fiábel. Son só monólogos que proceden paralelos, quizais impoñéndose á atención dos demais polos seus tons altos e agresivos. Mais os monólogos non comprometen a ninguén, ata o punto de os seus contidos non raramente seren oportunistas e contraditorios.

201. A resoante difusión de feitos e chamamentos nos medios de comunicación, en realidade, pecha adoito as posibilidades do diálogo, porque permite que cadaquén, coa escusa dos erros alleos, manteña intactas e sen matices as ideas, os intereses e as opcións propias. Predomina o costume de descualificar rapidamente o adversario, apoñéndolle epítetos humillantes, no canto de afrontar un diálogo aberto e respectuoso, onde se busque chegar a unha síntese que avance. O peor é que esta linguaxe, habitual no contexto mediático dunha campaña política, xeneralizouse de tal xeito que todos a utilizan acotío. O debate moitas veces é manipulado por determinados intereses que teñen maior poder e buscan de forma deshonesta domear a opinión pública ao seu favor. Non me refiro soamente ao goberno de quenda, dado que ese poder manipulador pode ser económico, político, mediático, relixioso ou de calquera xénero. Ás veces xustifícase ou escúsase cando a súa dinámica corresponde aos propios intereses económicos ou ideolóxicos, aínda que antes ou despois vírase contra estes mesmos intereses.

202. A falta de diálogo comporta que, nos sectores particulares, ninguén se preocupa do ben común, senón de obter as vantaxes que o poder procura, ou, no mellor dos casos, de impoñer o propio modo de pensar. Así as conversas reduciranse a meras negociacións para que cada un poida recadar todo o poder e as maiores vantaxes posíbeis, sen unha busca conxunta que xere ben común. Os heroes do futuro serán os que saiban crebar esa lóxica malsá e decidan soster con respecto unha palabra cargada de verdade, para alén dos intereses persoais. Deus queira que eses heroes estean silenciosamente saíndo á luz no corazón da nosa sociedade.

*Construír xuntos*

203. O auténtico diálogo social presupón a capacidade de respectar o punto de vista do outro, aceptando a posibilidade de que conteña conviccións ou intereses lexítimos. Desde a súa identidade, o outro ten algo que dar, e é desexábel que afonde e expoña a súa posición para que o debate público sexa aínda máis completo. É certo que, cando unha persoa ou un grupo é coherente co que pensa, adhírese firmemente a valores e conviccións e desenvolve un pensamento, iso dun modo ou doutro repercutirá en beneficio da sociedade. Porén isto ocorre efectivamente só na medida en que tal desenvolvemento se realice no diálogo e na apertura aos outros. En efecto, «nun verdadeiro espírito de diálogo aliméntase a capacidade de comprender o significado do que o outro di e fai, aínda non podendo asumilo como unha convicción propia. Así faise posíbel sermos sinceros, non disimular aquilo no que cremos, sen deixar de dialogar, de buscar puntos de contacto, e sobre todo de traballar e comprometerse xuntos»[197]. A discusión pública, se verdadeiramente dá cabida a todos e non manipula nin esconde información, é un estímulo constante que permite acadar máis axeitadamente a verdade, ou polo menos expresala mellor. Impide que os distintos sectores se sitúen cómodos e autosuficientes no seu modo de ver as cousas e nos seus intereses limitados. Pensemos que «as diferenzas son creativas, crean tensión e na resolución dunha tensión consiste o progreso da humanidade»[198].

204. Hoxe existe a convicción de que, ademais dos desenvolvementos científicos especializados, é necesaria a comunicación entre disciplinas, xa que a realidade é unha, aínda que poida ser abordada desde distintas perspectivas e con diferentes metodoloxías. Non se debe ignorar o risco de que un progreso científico sexa considerado o único enfoque posíbel para comprender un aspecto da vida, da sociedade e do mundo. Por contra, un pescudador que avanza con froito na súa análise e está tamén disposto a

recoñecer outras dimensións da realidade que indaga, grazas ao labor doutras ciencias e saberes ábrese a coñecer a realidade de maneira máis íntegra e plena.
.
205. Neste mundo globalizado «os medios de comunicación poden axudar a nos facer sentir máis próximos uns dos outros; a nos facer percibir un renovado sentido de unidade da familia humana que puxa á solidariedade e ao compromiso serio por unha vida máis digna. [...] Pódennos axudar nisto, particularmente hoxe, cando as redes da comunicación humana acadaron desenvolvementos inauditos. En particular, internet pode ofrecer maiores posibilidades de encontro e de solidariedade entre todos; e esta é unha cousa boa, é un don de Deus»[199]. Cómpre, porén, verificar continuamente que as actuais formas de comunicación nos orienten efectivamente ao encontro xeneroso, á procura sincera da verdade plena, ao servizo, á proximidade cos últimos, á angueira de construír o ben común. Ao mesmo tempo, como indicaron os Bispos de Australia, «non podemos aceptar un mundo dixital proxectado para explotar a nosa debilidade e tirar para fóra o peor da xente»[200].

*O fundamento dos consensos*

206. O relativismo non é a solución. Baixo o veo dunha suposta tolerancia, termina por favorecer o feito de os valores morais seren interpretados polos poderosos segundo as conveniencias do momento. Se en definitiva «non hai verdades obxectivas nin principios estábeis, fóra da satisfacción das propias aspiracións e das necesidades inmediatas, [...] non podemos pensar que os programas políticos ou a forza da lei serán de abondo. [...] Cando é a cultura a que se corrompe e xa non se recoñece ningunha verdade obxectiva ou principios universalmente válidos, as leis entenderanse só como imposicións arbitrarias e como obstáculos que evitar»[201].

207. É posíbel prestar atención á verdade, buscar a verdade que responde á nosa realidade máis profunda? Que cousa é a lei sen a convicción, acadada tras un longo camiño de reflexión e de sabedoría, de que cada ser humano é sagrado e inviolábel? Para que unha sociedade teña futuro, cómprelle ter madurado un sentido respecto ante a verdade da dignidade humana, á que nos sometemos. Entón non se absterá un de matar a alguén só para evitar o desprezo social e o peso da lei, senón por convicción. É unha verdade irrenunciábel que recoñecemos coa razón e aceptamos coa conciencia. Unha sociedade é nobre e respectábel tamén porque cultiva a busca da verdade e pola súa querenza ás verdades fundamentais.

208. Cómpre exercitarse en desenmascarar as distintas modalidades de manipulación, deformación e ocultación da verdade nos ámbitos públicos e privados. O que chamamos “verdade” non é só a comunicación de feitos realizada polo xornalismo. É ante todo a busca dos fundamentos máis sólidos que están na base das nosas opcións e mais das nosas leis. Isto implica aceptar que a intelixencia humana pode ir alén das conveniencias do momento e comprender algunhas verdades que non cambian, que eran verdade antes de nós e sempre o serán. Indagando sobre a natureza humana, a razón descobre valores que son universais, porque derivan dela.

209. Doutra maneira, non podería acaso suceder que os dereitos humanos fundamentais, hoxe considerados insuperábeis, sexan negados polos poderosos de quenda, despois de obteren o “consenso” dunha poboación adormecida e amedrentada? Nin sequera sería suficiente un mero consenso entre os distintos pobos, igualmente manipulábel. Xa temos probas abondo de todo o ben que somos capaces de realizar, e porén, ao mesmo tempo, debemos recoñecer a capacidade de destrución que hai en nós. O individualismo indiferente e desapiadado no que caemos, non é tamén o resultado da preguiza en buscar os valores máis altos, que vaian alén das necesidades momentáneas? Ao relativismo súmase o risco de que o poderoso ou o máis hábil consiga impoñer unha suposta verdade. Por contra, «ante as normas morais que prohiben o mal intrínseco, non hai privilexios nin excepcións para ninguén. Ser o amo do mundo ou o último “miserábel” sobre a face da terra non é ningunha diferenza: ante as esixencias morais somos todos absolutamente iguais»[202].

210. O que hoxe nos sucede, arrastrándonos nunha lóxica perversa e vacua, é que se verifica unha asimilación da ética e da política á física. Non existen o ben e o mal en si, senón soamente un cálculo de vantaxes e desvantaxes. O desprazamento da razón moral ten como consecuencia que o dereito non pode referirse a unha concepción fundamental de xustiza, senón que se converte máis ben nun espello das ideas

dominantes. Entramos aquí nunha degradación: un ir “nivelando cara abaixo” mediante un consenso superficial e transaccional. Así, en definitiva, a lóxica da forza triunfa.

*O consenso e a verdade*

211. Nunha sociedade pluralista, o diálogo é o camiño máis axeitado para chegar a recoñecer o que debe ser sempre afirmado e respectado, e que vai alén do consenso ocasional. Falamos dun diálogo que exixe ser enriquecido e iluminado por razóns, por argumentos racionais, por variedade de perspectivas, por achegas de diversos saberes e puntos de vista, e que non exclúe a convicción de que é posíbel chegar a algunhas verdades elementais que deben e deberán ser sempre sostidas. Aceptar que hai algúns valores permanentes, aínda que non sempre sexa doado recoñecelos, confire solidez e estabilidade a unha ética social. Mesmo cando os recoñecésemos e asumísemos grazas ao diálogo e ao consenso, vemos que eses valores básicos van alén de todo consenso, recoñecémolos como valores que transcenden os nosos contextos e nunca negociábeis. Poderá crecer a nosa comprensión do seu significado e da súa importancia --e nese sentido o consenso é unha realidade dinámica--, e mais en si mesmos son apreciados como estábeis polo seu sentido intrínseco.

212. Se unha cousa determinada remanece sempre conveniente para o bo funcionamento da sociedade, non é acaso porque detrás dela hai unha verdade perenne, que a intelixencia pode comprender? Na realidade mesma do ser humano e da sociedade, na súa natureza íntima, hai unha serie de estruturas básicas que sosteñen o seu desenvolvemento e a súa supervivencia. De aí derivan certas esixencias que se poden descubrir grazas ao diálogo, aínda non sendo construídas en sentido estrito polo consenso. O feito de certas normas seren indispensábeis para a mesma vida social é un indicio externo de que son algo intrinsecamente bo. Consecuentemente, non é necesario contrapoñer a conveniencia social, o consenso e a realidade dunha verdade obxectiva. As tres poden unirse harmoniosamente cando, a través do diálogo, as persoas teñen a coraxe de iren ata o fondo nunha cuestión.

213. Se cómpre respectar en toda situación a dignidade dos outros, é porque non inventamos nós ou supoñemos tal dignidade, senón porque hai efectivamente neles un valor superior verbo das cousas materiais e das circunstancias, que exixe seren tratados doutro xeito. Que todo ser humano posúe unha dignidade inalienábel é unha verdade correspondente á natureza humana para alén de calquera cambio cultural. Por iso o ser humano posúe a mesma dignidade inviolábel en calquera época histórica e ninguén pode sentirse autorizado polas circunstancias a negar esta convicción ou a non obrar en consecuencia. A intelixencia pode, pois logo, escrutar na realidade das cousas, a través da reflexión, da experiencia e do diálogo, para recoñecer nesa realidade que a transcende a base de certas esixencias morais universais.

214. Aos agnósticos, este fundamento poderá parecerlles suficiente para conferir unha firme e estábel validez universal aos principios éticos básicos e non negociábeis, que poida impedir novas catástrofes. Para os crentes, a natureza humana, fonte de principios éticos, foi creada por Deus, quen, en última instancia, confire un fundamento sólido a eses principios[203]. Isto non estabelece un fixismo ético nin abre o camiño á imposición de ningún sistema moral, desde o momento en que os principios morais fundamentais e universalmente válidos poden dar lugar a diversas normativas prácticas. Por iso queda sempre un espazo para o diálogo.

**Unha nova cultura**

215. «A vida é a arte do encontro, aínda habendo tantas desavinzas na vida»[204]. Teño invitado moitas veces a facer crecer unha cultura do encontro, que vaia alén das dialécticas que poñen a un contra o outro. É un estilo de vida que tende a formar ese poliedro que ten moitas caras, moitísimos lados, e mais todos compoñen unha unidade rica de matices, xa que «o todo é superior á parte»[205]. O poliedro representa unha sociedade na que as diferenzas conviven integrándose, enriquecéndose e iluminándose mutuamente, aínda que isto comporte discusións e receos. De todos se pode aprender algo, ninguén é inútil, ninguén é superfluo. Isto implica incluír as periferias. Quen vive nelas ten outro punto de vista, ve aspectos da realidade que non son recoñecidos polos centros de poder onde se toman as decisións máis determinantes.

*O encontro feito cultura*

216. A palabra “cultura” indica algo que penetrou no pobo, nas súas conviccións máis profundas e no seu estilo de vida. Se falamos dunha “cultura” no pobo, isto é máis ca unha idea ou ca unha abstracción. Comprende os desexos, o entusiasmo e en definitiva un modo de vivir que caracteriza ese grupo humano. Entón, falar de “cultura do encontro” significa que como pobo nos apaixona a vontade de encontrarnos, buscar puntos de contacto, botar pontes, proxectar algo que enlee a todos. Isto converteuse nunha aspiración e nun estilo de vida. O suxeito desta cultura é o pobo, non un sector da sociedade que mira a manter en paz o resto con procedementos profesionais e mediáticos.

217. A paz social é laboriosa, artesanal. Sería máis doado conter as liberdades e as diferenzas cunha pouca astucia e uns poucos recursos. E porén esa paz sería superficial e fráxil, non o froito dunha cultura do encontro que a sosteña. Integrar as realidades diversas é moito máis difícil e lento, malia ser a garantía dunha paz real e sólida. Isto non se consegue axuntando só os puros, porque «ata as persoas que poden ser criticadas polos seus erros, teñen algo que achegar que non se debe perder»[206]. Nin consiste nunha paz que nace silenciando as reivindicacións sociais ou evitando que fagan barullo de máis, xa que non é «un consenso de escritorio ou unha efémera paz para unha minoría feliz»[207]. O que vale é botar a andar procesos de encontro, procesos que constrúan un pobo capaz de recoller as diferenzas. Armemos os nosos fillos coas armas do diálogo! Ensinémoslles a boa batalla do encontro!

*O gusto de recoñecer o outro*

218. Isto implica a capacidade habitual de recoñecer ao outro o dereito de ser el mesmo e de ser diferente. A partir de tal recoñecemento feito cultura, devén posíbel dar vida a un pacto social. Sen este recoñecemento emerxen formas sutís de facer que o outro perda todo significado, que deveña irrelevante, que non se lle recoñeza ningún valor na sociedade. Detrás do rexeitamento de determinadas formas visíbeis de violencia, escóndese adoito outra violencia máis arteira: a dos que desprezan o diferente, sobre todo cando as súas reivindicacións danan dalgún modo os intereses deles.

219. Cando unha parte da sociedade pretende gozar de todo o que ofrece o mundo, coma se os pobres non existisen, iso nalgún momento ten as súas consecuencias. Ignorar a existencia e os dereitos dos outros, antes ou despois provoca algunha forma de violencia, moitas veces inesperada. Os soños da liberdade, a igualdade e a fraternidade poden quedar no nivel da mera formalidade, por non seren efectivamente para todos. Polo tanto, non se trata soamente de buscar un encontro entre os que teñen diversas formas de poder económico, político ou académico. Un encontro social real pon en verdadeiro diálogo as grandes formas culturais que representan a maioría da poboación. Con frecuencia as boas propostas non as fan propias os sectores máis empobrecidos porque se presentan cunha roupaxe cultural que non é a deles e coa que non poden sentirse identificados. Consecuentemente, un pacto social realista e inclusivo debe ser tamén un “pacto cultural”, que respecte e asuma as diversas visións do mundo, as culturas e os estilos de vida que coexisten na sociedade.

220. Por exemplo, os pobos aborixes non están en contra do progreso, mesmo se teñen unha idea diferente de progreso, moitas veces máis humanista ca a da cultura moderna dos pobos desenvolvidos. Non é unha cultura orientada ao proveito dos que teñen poder, dos que necesitan crear unha especie de paraíso na terra. A intolerancia e o desprezo ante as culturas populares indíxenas é unha verdadeira forma de violencia, propia dos “eticistas” sen bondade que viven xulgando aos demais. Porén ningún cambio auténtico, profundo e estábel é posíbel se non se realiza a partir das diversas culturas, principalmente dos pobres. Un pacto cultural presupón que se renuncie a entender a identidade dun lugar de xeito monolítico, e exixe que se respecte a diversidade ofrecéndolle vieiros de promoción e de integración social.

221. Este pacto require tamén aceptar a posibilidade de ceder algo polo ben común. Ninguén poderá posuír toda a verdade, nin satisfacer a totalidade dos propios desexos, porque esa pretensión levaría a querer destruír o outro negando os seus dereitos. A busca dunha falsa tolerancia debe ceder o paso ao realismo dialogante, de quen cre que debe ser fiel aos propios principios, recoñecendo aínda así que tamén o outro ten o dereito de tentar de ser fiel aos seus. É o auténtico recoñecemento do outro, que só o amor fai posíbel, e que significa poñerse no lugar do outro para descubrir que hai de auténtico, ou polo menos de comprensíbel, entre as súas motivacións e intereses.

### Recuperar a xentileza

222. O individualismo consumista provoca moitos abusos. Os outros deveñen meros obstáculos para a propia plácida tranquilidade. Entón termínase tratándoos como fastíos e a agresividade aumenta. Isto acentúase e chega a niveis exasperantes nos períodos de crise, en situacións catastróficas, en momentos difíciles, cando emerxe o espírito do "sálvese quen poida". Así e todo, aínda é posíbel a escolla de exercitar a xentileza. Hai persoas que o fan e convértense en estrelas no medio da escuridade.

223. San Paulo mencionaba un froito do Espírito Santo coa palabra grega *chrestótes* (Gál 5,22), que expresa un estado de ánimo que non é áspero, rudo, duro, senón benigno, suave, que sostén e conforta. A persoa que posúe esta calidade, axuda aos demais a fin de que a súa existencia sexa máis soportábel, sobre todo cando levan ao lombo a carga dos seus problemas, das urxencias e das angustias. É un modo de tratar os outros que se manifesta de diversas formas: como xentileza no trato, como atención a non ferir coas palabras ou cos xestos, como un intento de aliviar a carga dos outros. Comprende o «dicir palabras de alento, que confortan, que dan forza, que consolan, que estimulan», en vez de «palabras que humillan, que entristecen, que irritan, que desprezan»[208]
.

224. A xentileza é unha liberación da crueldade que ás veces penetra as relacións humanas, da ansiedade que non nos deixa pensar nos outros, da urxencia distraída que ignora que os outros tamén teñen dereito a ser felices. Hoxe raramente se encontran tempo e enerxías dispoñíbeis para deterse a tratar ben os demais, a dicir "con permiso", "perdón", "grazas". Aínda así, de cando en vez preséntase o milagre dunha persoa xentil, que pon á parte as súas preocupacións e as súas urxencias para prestar atención, para regalar un sorriso, para dicir unha palabra de estímulo, para facer posíbel un espazo de escoita no medio de tanta indiferenza. Este esforzo, vivido decote, é capaz de crear esa convivencia sa que vence as incomprensións e prevén os conflitos. A práctica da xentileza non é un detalle secundario nin unha actitude superficial ou burguesa. Dado que supón estima e respecto, cando se fai cultura nunha sociedade transforma profundamente o estilo de vida, as relacións sociais, o modo de debater e de confrontar as ideas. Facilita a busca de consensos e abre camiños aló onde a exasperación destrúe todas as pontes.

## Capítulo sétimo

## CAMIÑOS DE REENCONTRO

225. En moitas partes do mundo cómpren percorridos de paz que conduzan a cicatrizar as feridas, necesítanse artesáns de paz dispostos a botar a andar procesos de curacións e de renovado encontro con enxeño e audacia.

### Recomezar desde a verdade

226. Novo encontro non significa volver a un momento precedente aos conflitos. Co tempo todos cambiamos. A dor e as contraposicións transformáronnos. De por parte, xa non hai cabida para diplomacias vacuas, para disimulacións, discursos dobres, ocultacións, boas maneiras que esconden a realidade. Os que se enfrontaron duramente, falan entre eles desde a verdade, clara e núa. Teñen necesidade de aprender a exercitar unha memoria penitencial, capaz de asumir o pasado para liberar o futuro das propias insatisfaccións, confusións e proxeccións. Só desde a verdade histórica dos feitos poderán nacer o esforzo perseverante e duradeiro de comprenderse mutuamente e o de intentar unha nova síntese para o ben de todos. A realidade é que «o proceso de paz é, pois logo, un compromiso que dura no tempo. É un traballo paciente de busca da verdade e da xustiza, que honra a memoria das vítimas e que abre, paso a paso, a unha esperanza común, máis forte do que a vinganza»[209]. Como afirmaron os Bispos do Congo a propósito dun conflito que se repite, «os acordos de paz sobre o papel nunca serán suficientes. Cumprirá ir máis lonxe, incluíndo a exixencia de verdade sobre as orixes desta crise recorrente. O pobo ten o dereito de saber que sucedeu»[210].

227. En efecto, «a verdade é unha compañeira inseparábel da xustiza e da misericordia. As tres xuntas son esenciais para construír a paz e, por outra banda, cada unha delas impide que as outras sexan alteradas. [...]

A verdade non debe, de feito, conducir á vinganza, senón máis ben á reconciliación e ao perdón. Verdade é contar ás familias destruídas pola dor o que aconteceu aos seus parentes desaparecidos. Verdade é confesar que aconteceu aos menores de idade recrutados polos axentes de violencia. Verdade é recoñecer a dor das mulleres vítimas de violencia e de abusos. [...] Cada violencia cometida contra un ser humano é unha ferida na carne da humanidade; cada morte violenta diminúenos como persoas. [...] A violencia xera violencia, o odio xera outro odio, e a morte outra morte. Debemos crebar esa cadea que parecer inelutábel»[211].

**A arquitectura e a artesanía da paz**

228. O percorrido cara á paz non require homoxeneizar a sociedade, e mais permítenos seguramente traballar xuntos. Pode unir a moitos na prosecución de buscas conxuntas das que todos tiran proveito. Perante un determinado obxectivo compartido, poderanse ofrecer diversas propostas técnicas, distintas experiencias, e traballar polo ben común. Cómpre tratar de identificar ben os problemas que atravesa unha sociedade para aceptar que existan diversos modos de mirar as dificultades e de resolvelas. O camiño cara a unha mellor convivencia pide sempre recoñecer a posibilidade de que o outro achegue unha perspectiva lexítima ‒polo menos en parte‒, algo que se poida revalorizar, aínda cando puidese errar ou actuar mal. Porque «o outro nunca debe ser encerrado no que puido dicir ou facer, senón que debe ser considerado pola promesa que leva dentro de si»[212], promesa que deixa sempre unha físgoa de esperanza.

229. Como ensinaron os Bispos de Sudáfrica, a verdadeira reconciliación alcánzase de maneira proactiva, «formando unha nova sociedade baseada no servizo aos outros, máis ca no desexo de dominar; unha sociedade baseada en compartir con outros o que se posúe, máis ca na loita egoísta de cada un pola maior riqueza posíbel; unha sociedade na que o valor de estar xuntos como seres humanos é definitivamente máis importante que calquera grupo menor, sexa este a familia, a nación, a raza ou a cultura»[213]. Os Bispos de Corea do Sur sinalaron que unha auténtica paz «só se pode conseguir cando loitamos pola xustiza a través do diálogo, perseguindo a reconciliación e o desenvolvemento mutuo»[214].

230. O esforzo arduo por superar o que nos divide sen perder a identidade de cada un, presupón que en todos remaneza vivo un fundamental sentimento de pertenza. En efecto, «a nosa sociedade gaña cando toda persoa, todo grupo social, séntese verdadeiramente da casa. Nunha familia, os pais, os avós, os meniños son da casa; ningún está excluído. Se un ten unha dificultade, mesmo se é grave, mesmo cando "el a buscou", os outros veñen valerlle, sostéñeno; a súa dor é de todos. [...] Nas familias todos contribúen ao proxecto común, todos traballan polo ben común, aínda que sen anular o individuo; ao contrario, sostéñeno, promóveno. Discuten, e mais hai algo que non se move: ese vencello familiar. As lideiras de familia son reconciliacións despois. As alegrías e as dores de cadaquén son asumidas por todos. Iso si que é ser familia! Se puidésemos lograr ver o adversario político ou o veciño da casa cos mesmos ollos cos que vemos os fillos, as esposas, os maridos, os pais e as nais. Que belo sería. Amamos a nosa sociedade, ou esta remanece algo afastado, algo anónimo, que non nos involucra, non nos atinxe, non nos compromete?»[215].

231. Moitas veces hai unha grande necesidade de negociar e desenvolver así percorridos concretos para a paz. Porén, os procesos efectivos dunha paz duradeira son ante todo transformacións artesanais obradas polos pobos, nos que toda persoa pode ser un fermento eficaz co seu estilo de vida cotiá. As grandes transformacións non se constrúen no escritorio ou no estudio. Pois logo, «cadaquén exerce un rol fundamental, nun único proxecto creativo, para escribir unha nova páxina de historia, unha páxina chea de esperanza, chea de paz, chea de reconciliación»[216]. Hai unha "arquitectura" da paz, na que interveñen as distintas institucións da sociedade, cada unha segundo a súa competencia, e hai porén tamén unha "artesanía" da paz que nos involucra a todos. A partir de diversos procesos de paz que se desenvolveron en distintos lugares do mundo «aprendemos que estes vieiros de pacificación, de primacía da razón sobre a vinganza, de delicada harmonía entre a política e o dereito, non poden obviar os percorridos da xente. Non é abondo co deseño de marcos normativos e acordos institucionais entre grupos políticos ou económicos de boa vontade. [...] De por parte, é sempre precioso inserir nos nosos procesos de paz a experiencia de sectores que, en moitas ocasións, foron mantidos invisíbeis, a fin de que precisamente as comunidades poñan cor aos procesos de memoria colectiva»[217].

232. Non hai un punto final na construción da paz social dun país, senón que se trata dunha «tarefa que non dá tregua e que exixe o compromiso de todos. Un labor que nos pide non decaer no esforzo de construír a unidade da nación e, malia os obstáculos, as diferenzas e os distintos enfoques sobre o modo de acadar a convivencia pacífica, persistir na loita para favorecer a cultura do encontro, que exixe poñer no centro de toda acción política, social e económica a persoa humana, a súa altísima dignidade, e mais o respecto polo ben común. Que este esforzo nos faga fuxir de toda tentación de vinganza e busca de intereses só particulares e a curto prazo»[218]. As manifestacións públicas violentas, dunha parte ou da outra, non axudan a encontrar vieiros de saída. Sobre todo porque, como ben observaron os Bispos de Colombia, cando se alentan «mobilizacións cidadás, non sempre resultan claras as súas orixes e os seus obxectivos, hai algunhas formas de manipulación política e áchanse apropiacións a prol de intereses particulares»[219].

*Sobre todo cos últimos*

233. A promoción da amizade social implica non soamente a aproximación entre grupos sociais distantes debido a algún período histórico conflitivo, senón tamén a busca dun renovado encontro cos sectores máis empobrecidos e vulnerábeis. A paz «non só é ausencia de guerra, senón a angueira incesante -especialmente dos que ocupamos un cargo de maior responsabilidade- de recoñecer, garantir e reconstruír concretamente a dignidade, con frecuencia esquecida ou ignorada, dos nosos irmáns, para que poidan sentirse protagonistas do destino da propia nación»[220].

234. Frecuentemente os últimos da sociedade foron ofendidos con xeneralizacións inxustas. Se ás veces os máis pobres e os descartados reaccionan con actitudes que semellan antisociais, é importante entender que moitas veces tales reaccións dependen dunha historia de desprezo e deficiente inclusión social. Como ensinaron os Bispos latinoamericanos, «só a proximidade que nos fai amigos, permítenos apreciar profundamente os valores dos pobres de hoxe, as súas lexítimas arelas e o seu xeito específico de vivir a fe. A opción polos pobres debe conducirnos á amizade cos pobres»[221].

235. Os que pretenden levar a paz a unha sociedade, non deben esquecer que a desigualdade e a falta de desenvolvemento humano integral non permiten que se xere paz. En efecto, «sen igualdade de oportunidades, as diversas formas de agresión e de guerra atoparán un terreo fértil que antes ou despois provocará a explosión. Cando a sociedade ─local, nacional ou mundial─ abandona na periferia unha parte de si mesma, non haberá programas políticos, nin forzas da orde ou de *intelixencia* que poidan asegurar ilimitadamente a tranquilidade»[222]. Se se trata de recomezar, sempre será desde os últimos.

## O valor e o significado do perdón

236. Algúns prefiren non falar de reconciliación, porque coidan que o conflito, a violencia e as fracturas forman parte do funcionamento normal dunha sociedade. De feito, en calquera grupo humano hai loitas de poder máis ou menos sutís entre distintos sectores. Outros sosteñen que admitir o perdón equivale a ceder o propio espazo para que outros dominen a situación. Por iso coidan que é mellor manter un xogo de poder que permita soster un equilibrio de forzas entre os distintos grupos. Outros cren que a reconciliación é unha cousa dos débiles, que non son capaces dun diálogo ata o fondo e por iso escollen fuxir dos problemas ocultando as inxustizas: incapaces de afrontar os problemas, prefiren unha paz aparente.

*O conflito inevitábel*

237. O perdón e a reconciliación son temas de grande importancia no cristianismo e, con distintas modalidades, noutras relixións. O perigo está en non comprender adecuadamente as conviccións dos crentes e presentalas de tal xeito que terminen alimentando o fatalismo, a inercia ou a inxustiza, ou ben, polo outro lado, a intolerancia e a violencia.

238. Xesús Cristo nunca invitou a fomentar a violencia ou a intolerancia. El mesmo condenaba abertamente o uso da forza para impoñerse aos demais: «Vós sabedes que os xefes das nacións as dominan e os poderosos asobállanas. Entre vós non será así» (Mt 20,25-26). Por outra banda, o Evanxeo pide perdoar «setenta veces sete» (Mt 18,22) e pon o exemplo do servo desapiadado, que fora perdoado e porén

el, pola súa parte, non foi capaz de perdoar aos outros (cf. Mt 18,23-35).

239. Se lemos outros textos do Novo Testamento, podemos advertir que de feito as comunidades primitivas, inmersas nun mundo pagán acugulado de corrupción e aberracións, vivían un sentido de paciencia, tolerancia, comprensión. Algúns textos son moi claros ao respecto: invítase a reprender os adversarios con dozura (cf. 2 Tm 2,25). Recoméndase: «non insultar a ninguén, ser non agresivos, comprensivos, amosando unha total mansedume con todo o mundo. Porque outrora tamén nós eramos insensatos» (Tt 3,2-3). O libro dos Feitos dos Apóstolos afirma que os discípulos, perseguidos por algunhas autoridades, «eran ben vistos por todo o pobo» (2,47; cf. 4,21.33; 5,13).

240. Así e todo, ao reflexionarmos sobre o perdón, a paz e mais a concordia social, batemos cunha expresión de Cristo que nos sorprende: «Non pensedes que vin botar paz sobre a terra. Non vin botar paz, senón espada! Porque vin enfrontar o home contra seu pai, a filla contra súa nai, a nora contra súa sogra, e os inimigos de cadaquén serán os da casa» (Mt 10,34-36). É importante situala no contexto do capítulo no que está inserida. Alí está claro que o tema de que se trata é o da fidelidade á propia opción, sen vergoña, aínda que iso traia contrariedades, e mesmo se as persoas queridas se opoñen a tal opción. Polo tanto, tales palabras non invitan a buscar conflitos, senón simplemente a aturar o conflito inevitábel, para que o respecto humano non leve a faltar á fidelidade a prol dunha suposta paz familiar ou social. San Xoán Paulo II afirmou que a Igrexa «non pretende condenar todas e cada unha das formas de conflitividade social; a Igrexa sabe ben que na historia os conflitos de intereses entre diversos grupos sociais xorden inevitabelmente e que fronte a eles o cristián debe adoito tomar posición con decisión e coherencia»[223].

*As loitas lexítimas e o perdón*

241. Non se trata de propoñer un perdón renunciando aos propios dereitos ante un poderoso corrupto, ante un criminal ou ante alguén que degrada a nosa dignidade. Estamos chamados a amar a todos, sen excepción; porén, amar a un opresor non é consentir que continúe sendo tal; nin facerlle pensar que o que fai é aceptábel. Por contra, a boa maneira de amalo é buscar de distintos xeitos facelo deixar de oprimir, é tirarlle ese poder que non sabe usar e que o deforma como ser humano. Perdoar non quere dicir permitir que sigan pisando a nosa dignidade e a dos demais, ou deixar que un criminal continúe delinquindo. Quen sofre inxustiza debe defender con forza os seus dereitos e os da súa familia, precisamente porque debe custodiar a dignidade que lle foi dada, unha dignidade que Deus ama. Se un delincuente me fixo mal ou o fixo a un dos meus seres queridos, nada me veda exixir xustiza e esforzarme para que esa persoa −ou calquera outra− non me faga dano de novo nin faga o mesmo contra outros. Correspóndeme facelo, e o perdón non só non anula esa necesidade, senón que a require.

242. O que conta é non facelo para alimentar unha ira que fai mal á alma da persoa e mais á alma do noso pobo, ou por unha necesidade insá de destruír o outro desencadeando unha carreira de vinganzas. Ninguén acada a paz interior nin se reconcilia coa vida desa maneira. A verdade é que «ningunha familia, ningún grupo de veciños, ningunha etnia e moito menos un país ten futuro se o motor que os une, axunta e cobre as diferenzas, é a vinganza e mais o odio. Non podemos poñernos de acordo e unirnos para vingarnos, para facer a quen foi violento o mesmo que el nos fixo, para planificar ocasións de represalia baixo formas aparentemente legais»[224]. Así non se gaña nada e a longo prazo pérdese todo.

243. Certamente, «non é tarefa fácil a de superar a amarga herdanza de inxustizas, hostilidade e desconfianza que deixou o conflito. Pódese realizar soamente superando o mal co ben (cf. Rm 12,21) e cultivando as virtudes que promoven a reconciliación, a solidariedade e mais a paz»[225]. Dese xeito, «a quen a fai crecer dentro de si, a bondade dálle unha conciencia acougada, unha alegría profunda ata no medio de dificultades e incomprensións. Mesmo perante as ofensas recibidas, a bondade non é debilidade, senón verdadeira forza, capaz de renunciar á vinganza»[226]. Cómpre recoñecer na propia vida que «ese duro xuízo que levo no meu corazón contra meu irmán ou miña irmá, esa ferida non curada, ese mal non perdoado, ese rancor que só me fará dano, é un anaco de guerra que levo dentro, é un fervedoiro no corazón, que hai que apagar para que non estale nun incendio»[227].

*A verdadeira superación*

244. Cando os conflitos non se resolven senón que se esconden ou se soterran no pasado, hai silencios que poden significar facerse cómplices de graves erros e pecados. Por contra, a verdadeira reconciliación non foxe do conflito, senón que se acada *no* conflito, superándoo a través do diálogo e da negociación transparente, sincera e paciente. A loita entre diversos sectores «sempre que se absteña de actos de inimizade e do odio mutuo, transfórmase a pouco e pouco nunha discusión honesta, fundamentada na busca da xustiza»[228].

245. Moitas veces propuxen «un principio que é indispensábel para construír a amizade social: a unidade é superior ao conflito. [...] Non significa apuntar a un sincretismo, nin á absorción dun no outro, senón á resolución nun plano superior que conserva en si as preciosas potencialidades das polaridades en pugna»[229]. Sabemos ben que «cada vez que, como persoas e comunidades, aprendemos a apuntar máis alto ca a nós mesmos e ca aos nosos intereses particulares, a comprensión e o compromiso mutuos transfórmanse [...] nun ámbito onde os conflitos, as tensións e ata os que se poderían considerar opostos no pasado, poden alcanzar unha unidade multiforme que xera nova vida»[230].

**A memoria**

246. A quen sufriu moito de xeito inxusto e cruel, non se debe exixir unha especie de "perdón social". A reconciliación é un feito persoal, e ninguén pode impoñela ao conxunto dunha sociedade, mesmo cando teña a angueira de promovela. No ámbito estritamente persoal, cunha decisión libre e xenerosa, alguén pode renunciar a exixir un castigo (cf. Mt 5,44-46), aínda que a sociedade e a súa xustiza tendan lexitimamente a el. Por contra, non é posíbel decretar unha "reconciliación xeral", pretendendo pechar as feridas por decreto ou cubrir as inxustizas cun manto de esquecemento. Quen se pode arrogar o dereito de perdoar en nome dos demais? É conmovedor ver a capacidade de perdón dalgunhas persoas que souberon ir alén do dano padecido, e porén tamén é humano comprender aos que non poden facelo. En todo caso, o que endexamais se debe propoñer é o esquecemento.

247. A *Shoah* non debe ser esquecida. É o «símbolo de a onde pode chegar a maldade do home cando, fomentada por falsas ideoloxías, esquece a dignidade fundamental da persoa, que merece respecto absoluto, calquera que for o pobo ao que pertence e a relixión que profesa»[231]. Ao lembrala, non podo prescindir de repetir esta oración: «Lémbrate de nós na túa misericordia. Dános a graza de avergoñarnos do que, como homes, fomos capaces de facer, de avergoñarnos desta máxima idolatría, de desprezarmos e destruírmos a nosa carne, a que ti modelaches coa lama, a que ti vivificaches co teu alento de vida. Nunca máis, Señor, nunca máis!»[232].

248. Non han de ser esquecidos os bombardeos atómicos en Hiroshima e Nagasaki. Máis unha vez «fago memoria aquí de todas as vítimas e inclínome ante a forza e a dignidade dos que, após sobreviviren a eses primeiros momentos, aturaron nos seus corpos durante moitos anos os sufrimentos máis agudos e, nas súas mentes, os xermes da morte que seguiron consumindo a súa enerxía vital. [...] Non podemos permitir que as actuais e as novas xeracións perdan a memoria do acontecido, esa memoria que é garantía e estímulo para construír un futuro máis xusto e fraterno»[233]. Nin han de ser esquecidas as persecucións, o tráfico de escravos e as masacres étnicas que ocorreron e ocorren en diversos países, e tantos outros feitos históricos que nos fan avergoñar de sermos humanos. Han de ser lembrados sempre, sempre novamente, sen cansarmos e sen nos anestesiarmos.

249. É fácil hoxe caer na tentación de pasar páxina dicindo que xa pasou moito tempo e que cómpre mirar para adiante. Non, por amor de Deus! Sen memoria nunca se anda para adiante, non se crece sen unha memoria íntegra e luminosa. Necesitamos manter «a chama da conciencia colectiva, testemuñando ás xeracións sucesivas o horror do que aconteceu» que «esperta e conserva deste xeito a memoria das vítimas, para que a conciencia humana se volva cada vez máis forte fronte a todo desexo de dominio e destrución»[234]. Necesítano as mesmas vítimas −persoas, grupos sociais ou nacións− para non cederen á lóxica que leva a xustificar as represalias e toda violencia en nome do grande mal sufrido. Por isto, non me refiro só á memoria dos horrores, senón tamén á lembranza dos que, no medio dun contexto envelenado e corrupto, foron capaces de recuperar a dignidade e con pequenos ou grandes xestos optaron pola solidariedade, o perdón, a fraternidade. Fai moito ben facer memoria do ben.

*Perdón sen esquecementos*

250. O perdón non implica o esquecemento. Dicimos máis ben que cando hai algo que de ningún xeito pode ser negado, relativizado ou disimulado, aínda así, podemos perdoar. Cando hai algo que endexamais debe ser aturado, xustificado ou escusado, aínda así, podemos perdoar. Cando hai algo que por ningunha razón nos debemos permitir esquecer, aínda así, podemos perdoar. O perdón libre e sincero é unha grandeza que reflicte a inmensidade do perdón divino. Se o perdón é gratuíto, daquela pódese perdoar mesmo a quen lle custa arrepentirse e é incapaz de pedir perdón.

251. Os que perdoan de veras non esquecen, e mais renuncian a ser dominados pola mesma forza destrutiva que lles fixo mal. Rompen o círculo vicioso, frean o avance das forzas da destrución. Deciden non seguir inoculando na sociedade a enerxía da vinganza, que antes ou despois termina recaendo unha vez máis sobre eles mesmos. Porque a vinganza nunca sacia verdadeiramente a insatisfacción das vítimas. Hai crimes tan horrendos e crueis, que facer sufrir aos que os cometeron non serve para sentir que se reparou o delito; nin sequera abondaría con matar o criminal, nin se poderían encontrar torturas equiparábeis á que puido sufrir a vítima. A vinganza non resolve nada.

252. Nin estamos a falar de impunidade. Porén, a xustiza búscase de modo axeitado só por amor da mesma xustiza, polo respecto ás vítimas, para previr novos crimes e con mentes de tutelar o ben común, non como un suposto desafogo da propia ira. O perdón é xustamente o que permite buscar a xustiza sen caer no círculo vicioso da vinganza nin na inxustiza de esquecer.

253. Cando houbo inxustizas por ambas partes, débese recoñecer con claridade que poida que non tivesen a mesma gravidade ou que non son comparábeis. A violencia exercida por parte das estruturas e do poder do Estado non está ao mesmo nivel ca a violencia de grupos particulares. En todo caso, non se pode pretender que sexan lembrados soamente os sufrimentos inxustos dunha soa das partes. Como ensinaron os Bispos de Croacia, «nós debemos a toda vítima inocente o mesmo respecto. Non pode haber diferenzas étnicas, confesionais, nacionais ou políticas»[235].

254. Pido a Deus «que prepare os nosos corazóns ao encontro cos irmáns para alén das diferenzas de ideas, lingua, cultura, relixión; que unxa todo o noso ser co aceite da súa misericordia que cura as feridas dos erros, das incomprensións, das controversias; a graza de enviarnos con humildade e mansedume polos camiños exixentes e porén fecundos da busca da paz»[236].

## A guerra e a pena de morte

255. Hai dúas situacións extremas que poden chegar a presentarse como solucións en circunstancias particularmente dramáticas, sen advertir que son falsas respostas, que non resolven os problemas que pretenden superar e que en definitiva non fan máis que engadir novos factores de destrución no tecido da sociedade nacional e mundial. Trátase da guerra e da pena de morte.

*A inxustiza da guerra*

256. «Hai engano no corazón de quen trama o mal, a alegría en troques é de quen promove a paz» (Pr 12, 20). Porén, hai quen busca solucións na guerra, que adoito «nútrese da perversión das relacións, de ambicións hexemónicas, de abusos de poder, de medo ao outro e da diversidade vista como atranco»[237]. A guerra non é un fantasma do pasado, senón que se converteu nunha ameaza constante. O mundo está atopando cada vez máis dificultade no lento camiño da paz que emprendera e que comezaba a dar algúns froitos.

257. Dado que se están creando novamente as condicións para a proliferación de guerras, recordo que «a guerra é a negación de todos os dereitos e unha dramática agresión ao ambiente. Se se quere un verdadeiro desenvolvemento humano integral para todos, cómpre proseguir sen parar a angueira de evitar a guerra entre as nacións e entre os pobos. A tal fin cómpre asegurar o dominio incontestado do dereito e o infatigábel recurso á negociación, aos bos oficios e á arbitraxe, como propón a *Carta das Nacións Unidas*, verdadeira norma xurídica fundamental»[238]. Quero salientar que os 75 anos das

Nacións Unidas e a experiencia dos primeiros 20 anos deste milenio amosan que a plena aplicación das normas internacionais é realmente eficaz, e que o seu deficiente cumprimento é nocivo. A *Carta das Nacións Unidas*, respectada e aplicada con transparencia e sinceridade, é un punto de referencia obrigada de xustiza e un vehículo de paz. Isto, porén, exixe non enmascarar intencións ilexítimas e non pór os intereses particulares dun país ou dun grupo por riba do ben común mundial. Se a norma é considerada un instrumento ao que recorrer cando resulta favorábel, e que eludir cando non o é, desencadéanse forzas incontrolábeis que danan gravemente a sociedade, os máis débiles, a fraternidade, o ambiente e os bens culturais, con perdas irrecuperábeis para a comunidade global.

258. Así é que facilmente se opta pola guerra con todo tipo de escusas aparentemente humanitarias, defensivas ou preventivas, recorrendo mesmamente á manipulación da información. De feito, nos últimos decenios todas as guerras pretenderon ter unha "xustificación". O *Catecismo da Igrexa Católica* fala da posibilidade dunha lexítima *defensa* mediante a forza militar, coa presuposición de demostrar que hai algunhas «condicións rigorosas de lexitimidade moral»[239]. Porén, cáese facilmente nunha interpretación demasiado larga deste posíbel dereito. Así quérense xustificar indebidamente mesmo ataques "preventivos" ou accións bélicas que dificilmente non arrastran «males e desordes máis graves ca o mal a eliminar»[240]. A cuestión é que, a partir do desenvolvemento das armas nucleares, químicas e biolóxicas, e das enormes e crecentes posibilidades ofrecidas polas novas tecnoloxías, foi dado á guerra un poder destrutivo incontrolábel, que atinxe a moitos civís inocentes. En verdade, «nunca a humanidade tivo tanto poder sobre si mesma e nada garante que o utilizará ben»[241]. Así que non podemos pensar na guerra como solución, porque os riscos probabelmente serán sempre superiores á hipotética utilidade que se lle atribúe. Ante esta realidade, hoxe é moi difícil soster os criterios racionais madurados noutros séculos para falar dunha posíbel "guerra xusta". Nunca máis a guerra![242]

259. É importante engadir que, co desenvolvemento da globalización, o que pode aparecer como unha solución inmediata ou práctica para unha determinada rexión, dá paso a unha cadea de factores violentos moitas veces subterráneos que termina atinxindo o planeta enteiro e abrindo camiño a novas e peores guerras futuras. No noso mundo xa non hai só "anacos" de guerra nun país ou no outro, senón que se vive unha "guerra mundial en anacos", porque os destinos dos países están fortemente conectados entre si no escenario mundial.

260. Como dicía san Xoán XXIII, «resulta case imposíbel soster que na era atómica a guerra poida ser utilizada como instrumento de xustiza»[243]. Afirmábao nun período de forte tensión internacional, e así deu voz á grande arela de paz que se esparexía nos tempos da guerra fría. Reforzou a convicción de que as razóns da paz son máis fortes ca todo cálculo de intereses particulares e ca toda confianza posta no uso das armas. Porén non se aproveitaron plenamente as ocasións ofrecidas pola fin da guerra fría, por falta dunha visión de futuro e dunha conciencia compartida sobre o noso destino común. Por contra, deuse lugar á procura de intereses particulares sen encargarse do ben común universal. Así abriu de novo o seu camiño o enganoso fantasma da guerra.

261. Toda guerra deixa o mundo peor de como o encontrou. A guerra é un fracaso da política e da humanidade, unha rendición vergoñosa, unha derrota fronte ás forzas do mal. Non nos deteñamos en discusións teóricas, tomemos contacto coas feridas, toquemos a carne de quen sofre os danos. Viremos a ollada a tantos civís masacrados como "danos colaterais". Preguntemos ás vítimas. Prestemos atención aos refuxiados, aos que sufriron as radiacións atómicas ou os ataques químicos, ás mulleres que perderon os fillos, aos nenos mutilados ou privados da súa infancia. Consideremos a verdade desas vítimas da violencia, ollemos a realidade cos seus ollos e escoitemos os seus relatos co corazón aberto. Así poderemos recoñecer o abismo do mal no corazón da guerra e non nos perturbará o feito de que nos traten como inxenuos por escollermos a paz.

262. Nin sequera as normas serán suficientes, se se pensa que a solución aos problemas actuais consiste en disuadir os outros mediante o medo, ameazándoos co uso das armas nucleares, químicas ou biolóxicas. En efecto, «se se toman en consideración as principais ameazas á paz e á seguridade coas súas múltiplas dimensións neste mundo multipolar do século XXI, como, por exemplo, o terrorismo, os conflitos asimétricos, a seguridade informática, as problemáticas ambientais, a pobreza, non poucas dúbidas emerxen sobre a inadecuación da disuasión nuclear para responder eficazmente a tales retos.

Semellantes preocupacións toman aínda máis consistencia se consideramos as catastróficas consecuencias humanitarias e ambientais que derivan de calquera uso das bombas nucleares con devastadores efectos indiscriminados e incontrolábeis no tempo e no espazo. [...] Debemos tamén preguntar canto ten de sostíbel un equilibrio baseado no medo, cando de feito tende a aumentar o medo e a minar as relacións de confianza entre os pobos. A paz e a estabilidade internacionais non poden estar fundamentadas nun falso senso de seguridade, na ameaza dunha destrución mutua ou de aniquilación total, no simple mantemento dun equilibrio de poder. [...] Neste contexto, o obxectivo final da eliminación total das armas nucleares convértese tanto nun desafío coma nun imperativo moral e humanitario. [...] A crecente interdependencia e a globalización significan que calquera resposta que deamos á ameaza das armas nucleares, deba ser colectiva e concertada, baseada na confianza mutua. Esta última pódese construír só a través dun diálogo que estea sinceramente orientado ao ben común e non á protección de intereses encubertos ou particulares»[244]. E co diñeiro que se emprega en armas e noutros gastos militares, constituamos un Fondo mundial[245] para eliminar por fin a fame e para o desenvolvemento dos países máis pobres, de tal modo que os seus habitantes non recorran a solucións violentas ou enganosas nin sexan constrinxidos a abandonar os seus países para buscaren unha vida máis digna.

*A pena de morte*

263. Hai outro xeito de eliminar o outro, non destinado a países senón a persoas. É a pena de morte. San Xoán Paulo II declarou de maneira clara e firme que esta é inadecuada no plano moral e xa non é necesaria no plano penal[246]. Non é posíbel pensar en dar un paso atrás verbo desta postura. Hoxe afirmamos con claridade que «a pena de morte é inadmisíbel»[247] e a Igrexa comprométese con determinación a propoñer que sexa abolida en todo o mundo[248].

264. No Novo Testamento, namentres se pide aos individuos non faceren xustiza por si mesmos (cf. Rm 12,17.19), recoñécese a necesidade de que as autoridades impoñan penas aos que fan o mal (cf. Rm 13,4; 1 P 2,14). En efecto, «a vida en común, estruturada ao redor de comunidades organizadas, necesita regras de convivencia cuxa libre violación require unha resposta axeitada»[249]. Isto comporta que a autoridade pública lexítima poida e deba «cominar penas proporcionadas á gravidade dos delitos»[250] e que se garanta ao poder xudicial «a independencia necesaria no ámbito da lei»[251].

265. Desde os primeiros séculos da Igrexa, algúns amosáronse claramente contrarios á pena capital. Por exemplo, Lactancio sostiña que «non se ha de facer ningunha distinción: sempre será un crime matar un home».[252] O Papa Nicolás I exhortaba: «Esforzádevos en librar da pena de morte non só cada un dos inocentes, senón tamén todos os culpábeis»[253]. Co gallo do xuízo contra uns homicidas que asasinaran sacerdotes, santo Agostiño pediu ao xuíz non quitar a vida aos asasinos, e xustificábao deste xeito: «Non é que queiramos con isto impedir que se quite a individuos criminais a liberdade de cometer delitos, desexamos porén que para tal fin abonde con que, deixándoos vivos e sen os mutilar en ningunha parte do corpo, aplicando as leis represivas sexan apartados da súa insá perturbación para seren reconducidos a unha vida sa e tranquila, ou que, subtraídos ás súas obras más, sexan ocupados nalgún traballo útil. Tamén esta é unha condena, e porén quen non entendería que se trata máis dun beneficio ca dun suplicio, xa que non se deixou campo libre á audacia da crueldade nin se subtrae a medicina do arrepentimento? [...] Indígnate contra a iniquidade sen por iso esqueceres a humanidade; non desafogues a voluptuosidade da vinganza contra as atrocidades dos pecadores, dirixe por contra a vontade a lles curares as feridas»[254].

266. Os medos e os rancores facilmente levan a entender as penas dun xeito vingativo, cando non cruel, en vez de as entender como parte dun proceso de curación e de reinserción social. Hoxe, «tanto por algúns sectores da política como por parte dalgúns medios de comunicación, incítase por veces á violencia e á vinganza, pública e privada, non só contra os que son responsábeis de cometer delitos, senón tamén contra aqueles nos que recae a sospeita, fundada ou non, de infrinxiren a lei. [...] Existe a tendencia a construír deliberadamente inimigos: figuras estereotipadas, que concentran en si mesmas todas as características que a sociedade percibe ou interpreta como ameazantes. Os mecanismos de formación destas imaxes son os mesmos que, no seu momento, permitiron a expansión das ideas racistas»[255]. Isto converteu en particularmente perigoso o costume, cada vez máis presente nalgúns

países, de recorrer a encarceramentos preventivos, a reclusións sen xuízo e especialmente á pena de morte.

267. Desexo subliñar que «é imposíbel imaxinar que hoxe os Estados non poidan dispoñer doutro medio que non sexa a pena capital para defender do agresor inxusto a vida doutras persoas ». Particular gravidade revisten as chamadas execucións extraxudiciais ou extra-legais, que «son homicidios deliberados cometidos por algúns Estados e polos seus axentes, a miúdo feitos pasar como enfrontamentos con delincuentes ou presentados como consecuencias non desexadas do uso razoábel, necesario e proporcionado da forza para facer aplicar a lei»[256].

268. «Os argumentos contra a pena de morte son moitos e ben coñecidos. A Igrexa subliñou oportunamente algúns deles, como a posibilidade da existencia do erro xudicial, e o uso que desa pena fan os réximes totalitarios e ditatoriais, que a utilizan como instrumento de supresión da disidencia política ou de persecución das minorías relixiosas e culturais, todas vítimas que para as súas respectivas lexislacións son “delincuentes”. Todos os cristiáns e os homes de boa vontade están, pois logo, chamados hoxe a loitar non só pola abolición da pena de morte, sexa legal ou ilegal, e en todas as súas formas, senón tamén co fin de mellorar as condicións carcerarias, no respecto da dignidade humana das persoas privadas de liberdade. E isto conéctoo eu coa cadea perpetua. [...] A cadea perpetua é unha pena de morte oculta»[257].

269. Lembremos que «nin sequera o homicida perde a súa dignidade persoal e Deus mesmo faise o seu garante»[258]. O firme rexeitamento da pena de morte amosa ata que punto é posíbel recoñecer a inalienábel dignidade de todo ser humano e admitir que teña un posto de seu neste mundo. Porque, se non llo nego ao peor dos criminais, non llo negarei a ninguén, darei a todos a posibilidade de compartir comigo este planeta, malia o que poida separarnos.
.
270. Os cristiáns que dubidan e séntense tentados a ceder a calquera forma de violencia, invítoos a lembrar o anuncio do libro de Isaías: «Das espadas forxarán arados» (2,4). Para nós esa profecía toma carne en Xesús Cristo, que perante un discípulo excitado pola violencia dixo con firmeza: «Devolve a túa espada ao seu sitio, pois todos os que collen a espada, de espada perecerán» (Mt 26,52). Era un eco daquela antiga amoestación: «Ao home pedirei conta da vida de seu irmán. Se un verte o sangue humano, outro home verterá o seu sangue» (Xén 9,5-6). Esta reacción de Xesús, que saíu espontánea do seu corazón, supera a distancia dos séculos e chega deica hoxe como unha constante chamada.

## Capítulo oitavo

## AS RELIXIÓNS AO SERVIZO DA FRATERNIDADE NO MUNDO

271. As distintas relixións, a partir do recoñecemento do valor de toda persoa humana como criatura chamada a ser fillo ou filla de Deus, ofrecen unha preciosa contribución á construción da fraternidade e á defensa da xustiza na sociedade. O diálogo entre persoas de distintas relixións non se fai soamente por diplomacia, cortesía ou tolerancia. Como ensinaron os Bispos da India, «o obxectivo do diálogo é estabelecer amizade, paz, harmonía e compartir valores e experiencias morais e espirituais nun espírito de verdade e amor»[259].

### O fundamento último

272. Como crentes pensamos que, sen unha apertura ao Pai de todos, non pode haber razóns sólidas e estábeis para o chamamento á fraternidade. Estamos convencidos de que «só con esta conciencia de fillos que non están orfos, pódese vivir en paz entre nós»[260]. Porque «a razón, ela soa, é quen de comprender a igualdade entre os homes e de estabelecer unha convivencia cívica entre eles, e porén non consegue fundamentar a fraternidade»[261].

273. Nesta perspectiva, desexo recordar un texto memorábel: «Se non existe unha verdade transcendente á cal obedecendo adquire o home a súa plena identidade, daquela non existe ningún principio seguro que garanta relacións xustas entre os homes. Os seus intereses de clase, grupo ou nación opóñenos

inevitabelmente uns a outros. Se non se recoñece a verdade transcendente, daquela triunfa a forza do poder, e cada un tenta de utilizar ata o extremo os medios de que dispón para impoñer o propio interese ou a propia opinión, sen miramento aos dereitos do outro. [...] A raíz do totalitarismo moderno, pois logo, radica na negación da dignidade transcendente da persoa humana, imaxe visíbel do Deus invisíbel e, xusto por isto, pola súa mesma natureza, suxeito de dereitos que ninguén pode violar: nin o individuo, nin o grupo, nin a clase, nin a nación ou o Estado. Non pode facelo sequera a maioría dun corpo social, poñéndose contra a minoría»[262].

274. A partir da nosa experiencia de fe e da sabedoría que se foi acumulando no curso dos séculos, aprendendo tamén de moitas das nosas debilidades e caídas, como crentes das distintas relixións sabemos que facer presente a Deus é un ben para as nosas sociedades. Buscar a Deus con corazón sincero, mentres non o embacemos cos nosos intereses ideolóxicos ou instrumentais, axúdanos a nos recoñecermos compañeiros de camiño, verdadeiramente irmáns. Cremos que «cando, no nome dunha ideoloxía, quérese botar a Deus fóra da sociedade, acábase adorando ídolos e moi axiña o home pérdese, a súa dignidade é pisada, os seus dereitos violados. Vós sabedes ben a que brutalidades pode conducir a privación da liberdade de conciencia e da liberdade relixiosa, e como de tal mágoa se xera unha humanidade radicalmente empobrecida, por carecer de esperanza e de referencias ideais»[263].

275. Hase recoñecer que «entre as causas máis importantes da crise do mundo moderno están unha conciencia humana anestesiada e un afastamento dos valores relixiosos, así como o predominio do individualismo e das filosofías materialistas que divinizan o home e poñen os valores mundanos e materiais no posto dos principios supremos e transcendentes»[264]. Non é aceptábel que no debate público soamente teñan voz os poderosos e mais os científicos. Debe haber un espazo para a reflexión que procede dun plano de fondo relixioso que recolle séculos de experiencia e de sabedoría. «Os textos relixiosos clásicos poden ofrecer un significado destinado a todas as épocas, posúen unha forza motivadora» e, porén, de feito «son desprezados pola estreiteza de visión dos racionalismos»[265].

276. Por estas razóns, aínda que a Igrexa respecta a autonomía da política, non relega a propia misión ao ámbito do privado. Ao contrario, non «pode nin debe quedar á marxe» na construción dun mundo mellor, nin deixar de «espertar as forzas espirituais»[266] que poidan fecundar toda a vida social. É verdade que os ministros relixiosos non deben facer política partidaria, propia dos laicos; porén, nin sequera aqueles poden renunciar á dimensión política da existencia[267], que implica unha constante atención ao ben común e a preocupación polo desenvolvemento humano integral. A Igrexa «ten un rol público que non se esgota nas súas actividades de asistencia e educación», senón que se esforza pola «promoción do home e da fraternidade universal»[268]. Non aspira a competir por poderes terreos, senón a se ofrecer como «unha familia entre as familias –isto é a Igrexa–, aberta [...] a testemuñar ao mundo actual a fe, a esperanza e o amor ao Señor e mais a aqueles que El ama con predilección. Unha casa coas portas abertas. A Igrexa é unha casa coas portas abertas, porque é nai»[269]. E, coma María, a Nai de Xesús, «queremos ser unha Igrexa que serve, que sae da casa, que sae dos seus templos, das súas sancristías, para acompañar a vida, termar da esperanza, ser signo de unidade [...] para botar pontes, derrubar muros, sementar reconciliación»[270].

*A identidade cristiá*

277. A Igrexa preza a acción de Deus nas outras relixións, e «nada rexeita do que nestas relixións é verdadeiro e santo. Considera con sincero respecto eses modos de obrar e de vivir, eses preceptos e esas doutrinas que [...] non raramente reflicten un raio desa verdade que ilumina todos os homes»[271]. Porén como cristiáns non podemos esconder que «se a música do Evanxeo deixa de vibrar nas nosas vísceras, teremos perdido a alegría que mana da compaixón, a tenrura que nace da confianza, a capacidade de reconciliación que acha a súa fonte no sabérmonos sempre perdoados-enviados. Se a música do Evanxeo deixa de soar nas nosas casas, nas nosas prazas, nos lugares de traballo, na política e na economía, teremos apagado a melodía que nos encirraba a loitar pola dignidade de todo home e muller»[272]. Outros beben noutras fontes. Para nós, este manancial de dignidade humana e de fraternidade está no Evanxeo de Xesús Cristo. Del mana «para o pensamento cristián e para a acción da Igrexa a primacía dada á relación, ao encontro co misterio sagrado do outro, á comuñón universal coa humanidade enteira como vocación de todos»[273].

278. Chamada a se encarnar en toda situación e presente a través dos séculos en todo lugar da terra −isto significa "católica"−, a Igrexa pode comprender, desde a propia experiencia de graza e de pecado, a beleza da invitación ao amor universal. En efecto, «todo o que é humano atínxenos. [...] Alá onde os foros dos pobos se reúnen para estableceren os dereitos e os deberes do home, sentímonos honrados, cando nolo consenten, de sentarmos entre eles»[274]. Para moitos cristiáns, este camiño de fraternidade ten tamén unha Nai, chamada María. Ela recibiu ao pé da Cruz esta maternidade universal (cf. Xn 19,26) e a súa atención está posta non só en Xesús senón tamén «no resto da súa descendencia» (Ap 12,17). Co poder do Resucitado, quere parir un mundo novo, onde todos sexamos irmáns, onde haxa lugar para cada descartado das nosas sociedades, onde resplandezan a xustiza e mais a paz.

279. Como cristiáns pedimos que, nos países onde somos minoría, se nos garanta a liberdade, así como nós a favorecemos para os que non son cristiáns aló onde son minoría. Hai un dereito humano fundamental que non ha ser esquecido no camiño da fraternidade e da paz; é a liberdade relixiosa para os crentes de todas as relixións. Esa liberdade manifesta que podemos «encontrar un bo acordo entre culturas e relixións diferentes; testemuña que as cousas que temos en común son tantas e tan importantes que é posíbel descubrir un vieiro de convivencia serena, ordenada e pacífica, coa acollida das diferenzas e coa alegría de ser irmáns por sermos fillos dun único Deus»[275].

